

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

*DECRETO 176/2018, do 25 de outubro, polo que se establece o currículo dos ciclos de grao superior correspondentes ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é de competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, configura no seu artigo 3 as ensinanzas deportivas como ensinanzas de carácter especial e regúlalas nos artigos 63 a 65. Segundo o artigo 63.4 da LOE, o currículo das ensinanzas deportivas axustarase ás exixencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional e ao establecido no número 3 do artigo 6 bis da lei orgánica. E, de conformidade co artigo 64.5, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de ensinanzas deportivas, os aspectos básicos do currículo de cada unha delas e os requisitos mínimos dos centros en que se poderán impartir as ensinanzas respectivas.

Desenvolvendo as previsións da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en materia de ensinanzas deportivas, aprobouse o Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, cuxo artigo 5 define a organización básica das ensinanzas deportivas, tomando como base as modalidades deportivas e, de ser o caso, as súas especialidades, de conformidade co recoñecemento outorgado polo Consello Superior de Deportes de acordo co artigo 8 b) da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte. E o artigo 16.3 do citado real decreto dispón como as administracións competentes establecerán o currículo das modalidades e, de ser o caso, as especialidades deportivas, de acordo co previsto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta a realidade do sistema deportivo no territorio da súa



competencia coa finalidade de que as ensinanzas deportivas respondan ás súas necesidades de cualificación.

Neste sentido, o Goberno da Nación aprobou o Real decreto 983/2015, do 30 de outubro, polo que se establecen os títulos de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, e se fixan o seu currículo básico e os requisitos de acceso. O capítulo III deste real decreto concretou os perfís profesionais dos ciclos de grao superior correspondentes aos títulos de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, que quedan determinados polas súas competencias xerais, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, pola relación de cualificacións e, de ser o caso, polas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título e o ámbito profesional, laboral e deportivo.

Logo de que o Goberno fixase no Real decreto 983/2015, do 30 de outubro, polo que se establecen os títulos de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, as súas ensinanzas mínimas e os requisitos de acceso, e aqueles outros aspectos da ordenación académica que constitúen os aspectos básicos do currículo, procede determinar, no ámbito de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a ampliación e contextualización dos contidos dos módulos de ensino deportivo incluídos nos ciclos de graos superiores, respectando os seus perfís profesionais.

Por outra banda, os centros de ensinanzas deportivas desenvolverán os currículos establecidos neste decreto co obxecto de adaptar a programación e a metodoloxía do currículo ás características do alumnado e ás posibilidades formativas do seu contorno, empregando, de ser o caso, as medidas flexibilizadoras que, no marco da normativa vixente, posibiliten adecuacións particulares do currículo en cada centro de acordo cos recursos dispoñibles, sen que en ningún caso supoña a supresión de obxectivos que afecten o perfil profesional do ciclo.

As ensinanzas que regula este decreto configúranse para dotar o alumnado dos coñecementos suficientes para permitirlle o exercicio competente das funcións do seu perfil profesional. De acordo con este obxectivo xenérico, ponse o acento en conseguir unha formación completa, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico, de maneira que o proceso de formación se vincule á realidade científico-técnica e social do piragüismo.



Finalmente, e de conformidade con todo o exposto anteriormente, cómpre destacar que, coa aprobación deste decreto, se dá cumprimento aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que constitúen os principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, tras o ditame do Consello Escolar de Galicia, e de acordo co Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e cinco de outubro de dous mil dezaioito,

DISPOÑO:

#### CAPÍTULO I

##### **Obxecto**

##### Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto establecer o currículo dos ciclos de grao superior correspondentes ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, que será de aplicación na Comunidade Autónoma galega.

#### CAPÍTULO II

##### **Identificación dos títulos e organización das ensinanzas**

Artigo 2. *Identificación do título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas*

1. O título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas queda identificado polos seguintes elementos:

a) Denominación: Piragüismo de Augas Bravas.

b) Nivel: nivel 1. Técnico superior do Marco español de cualificacións para a educación superior-ensinanzas deportivas de grao superior.

c) Duración: 755 horas.



d) Referente internacional: CINE-5b (Clasificación internacional normalizada de educación).

e) A denominación augas bravas fai referencia á especialidade de sláalom recoñecida polo Consello Superior de Deportes.

2. O título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas queda identificado polos seguintes elementos:

a) Denominación: Piragüismo de Augas Tranquilas.

b) Nivel: nivel 1. Técnico superior do Marco español de cualificacións para a educación superior-ensinanzas deportivas de grao superior.

c) Duración: 755 horas.

d) Referente internacional: CINE-5b (Clasificación internacional normalizada de educación).

e) A denominación augas tranquilas fai referencia á especialidade de augas tranquilas, ascensos, descensos e travesías, e maratón, recoñecidas polo Consello Superior de Deportes.

*Artigo 3. Organización das ensinanzas conducentes aos títulos de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas*

1. As ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas organízanse no ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e teñen unha duración de 755 horas.

2. As ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas organízanse no ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas e teñen unha duración de 755 horas.



Artigo 4. *Especializacións do título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e en Piragüismo de Augas Tranquilas*

1. O título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas terá como especializacións:

- a) Piragüismo adaptado de augas bravas.
- b) Estilo libre.
- c) Balsismo (*rafting*).

2. O título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas terá como especializacións:

- a) Piragüismo adaptado de augas tranquilas.
- b) Maratón.
- c) *Surf ski*.
- d) Barco dragón (*dragon boat*).

### CAPÍTULO III

#### **Perfil profesional e ámbito profesional, persoal e laboral deportivo dos ciclos**

Artigo 5. *Perfil profesional do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas*

O perfil profesional do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título e o ámbito profesional, laboral e deportivo.

Artigo 6. *Competencia xeral do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas*

A competencia xeral do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas consiste en programar e dirixir o adestramento deportivo orientado á obtención e mantemento do rendemento deportivo en sláloem; organizar, tutelar e dirixir a participación de persoas de-



portistas e equipos en competicións de alto nivel; coordinar a intervención do persoal técnico especialista; programar as tarefas e coordinar o persoal técnico ao seu cargo; planificar e xestionar a distribución de recursos humanos e materiais dentro dunha programación a curto e longo prazo; dinamizar as relacións entre persoas deportistas, persoal técnico e entre eles; organizar competicións e eventos propios da iniciación e tecnificación deportiva; e todo iso de acordo cos obxectivos establecidos, o nivel óptimo de calidade e en condicións de seguridade.

*Artigo 7. Competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas*

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas son as que se relacionan a continuación:

a) Analizar e valorar as condicións de adestramento dispoñibles, as características da competición e o contorno da persoa deportista para a planificación do adestramento de cara ao alto rendemento.

b) Analizar e valorar o ámbito académico e/ou profesional da persoa deportista para adecuar e orientar a súa planificación vital ás exigencias do alto nivel.

c) Analizar e valorar os factores de rendemento (funcionais, técnicos, tácticos e psicolóxicos) propios das modalidades de sláalom de augas bravas para a planificación do adestramento.

d) Programar a medio e longo prazo o adestramento, os obxectivos e os medios necesarios a partir das valoracións e análises realizadas sobre a persoa deportista e nas condicións iniciais do contorno deportivo.

e) Programar a curto prazo o adestramento, os obxectivos e os medios necesarios, e concretar as sesións, adecuándoas ao grupo e ao padexeiro ou á padexeira e ás condicións existentes de acordo coa programación xeral.

f) Determinar, valorar e xestionar os recursos necesarios para o desenvolvemento dun programa de traballo individual ou de grupo, adaptándose ás posibilidades económicas e recursos humanos dispoñibles.



g) Dirixir a sesión de adestramento e as súas adaptacións na etapa de alto rendemento, para conseguir a implicación e o rendemento conforme os obxectivos propostos, e dentro das normas ambientais e as marxes de seguridade requiridas.

h) Elixir, adaptar, optimizar e transportar os medios necesarios para a práctica do slá-lom e o descenso en augas bravas garantindo a súa adecuación ás exixencias do alto rendemento, a súa dispoñibilidade, respectando a normativa ambiental e os protocolos de seguridade establecidos.

i) Controlar a seguridade na práctica do slá-lom e o descenso, supervisando as instalacións, os espazos e os medios que se van utilizar en adestramentos, competicións e eventos, intervindo como responsable na organización e concretando as medidas de seguridade deles.

j) Seleccionar, acompañar e dirixir a persoa deportista e os equipos en competicións de alto rendemento, realizando as orientacións, tomando as decisións máis adecuadas para o desenvolvemento da competición e conforme os obxectivos previstos, todo iso dentro dos valores éticos vinculados ao xogo limpo e o respecto aos demais e ao propio corpo.

k) Organizar o desprazamento e xestionar a participación dun equipo nunha competición internacional utilizando a lingua inglesa, e conforme a planificación deportiva e económica.

l) Determinar as necesidades de intervención e a conseguinte formación de equipos de traballo de carácter multidisciplinar, e coordinar as súas accións dentro da programación.

m) Dirixir e coordinar recursos humanos, participar na formación do persoal técnico deportivo e organizar os recursos materiais, nunha escola de piragüismo de augas bravas, establecendo as programacións de referencia.

n) Organizar e xestionar competicións e eventos deportivos propios da tecnificación deportiva e colaborar na organización de eventos propios da alta competición.

ñ) Avaliar o proceso de preparación e os resultados obtidos, programando a recollida de información e realizando a súa análise para conseguir o axuste e a mellora permanente do adestramento dirixido ao alto rendemento deportivo.

o) Colaborar no deseño dos campos de slá-lom, deseñar percorridos e trazados adecuados ao adestramento e a competición en slá-lom de alto rendemento, cos medios necesarios e respectando os protocolos de seguridade e a normativa ambiental.



p) Transmitir, a través do comportamento ético persoal, valores vinculados co xogo limpo, o respecto aos demais e o respecto e o coidado do propio corpo.

*Artigo 8. Ámbito profesional, laboral e deportivo do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas*

1. Este/a profesional desenvolve a súa actividade profesional tanto no ámbito público, xa sexa a Administración xeral do Estado, as administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, xa sexan grandes, medianas ou pequenas empresas, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais, federacións, centros de tecnificación, centros de alto rendemento e clubs deportivos e sociais, centros educativos, empresas de servizos deportivos, que ofrezan actividades deportivo-recreativas de alto rendemento en piragüismo.

2. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes/as profesionais son as seguintes:

- a) Adestrador ou adestradora de piragüismo de augas bravas de alto nivel.
- b) Director ou directora técnico/a.
- c) Director ou directora de escolas deportivas.

3. O desenvolvemento destas ocupacións e postos de traballo no ámbito público realizarase de acordo cos principios e requisitos de acceso ao emprego público previstos na normativa vixente.

*Artigo 9. Perfil profesional do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas*

O perfil profesional do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título e ámbito profesional, laboral e deportivo.





Artigo 10. *Competencia xeral do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas.*

A competencia xeral do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas consiste en programar e dirixir o adestramento deportivo orientado cara á obtención e mantemento do rendemento deportivo en augas tranquilas; organizar, tutelar e dirixir a participación das persoas deportistas e equipos en competicións de alto nivel; coordinar a intervención do persoal técnico especialista; programar as tarefas e coordinar o persoal técnico ao seu cargo; planificar e xestionar a distribución de recursos humanos e materiais dentro dunha programación a curto e longo prazo; dinamizar as relacións entre as persoas deportistas, persoal técnico e entre eles; organizar competicións e eventos propios da tecnificación deportiva; e todo iso de acordo cos obxectivos establecidos, o nivel óptimo de calidade e en condicións de seguridade.

Artigo 11. *Competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas*

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas son as que se relacionan a continuación:

a) Analizar as condicións de adestramento dispoñibles, as características da competición e o ámbito da persoa deportista para a planificación do adestramento cara ao alto rendemento.

b) Analizar e valorar o ámbito académico, profesional e social da persoa deportista para adecuar e orientar a súa planificación vital ás exixencias de alto nivel.

c) Identificar, analizar e valorar os factores de rendemento (funcionais, técnicos, tácticos e psicolóxicos) propios da especialidade de augas tranquilas para a planificación do adestramento no alto rendemento.

d) Programar a medio e longo prazo o adestramento, os obxectivos e os medios necesarios a partir das valoracións e análises realizadas sobre a persoa deportista e nas condicións iniciais do ámbito deportivo.

e) Programar a curto prazo o adestramento, os obxectivos e os medios necesarios, e concretar as sesións, adecuándoas ao grupo e ao padexeiro ou á padexeira e ás condicións existentes de acordo coa programación xeral.



f) Determinar, valorar e xestionar os recursos necesarios para o desenvolvemento dun programa de traballo individual ou de grupo, adaptándose ás posibilidades económicas e recursos humanos dispoñibles.

g) Dirixir, controlar e adaptar a sesión de adestramento na etapa de alto rendemento, para conseguir a implicación e o rendemento conforme os obxectivos propostos, e dentro das normas ambientais e as marxes de seguridade requiridas.

h) Elixir, adaptar, optimizar e transportar os medios necesarios para a práctica nas augas tranquilas, garantindo a súa adecuación ás exixencias do alto rendemento, a súa dispoñibilidade, respectando a normativa ambiental e os protocolos de seguridade establecidos.

i) Seleccionar, acompañar e dirixir as persoas deportistas e equipos en competicións de alto rendemento, realizando as orientacións, tomando as decisións máis adecuadas para o desenvolvemento da competición e conforme os obxectivos previstos, todo iso dentro dos valores éticos vinculados ao xogo limpo, o respecto aos demais e ao propio corpo.

j) Organizar os desprazamentos e xestionar a participación dun equipo nunha competición internacional utilizando a lingua inglesa e conforme a planificación deportiva e económica.

k) Determinar e dirixir a formación de equipos de traballo de carácter multidisciplinar e coordinar as súas accións dentro da programación.

l) Dirixir e coordinar recursos humanos, participar na formación do persoal técnico deportivo e organizar os recursos materiais, nunha escola de piragüismo de augas tranquilas, establecendo as programacións de referencia.

m) Organizar e xestionar competicións, concentracións e eventos deportivos propios da tecnificación deportiva e colaborar na organización de eventos propios da alta competición.

n) Avaliar o proceso de preparación e os resultados obtidos, programando a recollida de información e realizando a súa análise para conseguir o axuste e mellora permanente do adestramento dirixido ao alto rendemento deportivo.

ñ) Transmitir, a través do comportamento ético persoal, valores vinculados co xogo limpo, o respecto aos demais e o respecto e o coidado do propio corpo.



o) Manter unha identidade e un espírito de innovación e actualización que facilite a adaptación aos cambios que se produzan na especialidade de augas tranquilas e no seu ámbito organizativo.

*Artigo 12. Ámbito profesional, laboral e deportivo do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas*

1. Este/a profesional desenvolve a súa actividade profesional tanto no ámbito público, xa sexa a Administración xeral do Estado, as administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, xa sexan grandes, medianas ou pequenas empresas, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais, federacións, centros de tecnificación, centros de alto rendemento e clubs deportivos e sociais, centros educativos, empresas de servizos deportivos, que ofrezan actividades deportivo-recreativas de alto rendemento en piragüismo.

2. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes/as profesionais son as seguintes:

- a) Adestrador ou adestradora de piragüismo de augas tranquilas de alto nivel.
- b) Director ou directora técnico/a.
- c) Director ou directora de escolas deportivas.

3. O desenvolvemento destas ocupacións e postos de traballo no ámbito público realizarase de acordo cos principios e requisitos de acceso ao emprego público previstos na normativa vixente.

#### CAPÍTULO IV

**Estrutura das ensinanzas dos ciclos de grao superior de ensino deportivo conducentes aos títulos de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas**

*Artigo 13. Estrutura dos ciclos de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas*

1. Os ciclos de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas estrutúranse en módulos, agrupados nun bloque común e nun bloque específico.



2. Os módulos comúns de ensino deportivo do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas son os que a continuación se relacionan:

MED-C301 Factores fisiolóxicos do alto rendemento.

MED-C302 Factores psicosociais do alto rendemento.

MED-C303 Formación de formadores ou formadoras deportivos/as.

MED-C304 Organización e xestión aplicada ao alto rendemento.

3. Os módulos específicos de ensino deportivo do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas son os que a continuación se relacionan:

MED-PIAB301 Planificación do alto rendemento.

MED-PIAB302 Perfeccionamento técnico en sláalom.

MED-PIAB303 Preparación física en seco e en auga en sláalom de alto nivel.

MED-PIAB304 Coordinación e xestión.

MED-PIAB305 Deseño de material e innovación.

MED-PIAB306 Proxecto final.

MED-PIAB307 Formación práctica.

4. Os módulos específicos de ensino deportivo do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas son os que a continuación se relacionan:

MED-PIAT308. Planificación do alto rendemento en augas tranquilas.

MED-PIAT309. Análise da técnica de padexo en augas tranquilas.

MED-PIAT310. Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas.

MED-PIAT311. Competicións de alto nivel en augas tranquilas.



MED-PIAT312. Escola de piragüismo de augas tranquilas.

MED-PIAT313. Proxecto final.

MED-PIAT314. Formación práctica.

5. A distribución horaria das ensinanzas do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e Piragüismo de Augas Tranquilas establécense nos anexos I-B e I-D, respectivamente.

6. Os obxectivos xerais e os módulos de ensino deportivo dos ciclos de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e Piragüismo de Augas Tranquilas quedan desenvolvidos nos anexos II e III.

#### Artigo 14. *Ratio profesorado/alumnado*

1. Para impartir os módulos do bloque común e os resultados de aprendizaxe de carácter conceptual dos módulos do bloque específico dos ciclos de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e Piragüismo de Augas Tranquilas, a relación profesorado/alumnado será de 1/30.

2. Para impartir os resultados de aprendizaxe de carácter procedemental dos módulos do bloque específico dos ciclos de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e Piragüismo de Augas Tranquilas a relación profesorado/alumnado será a recollida no anexo IV.

#### Artigo 15. *Módulo de formación práctica*

Para iniciar os módulos de formación práctica do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e Piragüismo de Augas Tranquilas, será necesario ter superado con anterioridade os módulos comúns e específicos de ensino deportivo que se establecen no anexo V.

#### Artigo 16. *Espazos e equipamentos deportivos*

Os espazos e equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e Piragüismo de Augas Tranquilas son os establecidos nos anexos VI-A e VI-B, respectivamente.



**CAPÍTULO V****Acceso ao ciclo de grao superior**

*Artigo 17. Requisitos xerais de acceso aos ciclos de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e Piragüismo de Augas Tranquilas*

1. Para acceder ao ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas será necesario ter polo menos algún dos seguintes títulos: título de bacharel, título de técnico superior, título universitario, certificado acreditativo de ter superado todas as materias do bacharelato ou equivalente para os efectos de acceso. Así mesmo, será necesario estar en posesión do título de técnico deportivo en Piragüismo de Augas Bravas.

2. Para acceder ao ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas será necesario ter polo menos algún dos seguintes títulos: título de bacharel, título de técnico superior, título universitario, certificado acreditativo de ter superado todas as materias do bacharelato ou equivalente para os efectos de acceso. Así mesmo, será necesario estar en posesión do título de técnico deportivo en Piragüismo de Augas Tranquilas.

*Artigo 18. Requisitos de acceso ao ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas e Piragüismo de Augas Bravas para persoas sen o título de bacharel*

Poderase acceder ás ensinanzas dos ciclos de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas e Piragüismo de Augas Bravas sen os títulos que se fan constar no artigo 17.1 e 17.2 sempre que a persoa espirante posúa o título de técnico deportivo correspondente e, ademais, cumpra as condicións de idade e supere a proba correspondente conforme o artigo 31.1.b) do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordeñación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

**CAPÍTULO VI****Profesorado**

*Artigo 19. Requisitos de titulación do profesorado en centros públicos*

Os requisitos de titulación do profesorado en centros públicos determinaranse en función do bloque de ensino deportivo en que impartan a docencia:

1. A docencia en centros públicos dos módulos do bloque común que constitúen as ensinanzas deportivas do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e Piragüismo



de Augas Tranquilas corresponde ao profesorado dos corpos de catedráticos ou catedráticas e profesorado de ensino secundario, segundo o establecido no anexo VII.

2. A docencia en centros públicos dos módulos do bloque específico que constitúen as ensinanzas deportivas do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e Piragüismo de Augas Tranquilas está especificada no anexo VIII-A e corresponde a:

a) Profesorado especialista que posúa o título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas, técnico deportivo en Piragüismo de Augas Tranquilas ou aquelas persoas non tituladas que acrediten a experiencia no ámbito laboral e deportivo ou a experiencia docente, detallada no anexo VIII-B.

b) Profesorado dos corpos de catedráticos ou catedráticas e profesorado de ensino secundario coa especialidade en Educación Física, e que posúan o título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas ou Piragüismo de Augas Tranquilas.

3. A consellería competente en materia de educación poderalles autorizar a docencia dos módulos do bloque específico atribuídos a profesorado especialista ás persoas integrantes dos corpos de catedráticos ou catedráticas e profesorado de ensino secundario coa especialidade de Educación Física, cando carezan do título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas ou de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, sempre que posúan a formación deseñada para o efecto ou recoñecida pola dita consellería, ou a experiencia laboral ou deportiva ou a experiencia docente, detallada no anexo VIII-B.

*Artigo 20. Requisitos de titulación do profesorado en centros de titularidade privada ou de titularidade pública de administracións distintas á consellería competente en materia de educación*

As titulacións requiridas para impartir os módulos, tanto do bloque común como do bloque específico, que forman os ciclos de ensino deportivo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, para o profesorado dos centros de titularidade privada ou de titularidade pública de administracións distintas á consellería competente en materia de educación, concrétnanse no anexo IX.



## CAPÍTULO VII

**Vinculación a outros estudos***Artigo 21. Acceso a outros estudos*

1. Os títulos de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas ou de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas permiten o acceso directo ás ensinanzas universitarias oficiais de grao nas condicións de admisión que se establezan.

2. O número de créditos ECTS atribuído a cada un dos módulos de ensino deportivo destes ciclos establécese no anexo I-A e I-C.

*Artigo 22. Validación das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas*

1. En materia de validacións observarase o disposto no artigo 23.1 do Real decreto 983/2015, do 30 de outubro, polo que se establecen os títulos de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, e se fixan o seu currículo básico e os requisitos de acceso.

2. Serán obxecto de validación os módulos comúns e específicos de ensino deportivo coa mesma denominación e código.

3. A superación da totalidade dos módulos do bloque común do grao superior en calquera das modalidades ou especialidades deportivas dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, validarase pola totalidade dos módulos do bloque común do ciclo de ensino deportivo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas ou de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas. A superación da totalidade dos módulos do bloque común do ciclo de ensino deportivo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas ou de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas validarase pola totalidade dos módulos do bloque común, do terceiro nivel, dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.





**Artigo 23. Exención do módulo de formación práctica**

Poderá ser obxecto de exención total ou parcial o módulo de formación práctica do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, en función da súa correspondencia coa experiencia no ámbito deportivo ou laboral, detallada no anexo X.

**Artigo 24. Correspondencia formativa dos módulos de ensino deportivo coa experiencia docente**

1. A correspondencia formativa entre os módulos de ensino deportivo do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas e a experiencia docente acreditable das formacións anteriores de adestradores ou adestradoras deportivos/as a que se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, e as formacións de adestradores ou adestradoras a que se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, establécese no anexo XI.

2. A correspondencia formativa será aplicada polos centros, seguindo o procedemento establecido pola consellería competente en materia de educación.

*Disposición adicional primeira. Oferta a distancia dos módulos de ensino deportivo dos títulos de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas*

Os módulos de ensino deportivo que se establecen no anexo XII poderanse ofertar a distancia sempre que se garanta que o alumnado pode conseguir os resultados de aprendizaxe daqueles, de acordo co disposto no decreto. Para iso, a consellería competente en materia de educación, no ámbito das súas competencias, adoptará as medidas que considere necesarias e ditará as instrucións precisas.

*Disposición adicional segunda. Medidas de apoio ao profesorado*

A consellería competente en materia de educación preverá medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación do currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas.



**Disposición adicional terceira. *Mobilidade do alumnado***

De acordo coa previsión contida no artigo 35.3 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, a ordenación académica dos ciclos das ensinanzas deportivas posibilitará a opción de matriculación en réxime presencial ou a distancia do alumnado que superase algún módulo deportivo noutra comunidade autónoma e non esgotase o número de convocatorias establecido, para o que poderá realizar matrícula parcial nos módulos que teña pendentes.

**Disposición adicional cuarta. *Regulación do exercicio da profesión***

De conformidade co establecido no Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, os elementos recollidos no decreto non constitúen unha regulación do exercicio de profesión titulada ningunha.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa***

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

**Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo***

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de educación, no relativo á organización e materias propias do seu departamento, para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do decreto.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor***

Este decreto entrará en vigor aos vinte (20) días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de outubro de dous mil dezaioito

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional



**ANEXO I-A**
**Equivalencia en créditos ECTS no ciclo de grao superior  
en Piragüismo de Augas Bravas**

Bloque común	Equivalencia en créditos ECTS
MED-C301 Factores fisiolóxicos do alto rendemento	5
MED-C302 Factores psicosociais do alto rendemento	3
MED-C303 Formación de formadores e formadoras deportivos/as	4
MED-C304 Organización e xestión aplicada ao alto rendemento	4
<b>Total</b>	<b>16 créditos ECTS</b>
Bloque específico	Equivalencia en créditos ECTS
MED-PIAB301 Planificación do alto rendemento	6
MED-PIAB302 Perfeccionamento técnico en slalom	8
MED-PIAB303 Preparación física en seco e en auga en slalom de alto nivel	5
MED-PIAB304 Coordinación e xestión	3
MED-PIAB305 Deseño de material e innovación	3
MED-PIAB306 Proxecto final	6
MED-PIAB307 Formación práctica	16
<b>Total</b>	<b>47 créditos ECTS</b>
<b>Total do ciclo superior</b>	<b>63 créditos ECTS</b>

**ANEXO I-B**
**Distribución horaria no ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas**

Bloque común	Carga horaria
MED-C301. Factores fisiolóxicos do alto rendemento	60 h
MED-C302. Factores psicosociais do alto rendemento	45 h
MED-C303. Formación de formadores e formadoras deportivos/as	55 h
MED-C304. Organización e xestión aplicada ao alto rendemento	40 h
<b>Total módulos bloque común</b>	<b>200 h</b>



Bloque específico	Carga horaria
MED-PIAB301 Planificación do alto rendemento	60 h
MED-PIAB302 Perfeccionamento técnico en sláalom	90 h
MED-PIAB303 Preparación física en seco e en auga en sláalom de alto nivel	50 h
MED-PIAB304 Coordinación e xestión	40 h
MED-PIAB305 Deseño de material e innovación	40 h
MED-PIAB306 Proxecto final	75 h
MED-PIAB307 Formación práctica	200 h
Total módulos do bloque específico	555 h
Total do ciclo superior	755 h

**ANEXO I-C**
**Equivalencia en créditos ECTS no ciclo de grao superior  
en Piragüismo de Augas Tranquilas**

Bloque común	Equivalencia en créditos ECTS
MED-C301 Factores fisiolóxicos do alto rendemento	5
MED-C302 Factores psicosociais do alto rendemento	3
MED-C303 Formación de formadores e formadoras deportivos/as	4
MED-C304 Organización e xestión aplicada ao alto rendemento	4
Total	16 créditos ECTS
Bloque específico	Equivalencia en créditos ECTS
MED-PIAT308 Planificación do alto rendemento en augas tranquilas	6
MED-PIAT309 Análise da técnica de padexo en augas tranquilas	6
MED-PIAT310 Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas	7
MED-PIAT311 Competicións de alto nivel en augas tranquilas	3
MED-PIAT312 Escola de piragüismo de augas tranquilas	3
MED-PIAT313 Proxecto final	6
MED-PIAT314 Formación práctica	16
Total	47 créditos ECTS
Total do ciclo superior	63 créditos ECTS



**ANEXO I-D****Distribución horaria no ciclo de grao superior  
en Piragüismo de Augas Tranquilas**

Bloque común	
MED-C301. Factores fisiolóxicos do alto rendemento	60 h
MED-C302. Factores psicosociais do alto rendemento	45 h
MED-C303. Formación de formadores/as deportivos/as	55 h
MED-C304. Organización e xestión aplicada ao alto rendemento	40 h
Total módulos do bloque común	200 h
Bloque específico	
MED-PIAT308 Planificación do alto rendemento en augas tranquilas	60 h
MED-PIAT309 Análise da técnica de padexo en augas tranquilas	70 h
MED-PIAT310 Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas	70 h
MED-PIAT311 Competicións de alto nivel en augas tranquilas	40 h
MED-PIAT312 Escola de piragüismo de augas tranquilas	40 h
MED-PIAT313 Proxecto final	75 h
MED-PIAT314 Formación práctica	200 h
Total módulos do bloque específico	555 h
Total do ciclo superior	755 h

**ANEXO II****Obxectivos xerais e módulos de ensino deportivo do ciclo  
de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas**

Obxectivos xerais:

a) Seleccionar e xustificar os procedementos de valoración do contorno da persoa deportista, dos medios materiais e instalacións dispoñibles e dos regulamentos, identificando as súas características e aplicando os procedementos, para analizar as condicións do alto rendemento.

b) Analizar e describir os sistemas educativos e as opcións profesionais, relacionándoos coas necesidades e a organización propia do alto nivel, enumerando as diferentes posibilidades e os diversos requisitos.



c) Seleccionar e xustificar os procedementos de análise dos factores de rendemento e os criterios de selección das persoas deportistas, identificando as súas características e aplicando os procedementos establecidos para valorar os factores de rendemento propios das modalidades de sláalom en augas bravas.

d) Describir, seleccionar e demostrar as técnicas de filmación, edición e xestión de material audiovisual, identificando as súas necesidades e limitacións e aplicando procedementos para valorar o rendemento no alto nivel de sláalom.

e) Elixir e xustificar os procedementos de determinación dos obxectivos, medios e métodos de adestramento, e a temporización da carga, aplicando os principios do adestramento e da aprendizaxe motora aplicables, para programar a curto, medio e longo prazo o adestramento.

f) Analizar a complexidade das tarefas e os factores relativos á carga de traballo, deseñando actividades en supostos establecidos e aplicando os principios e os métodos de adestramento, para concretar as sesións de traballo.

g) Seleccionar os procedementos de análise e xestión dunha programación, identificando os recursos humanos e medios materiais necesarios e aplicando os procedementos de xestión económica e orzamentaria necesarios.

h) Describir, elixir e demostrar as técnicas e estratexias de dirección de sesións, de motivación individualizada e grupal, de control das continxencias propias do alto rendemento en sláalom, aplicando procedementos de observación, dinamización e control, resolvendo supostos e aplicando normas de protección do ambiente, para dirixir sesións en calquera situación.

i) Seleccionar, comprobar e axustar os medios materiais e instalacións propias do alto rendemento deportivo, aplicando os procedementos establecidos e a normativa vixente, operando cos instrumentos e materiais de reparación e mantemento, para facilitar a dispoñibilidade e axeitada utilización dos medios necesarios.

j) Analizar os factores de evolución do material e relacionalo coas necesidades do padexeiro ou da padexeira para determinar a elección do equipamento do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento.



k) Avaliar as condicións de seguridade das instalacións e medios propios do alto rendemento deportivo, aplicando os procedementos establecidos e a normativa vixente, para controlar a seguridade na práctica deste nivel.

l) Analizar a competición de alto rendemento en relación coa complexidade e dificultade do medio, aplicando os procedementos establecidos e tendo en conta as características das persoas participantes, para dirixir persoas deportistas e os equipos en competicións deste nivel en sláalom de augas bravas.

m) Identificar as necesidades vinculadas á participación en competicións internacionais e ás implicacións regulamentarias, resolvendo e deseñando intervencións tipo (sesións de xefes ou xefas de equipo, aprobación de percorridos, etc.), e describindo os factores que cómpre xestionar.

n) Demostrar un nivel de conversa en lingua inglesa utilizando o vocabulario específico habitual na xestión e desenvolvemento dunha competición internacional de sláalom.

o) Analizar e xustificar as necesidades de intervención doutro persoal especialista na preparación do alto rendemento, describindo as funcións e obxectivos que cómpre desenvolver, para determinar a constitución e coordinación de equipos de traballo multidisciplinares.

p) Identificar e analizar as características organizativas, medios materiais e humanos, aplicando os procedementos establecidos de xestión, para coordinar recursos humanos e organizar os recursos materiais dunha escola de piragüismo.

q) Analizar o proceso formativo do persoal técnico, identificando as condicións, analizando as estratexias, recursos e normativas de aplicación.

r) Analizar e elaborar a estrutura das competicións e eventos propios do nivel de tecnificación deportiva, e analizar as características organizativas de competicións de alto nivel, enumerando os requisitos administrativos, os medios materiais e humanos necesarios, aplicando o marco legal que as regula, para organizar e colaborar na xestión de competicións e eventos.

s) Deseñar e xustificar os procedementos de recollida de información e valoración do proceso de alto rendemento, analizando as variables que interveñen en supostos prácticos, para avaliar o proceso de adestramento e os resultados obtidos na competición.



t) Analizar, elixir e elaborar trazados e percorridos, identificando a normativa relacionada, as características da zona en situacións simuladas e aplicando protocolos establecidos para deseñar trazados e percorridos de adestramento e competición.

u) Describir as características dos relevos e movementos de auga, identificando os principios hidrodinámicos que se relacionan co deseño e construción de campos e embarcacións, mantendo un espírito de innovación e actualización.

v) Describir as características do proceso de adquisición de valores e actitudes, sendo consciente e argumentando os efectos que provocan na persoa deportista, para transmitir valores propios da actividade deportiva a través do comportamento ético persoal.

w) Recoñecer e promover os valores da aprendizaxe constante, mantendo o espírito de esforzo e responsabilidade profesional indispensable no alto rendemento.

Módulo común de ensino deportivo: Factores fisiolóxicos do alto rendemento.

Código: MED-C301.

Este módulo contén a información necesaria para que o alumnado analice os principais conceptos e factores fisiolóxicos que se dan no alto rendemento (adaptacións, metabolismo).

O alumnado adquirirá coñecementos que lle permitan comprender e colaborar cos distintos especialistas nas axudas ergoxénicas, programando, controlando e dirixindo adestramentos en que se dean condicións especiais (temperatura extrema, altitude, humidade, cambios horarios...).

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *a* e *b*, e as competencias *a* e *b* do ciclo de grao superior en Augas Bravas.

B) Estratexias metodolóxicas.

Para o desenvolvemento do módulo elaboráranse materiais didácticos de apoio que sirvan de base para a formación do alumnado.





Estableceranse os recursos necesarios para que o alumnado sexa unha parte activa na súa formación e para que a formación teórica veña acompañada de sesións prácticas. Debido ás características especiais dalgún dos contidos, as prácticas deberanse realizar fóra da aula (ximnasia, pistas polideportivas, centros de medicina do deporte, centros de alto rendemento...) para garantir o material adecuado para realizar as ditas prácticas.

C) Orientacións pedagóxicas.

A orde ideal de impartición dos contidos, co obxecto de poder acadar os correspondentes resultados de aprendizaxe, sería a seguinte: nº 1, nº 2, nº 4, nº 3 e nº 5. A argumentación para esta distribución vén dada polo feito de que os dous primeiros constitúen a base teórica das adaptacións fisiolóxicas que inflúen no alto rendemento e o nº 4 constitúe a base práctica onde se asentan estes conceptos teóricos. A continuación impartiríanse os números 3 e 5 debido ao seu carácter teórico e especificidade.

D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Analiza os principais conceptos do metabolismo enerxético e do sistema neuromuscular recoñecendo as adaptacións fisiolóxicas ao adestramento máis importantes.

a) Identificáronse as principais adaptacións fisiolóxicas ao adestramento.

b) Analizáronse os principais conceptos relacionados co metabolismo enerxético.

c) Analizáronse as vías metabólicas durante o exercicio.

d) Analizáronse os diferentes tipos de metabolismo.

e) Analizáronse as principais adaptacións fisiolóxicas ao adestramento.

f) Identificáronse e describíronse os tipos de metabolismo aerobio e anaerobio.

g) Analizáronse as adaptacións a curto prazo dos principais sistemas e aparellos do corpo humano (circulatorio, respiratorio, renal, endócrino e hormonal).

h) Analizáronse as adaptacións a longo prazo dos principais sistemas e aparellos do corpo humano (circulatorio, respiratorio, renal, endócrino e hormonal).

i) Identificouse e describiuse o concepto de eficiencia ou economía enerxética.



j) Identifícase e describiuse o concepto de potencia aerobia máxima e as súas características máis importantes.

k) Identifícase e describiuse o concepto de limiar aerobio e anaerobio e as súas características máis importantes.

l) Analízase a relación entre o VO<sub>2</sub>max, o limiar aerobio e anaerobio e as zonas metabólicas de adestramento.

m) Analízase o sistema neuromuscular e os determinantes fisiolóxicos e mecánicos da forza, a potencia, a flexibilidade e a elasticidade muscular.

n) Identifícase e describiuse o concepto de forza isométrica e dinámica máxima, forza explosiva, potencia, curva forza-tempo e a 1 RM.

ñ) Analizáronse as necesidades específicas de flexibilidade articular e elasticidade muscular en relación coa resistencia e coa forza.

o) Identificáronse e analizáronse as adaptacións fisiolóxicas da muller ao adestramento.

p) Valorouse a importancia das adaptacións fisiolóxicas individuais ao adestramento.

2. Selecciona a persoa deportista para a alta competición analizando os factores fisiolóxicos que inflúen no alto rendemento.

a) Xustificáronse os principais factores limitativos do rendemento.

b) Definíronse os factores fisiolóxicos que demanda o alto rendemento deportivo no adestramento e competición.

c) Analizáronse os fundamentos da valoración da capacidade funcional con vistas ao alto rendemento.

d) Interpretáronse os resultados da valoración da capacidade funcional atendendo ás diferenzas entre homes e mulleres.

e) Interpretáronse os datos dunha valoración da composición corporal atendendo ás diferenzas entre homes e mulleres.



f) Identificouse a tecnoloxía axeitada na valoración fisiolóxica da persoa deportista nun suposto práctico.

g) Describíronse as características e o funcionamento da tecnoloxía utilizada na valoración fisiolóxica da persoa deportista.

h) Analizouse o equipo técnico de especialistas relacionados/as co alto rendemento deportivo identificando as súas funcións.

i) Identificáronse e organizáronse equipos de traballo no alto rendemento deportivo.

j) Valorouse a importancia da valoración fisiolóxica da persoa deportista como elemento de selección.

k) Identificáronse os principais condicionantes fisiolóxicos no adestramento das persoas deportistas con discapacidade.

3. Colabora coa persoa especialista na determinación da dieta e na prescrición de axudas ergonutricionais, analizando os principais conceptos de nutrición deportiva e os efectos nocivos das substancias dopantes para a saúde.

a) Identificáronse os principais conceptos de nutrición deportiva.

b) Interpretáronse os resultados da valoración nutricional da persoa deportista.

c) Analizáronse os principios fundamentais da nutrición deportiva.

d) Identificáronse as principais axudas ergonutricionais e os seus efectos.

e) Identificáronse as principais substancias dopantes e os seus efectos nocivos para a saúde.

f) Aplicáronse conceptos de nutrición deportiva na reposición hídrica.

g) Aplicáronse conceptos de fisioloxía para a recuperación de depósitos de hidratos de carbono.

h) Colaborouse coa persoa especialista na determinación da dieta das persoas deportistas.



- i) Colaborouse coas persoas especialistas na prescrición de axudas ergonutricionais.
  - j) Interpretáronse dietas das persoas deportistas en situacións precompetitivas, competitivas e poscompetitivas.
  - k) Formuláronse dietas e axudas ergoxénicas de persoas deportistas en situacións precompetitivas, competitivas e poscompetitivas.
  - l) Xustificouse o traballo en equipo con nutricionistas identificando as súas funcións.
  - m) Valorouse a importancia da colaboración coa persoa especialista na formulación de dietas e o control do peso.
4. Dirixe a preparación da persoa deportista relacionando os principios da carga e o control do adestramento e comparando os principais medios e métodos de recuperación deportiva.
- a) Analizáronse e clasificáronse os diferentes tipos de fatiga.
  - b) Analizáronse os principais mecanismos de fatiga deportiva.
  - c) Analizáronse os efectos da fatiga deportiva no sistema neuromuscular, endócrino e inmunolóxico.
  - d) Aplicáronse diferentes métodos de recuperación, segundo o mecanismo de produción da fatiga deportiva.
  - e) Organizáronse diferentes programas de recuperación deportiva.
  - f) Valorouse a importancia da carga e o control do adestramento.
  - g) Identificáronse os principais parámetros relacionados co control da carga de adestramento.
  - h) Elaboráronse diferentes ferramentas de control do adestramento.
  - i) Diferenciouse a fatiga aguda da sobrecarga.
  - j) Diferenciouse a sobrecarga deportiva do sobreadestramento.



k) Xustificouse o control do adestramento dentro do proceso de dirección do adestramento.

5. Programa e dirixe o adestramento en condicións especiais, identificando as bases e as súas características máis importantes.

a) Analizáronse as bases dos adestramentos en condicións especiais de temperatura extrema (calor e frío) e humidade.

b) Analizáronse as bases dos adestramentos en condicións especiais de altitude moderada.

c) Analizáronse e comparáronse as vantaxes e desvantaxes fisiolóxicas do adestramento en altitude moderada con respecto ao adestramento a nivel do mar.

d) Analizáronse as bases dos adestramentos en situacións de grandes cambios horarios.

e) Deseñáronse adestramentos en situacións de altitude moderada.

f) Deseñáronse adestramentos en situacións de cambios horarios.

g) Deseñáronse adestramentos en situacións de calor, frío ou humidade.

h) Deseñáronse estratexias de adaptación á altitude moderada.

i) Deseñáronse estratexias de adaptación aos grandes cambios horarios.

j) Deseñáronse estratexias de adaptación á calor.

k) Deseñáronse estratexias de adaptación ao frío.

l) Colaborouse coa persoa especialista na dirección do adestramento en condicións especiais (altitude, cambios horarios, frío, calor, humidade, etc.).



**E) Contidos.**

1. Analiza os principais conceptos do metabolismo enerxético e do sistema neuromuscular recoñecendo as adaptacións fisiolóxicas ao adestramento máis importantes.

- Metabolismo, transporte e almacenamento de nutrientes: principais conceptos.
- Principais vías metabólicas: anaerobia aláctica (ATP), PC (fosfocreatina); anaerobia láctica (glicólise anaerobia); aerobia (glicólise aerobia, beta-oxidación, oxidación de proteínas).
- Adaptacións funcionais a curto e a longo prazo.
- Adaptacións funcionais no adestramento deportivo: aparello circulatorio, respiratorio, locomotor, renal, endócrino e hormonal. Diferenzas por razón de sexo.
- Eficiencia ou economía enerxética.
- Capacidade aerobia máxima: concepto e características.
- Transición aerobia/anaerobia.
- Zonas metabólicas e limiares de adestramento: conceptos, características e identificación.
- Modificacións hormonais co adestramento da forza.
- Valoración do metabolismo aerobio e anaerobio.
- Identificación de limiares da zona de transición aerobia/anaerobia e da capacidade aerobia máxima.
- Valoración das adaptacións fisiolóxicas ao adestramento. Diferenzas por razón de sexo.
- A sarcómera: concepto e características.
- A fibra e miofibrila muscular: características e tipos.
- A unidade motriz: concepto e características.



- A 1 RM: concepto, características e identificación.
- Potencia muscular máxima: concepto, características e identificación.
- Forza isométrica máxima. Concepto, características e identificación.
- Curva forza-tempo: concepto, características e identificación.
- Medición e valoración da forza dinámica máxima e a potencia muscular máxima.
- Os fusos musculares e os OTG: concepto e características.
- Flexibilidade e elasticidade. Concepto, características e diferenciación.
- Medición e valoración da flexibilidade e elasticidade específica deportiva.

2. Selecciona a persoa deportista para a alta competición analizando os factores fisiolóxicos que inflúen no alto rendemento.

- Principais factores limitativos do adestramento.
- Factores fisiolóxicos no alto rendemento.
- Sistemas avanzados para o desenvolvemento das capacidades físicas condicionais e coordinativas.
- Coordinación de equipos de traballo no alto rendemento deportivo.
- Tecnoloxía para a valoración fisiolóxica da persoa deportista (laboratorio e campo).
- Principais condicionantes fisiolóxicos en persoas deportistas con discapacidade (física, intelectual e sensorial).
- Determinación de métodos avanzados para o alto rendemento deportivo.
- Determinación de equipos de traballo no alto rendemento deportivo.
- Identificación de tecnoloxía para a valoración fisiolóxica das persoas deportistas.
- Interpretación de resultados de valoración funcionais.



- Determinación da composición corporal, mediante a medición de dobreces cutáneas e diámetros óseos.

- Consideracións na prescrición de exercicio en relación coas persoas con discapacidade.

- Métodos alternativos de valoración funcional da condición física e o rendemento deportivo en persoas deportistas con discapacidade.

- Aceptación do traballo en equipo no desenvolvemento dos adestramentos en alto rendemento deportivo.

3. Colabora coa persoa especialista na determinación da dieta e na prescrición de axudas ergonutricionais, analizando os principais conceptos de nutrición deportiva e os efectos nocivos das substancias dopantes para a saúde.

- Axudas ergonutricionais: suplementos, intermediarios metabólicos e outras substancias.

- Determinación da necesidade de prescrición de axudas ergoxénicas.

- A dopaxe: concepto e efectos nocivos sobre a saúde. Lista de substancias prohibidas.

- O control antidopaxe: organismos e métodos.

- Toma de conciencia da importancia e da incidencia da dopaxe na saúde das persoas deportistas.

- Composición corporal: compoñentes, métodos, aparellos e interpretación de resultados.

- Determinación da composición corporal das persoas deportistas: determinación dos aspectos que cómpre avaliar en relación coa composición corporal, selección de tests ou medios de valoración, aplicación de tests ou medios de valoración. A variable sexo como elemento diferenciador.

- Estado nutricional: compoñentes, métodos, aparellos e interpretación de resultados.

- Necesidades dietéticas e de hidratación na práctica da actividade física.





- Bases da nutrición deportiva.
- Bases do traballo coas persoas especialistas do ámbito (nutricionistas). Funcións.
  - Control do estado nutricional das persoas deportistas: determinación dos aspectos que cómpre avaliar, selección de tests ou medios de valoración, aplicación de tests ou medios de valoración.
  - Colaboración coa persoa especialista na realización de dietas e axudas ergonutricionais.
  - Elaboración de dieta precompetitiva, competitiva e poscompetitiva.
  - Aceptación do traballo coa persoa especialista.
- 4. Dirixe a preparación da persoa deportista relacionando os principios da carga e o control do adestramento e comparando os principais medios e métodos de recuperación deportiva.
  - Fatiga, sobrecarga e sobreadestramento: concepto, tipos, mecanismos de produción, indicadores e formas de prevención.
    - Efectos da fatiga no sistema neuromuscular, endócrino e inmunolóxico.
    - A recuperación: concepto, pautas de recuperación e técnicas de recuperación activa e pasiva.
    - A recuperación física no alto rendemento: procesos fisiolóxicos.
    - Métodos de control e valoración do adestramento no alto rendemento deportivo.
    - O control do adestramento e a competición no alto rendemento deportivo: funcións e características.
    - A valoración das capacidades condicionais e coordinativas no alto rendemento deportivo.
    - Instrumentos para a avaliación do proceso e dos resultados no alto rendemento deportivo.



- Determinación das cargas de adestramento e a súa progresión en función do nivel das persoas deportistas.

- Selección de métodos e medios de adestramento en función dos obxectivos do adestramento e da competición no alto rendemento deportivo, das características das persoas deportistas e da súa adaptación ao esforzo.

- Identificación dos indicadores de fatiga, recuperación e sobreadestramento.

- Determinación do proceso e do obxecto da avaliación no adestramento e na competición.

- Deseño e selección dos instrumentos e recursos para a avaliación e o control do adestramento e a competición propios do alto rendemento deportivo (diarios de adestramento, tests físicos, tests fisiolóxicos, etc.).

- Valoración da necesidade dunha constante utilización dos métodos de observación e control como mellora do proceso de adestramento e da competición.

- Valoración da importancia da axeitada recuperación da fatiga.

5. Programa e dirixe o adestramento en condicións especiais identificando as bases e as súas características máis importantes.

- Factores ambientais que inflúen no adestramento de alto rendemento: a altitude, o estrés térmico, o cambio horario, a humidade, etc.

- Fisioloxía do adestramento en altitude: efectos, adaptacións xerais e respostas ao esforzo (cardiovasculares, respiratorias, dixestivas, renais, endócrinas, metabólicas, neurolóxicas, dermatolóxicas e infecciosas).

- Efectos fisiolóxicos do cambio horario.

- Termorregulación e exercicio intenso. Exercicio en calor. Exercicio en frío. Exercicio en humidade.

- Programación do adestramento en altitude moderada, cambio horario e en situacións de temperatura extrema.



- Adaptacións á altura, á calor, ao frío, á humidade e aos cambios horarios.
- Deseño e elaboración de programacións en situacións de cambio horario, de temperatura e humidade extrema (frío e calor) e de altitude moderada.
- Deseño e elaboración de sesións de adestramento en situacións de cambios horarios, temperaturas extremas (frío e calor) e de altitude moderada.
- Aceptación do traballo coa persoa especialista.

Módulo común de ensino deportivo: Factores psicosociais do alto rendemento.

Código: MED-C302.

Coa impartición deste módulo conseguiremos desenvolver capacidades no alumnado para seleccionar as persoas deportistas mellor preparadas psicolxicamente para a alta competición, para analizar os aspectos sociais que afectan o seu rendemento deportivo e para estruturar os métodos da súa preparación psicolóxica, coordinando o persoal técnico especialista e aplicando técnicas de xestión de recursos humanos.

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *e*, *f* e *h*, e as competencias *d* do ciclo de grao superior en Augas Bravas.

B) Estratexias metodolóxicas.

Para conseguir unha aprendizaxe aplicada buscarase a realización de supostos prácticos que o alumnado desenvolverá nunha intervención docente e nun labor de observación. Para iso, o alumnado colaborará de maneira activa, utilizando recursos que faciliten a adquisición de coñecementos e que dean continuidade aos contidos adquiridos nos ciclos inicial e final de grao medio destas ensinanzas.

C) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Selecciona a persoa deportista para a alta competición, analizando as características psicolóxicas das persoas deportistas e equipos de alto nivel e as exixencias psicolóxicas do alto rendemento.

a) Definíronse as características psicolóxicas que demanda o alto rendemento deportivo no adestramento e na competición.



b) Descríbóronse as características psicolóxicas das persoas deportistas e equipos de alto nivel.

c) Analizáronse especificamente peculiaridades psicolóxicas das mulleres deportistas no alto rendemento.

d) Analizáronse os condicionantes psicolóxicos e as consideracións específicas das persoas deportistas con discapacidade no alto rendemento.

e) Establecéronse as contribucións dos aspectos psicolóxicos á progresión e ao rendemento das persoas deportistas de alto nivel.

f) Propuxéronse criterios psicolóxicos para seleccionar persoas deportistas de alto nivel, en función das exixencias do adestramento e da competición de alto nivel.

g) Aplicáronse procedementos psicolóxicos de detección de persoas deportistas de alto nivel, mediante a realización de entrevistas e a observación de persoas deportistas en competicións simuladas.

h) Aplicáronse procedementos de avaliación psicolóxica en situacións simuladas de adestramento e de competición.

i) Argumentouse a necesidade de integrar as características psicolóxicas na avaliación do rendemento das persoas deportistas de alto nivel.

j) Promoveuse a incorporación de protocolos psicolóxicos na detección de persoas deportistas de alto nivel.

2. Valora o contorno da persoa deportista, analizando os aspectos sociais que afectan o seu rendemento deportivo e facilitan a súa formación académica e desenvolvemento persoal.

a) Recoñecéronse os aspectos sociais do contorno da persoa deportista de alto nivel que afectan o seu rendemento.

b) Definíronse os aspectos sociais do contorno da persoa deportista que facilitan a súa formación académica.



c) Analizáronse as características específicas do contorno da persoa deportista con discapacidade no alto rendemento.

d) Describíronse as interaccións entre as características psicolóxicas das persoas deportistas de alto nivel e os aspectos sociais do seu contorno.

e) Aplicáronse procedementos de avaliación do contorno da persoa deportista que afectan o seu rendemento, nun suposto práctico.

f) Aplicáronse, en situacións simuladas, os medios de que dispón o adestrador ou adestradora na xestión do contorno, de maneira que non interfira no proceso de formación deportiva e académica da persoa deportista.

g) Argumentouse a conveniencia de que o adestrador ou adestradora lle facilite á persoa deportista a posibilidade de compaxinar a carreira deportiva coa formación académica e a conciliación da vida familiar e deportiva.

h) Localizáronse as axudas e fontes de información de que dispoñen as persoas deportistas de alto nivel para facilitar a súa integración na vida laboral, unha vez rematada a súa carreira deportiva.

i) Recoñeceuse a importancia de incorporar a análise dos aspectos sociais do contorno da persoa deportista na avaliación do seu rendemento.

j) Valorouse a actitude positiva do adestrador ou adestradora cara ao recoñecemento e prevención dos problemas de inserción laboral máis frecuentes nas persoas deportistas de alto nivel.

k) Argumentouse a relación existente entre o estancamento do rendemento deportivo e a incerteza nas perspectivas de futuro da persoa deportista pola falta de apoio persoal e social.

3. Dirixe a preparación da persoa deportista, estruturando os procedementos e métodos de preparación psicolóxica en relación cos procesos de motivación e afrontamento da alta competición.

a) Identificáronse os procesos de motivación propios das persoas deportistas de alto nivel.



b) Demostráronse procedementos psicolóxicos de mantemento da motivación das persoas deportistas de alto nivel ao longo da tempada deportiva.

c) Integráronse, nun suposto práctico de preparación deportiva, os procedementos psicolóxicos necesarios no mantemento da motivación das persoas deportistas de alto nivel ao longo da tempada.

d) Describíronse os procesos relacionados coa forma en que a persoa deportista de alto nivel afronta a competición.

e) Aplicáronse métodos de preparación psicolóxica na mellora do afrontamento que as persoas deportistas de alto nivel fan da competición en situacións simuladas.

f) Deseñáronse planificacións deportivas e sesións de adestramento que consideran a mellora dos procesos de afrontamento da competición.

g) Describíronse os aspectos da preparación deportiva susceptibles de seren derivados ao/á profesional da psicoloxía.

h) Recoñeceuse a pertinencia de integrar a preparación psicolóxica na preparación xeral da persoa deportista.

4. Coordina o equipo de persoal técnico especialista en ciencias aplicadas ao deporte, identificando as funcións do psicólogo ou psicóloga e aplicando técnicas de xestión de recursos humanos.

a) Definíronse os roles do/da profesional da psicoloxía, diferenciándoos das funcións do adestrador ou adestradora.

b) Describíronse os diferentes estilos de liderado de que dispón o adestrador ou adestradora para optimizar o rendemento do equipo de persoal técnico especialista.

c) Identificáronse aquelas pautas de comunicación que pode utilizar o adestrador ou adestradora para xerar credibilidade no seu equipo de persoal técnico especialista.

d) Aplicáronse os estilos de liderado e as pautas de comunicación co obxectivo de xestionar os recursos humanos do persoal técnico en situacións simuladas de traballo en equipo.



e) Descríbíronse as pautas necesarias na incorporación das achegas especializadas do/da profesional da psicoloxía á preparación da persoa deportista.

f) Deseñáronse planificacións deportivas que recollan o traballo especializado do/da profesional da psicoloxía deportiva, asignándolle obxectivos e medios de traballo para desenvolver a súa achega.

g) Xustificouse a conveniencia de dispor de equipos de persoal técnico especialista en ciencias do deporte.

#### D) Contidos

1. Selecciona a persoa deportista para a alta competición, analizando as características psicolóxicas das persoas deportistas e equipos de alto nivel e as exigencias psicolóxicas do alto rendemento.

- Condicionantes psicolóxicos do alto rendemento deportivo e características psicolóxicas das persoas deportistas e equipos de alto nivel.

- Querer aprender: ter claro qué se quere acadar (claridade nos obxectivos), pagar todo o seu prezo (compromiso).

- Poder aprender: funcionamento persoal, contorno inmediato.

- Saber aprender: análise e corrección do erro, atribución de éxitos e fracasos, establecemento de obxectivos.

- Saber demostrar o aprendido (saber competir): regulación da concentración, control da activación.

- Condicionantes afectivo-sexuais específicos das persoas deportistas de alto nivel. Normativa estatal e autonómica pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.

- Condicionantes psicolóxicos e consideracións específicas das persoas deportistas con discapacidade no alto rendemento.

- Condicionantes psicolóxicos e consideracións específicas da muller deportista de alto rendemento.



- Dificultade para manter compromisos a longo prazo.
- Dinámicas grupais propias de equipos femininos.
- Contribucións dos aspectos psicolóxicos á progresión e ao rendemento das persoas deportistas de alto nivel:
  - Estabilización do estado de ánimo das persoas deportistas.
  - Mantemento da motivación ao longo da carreira deportiva.
  - Facilitación da aprendizaxe das habilidades propias da modalidade deportiva.
  - Estabilización do rendemento baixo presión.
  - Identificación do perfil psicolóxico das persoas deportistas de alto nivel:
    - Estabilidade anímica.
    - Contorno inmediato facilitador do rendemento.
    - Claridade de obxectivos.
    - Compromiso co programa de adestramento.
    - Análise do erro.
    - Atribución interna de éxitos e fracasos.
    - Tolerancia da presión.
    - Identificación do perfil psicolóxico dos equipos de alto nivel.
      - Perfil psicolóxico dos equipos de alto nivel.
      - Valores básicos compartidos.
      - Claridade, aceptación e cumprimento de roles individuais.
      - Confianza en función do compromiso.





- Importancia dos aspectos psicolóxicos nos procesos de detección de persoas deportistas de alto nivel.
  - Valoración da compatibilidade do perfil psicolóxico da persoa deportista co rendemento.
  - Predición do grao de adaptación das persoas deportistas ás condicións de adestramento.
- Criterios psicolóxicos na selección de persoas deportistas de alto nivel.
  - Poder aprender: estabilidade emocional e contorno facilitador.
  - Querer aprender: claridade de obxectivos e compromiso co programa de adestramento.
- Aplicación de procedementos de selección psicolóxica de persoas deportistas de alto nivel.
  - Entrevistas psicolóxicas de elaboración propia.
  - Tests psicolóxicos: ansiedade-estado-trazo (STAI), Zung-Conde, Eysenck Personality Inventory (EPI), cuestionario de personalidade e inventario de trastornos da conduta alimentaria (EDI).
  - Sistemas de observación da conduta da persoa deportista (CBAS) y sistema de avaliación da conduta do adestrador ou adestradora.
- Métodos de avaliación dos aspectos psicolóxicos implicados no adestramento e na competición.
  - Poder aprender: estabilidade anímica.
  - Querer aprender: iniciativa, porcentaxe de cumprimento da programación.
  - Saber aprender: repetición do erro durante o adestramento.
  - Saber competir: erros non forzados durante a competición.



- Rexistro e análise da actuación psicolóxica das persoas deportistas en adestramento e en competición.

- Variación do patrón anímico/unidade de tempo:

- Número de iniciativas/unidade de tempo.

- Porcentaxe de cumprimento das tarefas asignadas.

- Medida de erros consecutivos no adestramento.

- Análise da distribución dos erros non forzados durante a competición.

- A necesidade de integrar aspectos psicolóxicos na avaliación do rendemento deportivo.

- Coherencia no carácter multidisciplinar do rendemento deportivo.

- Posibilidade de render regularmente na medida das propias posibilidades.

- Facilitación da adaptación das persoas deportistas ás condicións de adestramento.

2. Valora o contorno da persoa deportista, analizando os aspectos sociais que afectan o seu rendemento deportivo e facilitan a súa formación académica.

- Aspectos sociais do contorno da persoa deportista de alto nivel relacionados co rendemento deportivo e académico (familia, relacións sociais e afectivas, centro educativo e/ou laboral, club, federación, patrocinadores ou patrocinadoras, representantes e medios de comunicación).

- Características específicas do contorno da muller deportista.

- Interaccións entre as características psicolóxicas das persoas deportistas de alto nivel e os aspectos sociais do seu contorno.

- O contorno como condicionante da estabilidade emocional das persoas deportistas.

- O contorno como condicionante do mantemento do compromiso da persoa deportista.

- O contorno como unha presión engadida á propia da competición.



- Avaliación dos aspectos sociais do contorno da persoa deportista relacionados coa súa progresión deportiva e coa súa formación académica.

- Número de aspectos sociais que integran o contorno da persoa deportista de alto nivel.

- Dedicación a cada un dos aspectos sociais que integran o contorno da persoa deportista.

- Compatibilidade entre os distintos aspectos sociais e os obxectivos deportivos.

- Características específicas do contorno da persoa deportista con discapacidade no alto rendemento.

- A xestión do contorno por parte do adestrador ou adestradora para que non interfira na preparación deportiva, académica ou no rendemento deportivo da persoa deportista.

- A formación psicolóxica dos pais e nais das persoas deportistas.

- A educación dos medios de comunicación.

- A elaboración de normativas que regulen a relación das persoas deportistas co seu contorno.

- Desenvolvemento dunha actitude no adestrador ou adestradora que lle facilite á persoa deportista compaxinar os seus estudos coa práctica deportiva.

- Conciliación persoal-familiar e deportiva, e as expectativas de maternidade das persoas deportistas durante a vida deportiva. Actitude do adestrador ou adestradora.

- Problemas de inserción laboral máis frecuentes en persoas deportistas de alto nivel. Identificación das axudas e fontes de información que facilitan a integración das persoas deportistas de alto nivel á vida laboral.

- Identificación das axudas e fontes de información que facilitan a integración das persoas deportistas de alto nivel á vida laboral.

- A actitude positiva do adestrador ou adestradora cara ao recoñecemento e a prevención de problemas de inserción laboral nas persoas deportistas de alto nivel.

- Os problemas de inserción como condicionantes do rendemento.



– Os problemas de inserción como condicionantes do éxito da etapa de transición.

- A integración dos aspectos sociais do contorno da persoa deportista na avaliación do seu rendemento.

3. Dirixe a preparación da persoa deportista, estruturando os procedementos e métodos de preparación psicolóxica en relación cos procesos de motivación e afrontamento da alta competición.

- Procesos de motivación propios de persoas deportistas de alto nivel.

- Diferenzas entre implicación e compromiso.

- Definición de motivación: ter moi claros os obxectivos que se perseguen (claridade); pagar todo o prezo que custan eses obxectivos (compromiso).

- Aspectos implicados no compromiso: renuncias e sacrificios; persistencia no esforzo para cumprir co programa de traballo; aceptación das consecuencias do compromiso.

- Procedementos psicolóxicos para manter a motivación de persoas deportistas de alto nivel ao longo da tempada: atender as súas necesidades individuais; variar as condicións do adestramento; implicar as persoas deportistas na toma de decisións que afectan a súa preparación; premiar as condutas das persoas deportistas asociadas ao compromiso.

- Procesos de afrontamento da competición implicados no alto rendemento deportivo: formas de afrontar a presión da competición; evitar a ansiedade; controlar a ansiedade; tolerar a ansiedade; gozar a ansiedade.

- Regulación da atención antes e durante a competición: aspectos relevantes para a tarefa, aspectos controlables polo propia persoa deportista.

- Métodos de preparación psicolóxica para mellorar o afrontamento que as persoas deportistas de alto nivel fan da competición.

- Técnicas de autocontrol emocional: técnicas de relaxación, respiración e visualización.

- Engadir presión aos adestramentos: aumentar a dificultade técnica dos exercicios e/ou adestrar con cansazo; fomentar a competición dentro do adestramento; castigar con retirada



de privilexios os erros cometidos durante o adestramento; simular a dinámica de competición e rexistrar a actuación das persoas deportistas.

- Elaboración, aplicación e axuste de rutinas e plans de competición.
- Elaboración de programacións deportivas que integren os procesos de motivación e de afrontamento da competición.
  - Implicar a persoa deportista na elaboración da programación do adestramento.
  - Informar continuamente a persoa deportista acerca da súa progresión.
  - Integrar os métodos de preparación psicolóxica nas sesións de adestramento.
  - Engadir presión aos adestramentos a medida que se aproxima a competición.
  - Planificación de simulacións de competición.
- A derivación de aspectos da preparación de persoas deportistas de alto nivel a profesionais da psicoloxía. Pautas de actuación.
  - Criterios para a derivación de persoas deportistas a profesionais da psicoloxía clínica: a persoa deportista presenta condutas nada correntes; esas condutas son percibidas pola persoa deportista como un problema; esas condutas interfieren significativamente na saúde e/ou rendemento do suxeito; criterios para a derivación de persoas deportistas a profesionais da psicoloxía do deporte; a persoa deportista non é quen de render en competicións na medida das súas posibilidades; a persoa deportista non é quen de corrixir rapidamente os seus erros; a persoa deportista non é quen de manter a súa motivación ao longo da tempada; aspectos persoais que interfieren no rendemento da persoa deportista.
  - A necesidade de integrar a preparación psicolóxica na preparación xeral da persoa deportista.
    - Atender ao carácter multidisciplinar do rendemento deportivo.
    - Permitir que a persoa deportista renda regularmente baixo presión na medida das súas posibilidades.
    - Facilitar o proceso de aprendizaxe da persoa deportista.



- Facilitar o mantemento da motivación ao longo da tempada.
- Evitar que problemas persoais afecten o rendemento da persoa deportista.

4. Coordina o equipo de persoal técnico en ciencias aplicadas ao deporte, identificando as funcións do psicólogo ou psicóloga e aplicando técnicas de xestión de recursos humanos.

- Funcións do/da profesional da psicoloxía aplicada ao deporte.
  - Velar pola saúde psicolóxica das persoas deportistas.
  - Evitar que os aspectos persoais das persoas deportistas afecten o seu rendemento.
  - Facilitar o mantemento da motivación das persoas deportistas.
  - Facilitar o proceso de aprendizaxe de xestos técnicos.
  - Ensinar as persoas deportistas a render baixo presión.
  - Fomentar a cohesión dos equipos deportivos.
  - Asesorar o equipo técnico en materia psicolóxica.
  - Facilitar a adherencia ao tratamento das persoas deportistas lesionadas.
- Estilos de liderado na condución de equipos: directivo, persuasivo, participativo, permisivo.
  - Análise da comunicación para xerar credibilidade no conxunto de especialistas en ciencias aplicadas ao deporte: non dar nada por suposto; escoita activa; coherencia entre a linguaxe oral e a corporal; consensuar as percepcións do grupo para tomar decisións; utilizar o esforzo, o castigo e a extinción.
  - Protocolos para integrar a achega do/da profesional da psicoloxía na preparación de persoas deportistas de alto nivel.
    - Sesións periódicas individuais e colectivas co profesional da psicoloxía.
    - Participación do psicólogo/a nas reunións do equipo técnico.



- Recordatorio e axuste de recursos psicolóxicos durante o adestramento.
- Observación e axuste da posta en práctica dos recursos psicolóxicos durante a competición.
- Deseño de planificación deportivas que recollan o traballo especializado do/da profesional da psicoloxía.

Durante a pretempada:

- Valoración das necesidades psicolóxicas das persoas deportistas.
- Aprendizaxe de recursos básicos de autocontrol.
- Establecemento das canles de comunicación.
- Mantemento da motivación pola preparación física.

Durante períodos precompetitivos:

- Individualización dos recursos de autocontrol.
- Fomento da cohesión do grupo de adestramento/equipo deportivo.
- Facilitación da aprendizaxe de xestos técnicos.

Durante períodos competitivos:

- Aplicación e axuste de recursos de autocontrol.
- Asesoramento ao equipo técnico.

Durante períodos poscompetitivos:

- Reavaliación das necesidades psicolóxicas das persoas deportistas.
- Restablecemento de obxectivos psicolóxicos.
- Práctica de recursos básicos de autocontrol.



– Fomento da cohesión do grupo de adestramento/equipo deportivo.

• Os estilos de liderado e das pautas de comunicación para o adestramento dos recursos humanos do equipo técnico: criterios para variar de estilo de dirección en función das necesidades do equipo e en función do tipo de situación.

• A necesidade de dispor de equipos técnicos multidisciplinares:

– O carácter multidisciplinar do rendemento deportivo.

– Beneficios do traballo en equipo.

– A necesidade de especialización.

Módulo común de ensino deportivo: Formación de formadores ou formadoras deportivos/as.

Código: MED-C303.

Este módulo contén a formación necesaria para que o alumnado imparta, elabore materiais, programe e dirixa sesións de formación do persoal técnico deportivo, titorizando a súa formación específica, promovendo o desenvolvemento ético e moral do persoal técnico e das persoas deportistas, analizando o impacto social das súas actuacións. Así mesmo, garantirá o coñecemento sobre a organización dos centros docentes e a normativa que regula as responsabilidades do profesorado.

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais / e o as competencias *k*, *n* e *ñ* do ciclo de grao superior en Augas Bravas.

B) Estratexias metodolóxicas.

Os contidos deste módulo teñen unhas características eminentemente prácticas, polo que a actuación do alumnado debe ser activa na elaboración de material e exposición deste, realización de sesións e a súa gravación que deriven nun comentario en grupo.





C) Orientacións pedagóxicas.

Sería apropiado presentar este módulo ao final do bloque común do grao superior, posto que integra contidos doutros módulos.

D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Imparte formación do persoal técnico deportivo, analizando as condicións que facilitan a aprendizaxe de persoas adultas e as estratexias de aprendizaxe axeitadas para a adquisición de competencias profesionais.

a) Analizáronse as características psicosociais do alumnado adulto e as súas implicacións na aprendizaxe.

b) Aplicáronse métodos de valoración das características psicosociais do alumnado adulto.

c) Describíronse as teorías cognitivas da aprendizaxe máis axeitadas para explicar a aprendizaxe das persoas adultas.

d) Relacionáronse as características dos diferentes estilos de aprendizaxe e as estratexias de aprendizaxe do alumnado e as súas implicacións na aprendizaxe.

e) Analizáronse as características do modelo técnico e do modelo cognitivo-reflexivo de formación do profesorado en relación coa adquisición de competencias profesionais no ámbito da actividade física e do deporte.

f) Describiuse e aplicouse, en supostos prácticos, o tipo de intervención do profesorado máis axeitado para a formación das persoas adultas.

g) Describíronse e implementáronse, en supostos prácticos, as pautas metodolóxicas dos estilos de ensino máis adecuados para as persoas adultas en situacións de aprendizaxe presencial e a distancia.

h) Promoveuse a valoración das características individuais da aprendizaxe e outras posibilidades de atención á diversidade, como base da adaptación dos procesos de ensino do persoal docente.



2. Elabora a programación didáctica dos módulos de ensino deportivo, analizando a súa normativa de ordenación, os seus procesos de programación, secuenciación e avaliación, e concretando os elementos que constitúen a programación.

a) Analizouse a organización básica das ensinanzas deportivas en relación co sistema educativo e a súa relación coas ofertas formativas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

b) Analizouse o perfil profesional dos ciclos de ensino deportivo e a súa relación cos obxectivos xerais do currículo básico.

c) Identificáronse as características dos ámbitos conceptual, procedemental e actitudinal nos obxectivos dos ciclos de ensinanzas deportivas.

d) Analizáronse os conceptos, procedementos e actitudes que soportan os resultados de aprendizaxe dun módulo específico de ensino deportivo.

e) Describíronse os elementos propios da programación didáctica dos módulos específicos e de formación práctica dos diferentes ciclos, e do módulo de proxecto final do ciclo superior de ensinanzas deportivas.

f) Comparáronse as diferenzas na programación didáctica entre o ensino presencial e a distancia dun módulo específico de ensino deportivo.

g) Describíronse as características da avaliación de competencias profesionais no ámbito da actividade física e deportiva.

h) Interpretáronse as características dos criterios de avaliación dun resultado de aprendizaxe nun módulo específico de ensino deportivo.

i) Analizouse a normativa que afecta a avaliación, certificación e rexistro das ensinanzas deportivas.

j) Explicáronse e exemplificáronse as ferramentas para a adaptación curricular en atención á diversidade.

k) Explicouse e analizouse a importancia do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como elemento clave na atención á diversidade.



l) Concretáronse os elementos da programación didáctica dun módulo do bloque específico, atendendo á súa normativa de ordenación, ás características do alumnado, incluído o alumnado con discapacidade, e do contexto deportivo.

m) Argumentouse a importancia da programación didáctica na formación do persoal técnico deportivo.

3. Programa e dirixe sesións de formación do persoal técnico deportivo, analizando as características e elaborando recursos didácticos propios das ensinanzas deportivas.

a) Analizáronse as características dos recursos didácticos que permiten o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas propias da formación de formadores ou formadoras, presencial e a distancia.

b) Identificáronse as especificacións técnicas e pautas didácticas dos recursos (audiovisuais, informáticos, multimedia, entre outros), propios do ensino presencial e a distancia para o seu óptimo aproveitamento nas sesións.

c) Seleccionáronse e utilizáronse recursos didácticos que faciliten unha mellor comprensión dos contidos que se van abordar na formación de formadores ou formadoras, identificando a súa utilización na formación presencial e a distancia.

d) Elaboráronse materiais e medios didácticos (impresos, audiovisuais, multimedia, entre outros) que permitan desenvolver contidos teórico-prácticos propios da formación de formadores ou formadoras, presencial e a distancia.

e) Deseñouse e realizouse unha presentación (de tarefas e contidos), atendendo á súa estrutura e utilizando de xeito eficaz recursos didácticos, nun suposto práctico de clase teórico-práctica.

f) Valorouse a necesidade de programar e preparar os recursos didácticos previamente á súa utilización.

g) Valorouse a necesidade de prever recursos didácticos alternativos fronte a posibles incidencias, incluíndo a atención a persoas con discapacidade e identificado aqueles que poidan resultar máis axeitados en cada caso.

h) Valorouse a necesidade de contar con recursos didácticos e estratexias metodolóxicas para aplicar e transmitir de forma efectiva o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



i) Exemplificáronse as posibilidades de adaptación dos recursos didácticos que se van utilizar en atención a unha necesidade educativa especial.

j) Describíronse recursos didácticos contra a violencia de xénero.

k) Describíronse recursos didácticos e estratexias metodolóxicas que favorezan a non discriminación dos e das deportistas por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

4. Titoriza persoal técnico deportivo no seu proceso de formación específica (módulos específicos, de formación práctica e proxecto final), identificando as estratexias e procedementos para o seu seguimento e avaliación.

a) Identificáronse as condicións de seguimento e titoría dos distintos módulos do bloque específico, presenciais e a distancia, establecidos na normativa vixente.

b) Valorouse a necesidade de establecer unha liña de traballo continua e coherente entre os diferentes módulos de formación do bloque específico, e entre este e o bloque común.

c) Analizáronse os recursos existentes para o establecemento de contactos e convenios coas entidades colaboradoras no módulo de formación práctica.

d) Utilizáronse aplicacións informáticas específicas en supostos de xestión e seguimento do módulo de formación práctica.

e) Propuxéronse, analizáronse e comparáronse diferentes dinámicas de traballo para a condución de titorías de grupo no módulo de formación práctica.

f) Describíronse os elementos clave para elaborar informes de avaliación do módulo de formación práctica.

g) Describíronse os elementos clave para establecer un guión de elaboración da memoria do módulo de formación práctica.

h) Analizáronse diferentes pautas de actuación, asesoramento e control de entrevistas e titorías personalizadas na dirección de proxectos, en función da súa temática.

i) Analizáronse os criterios de pertinencia e viabilidade dun proxecto en relación coa súa finalidade, valorando a necesidade de elaborar un documento que racionalice ou xustifique as accións que se deban acometer.



j) Descríbóronse as epígrafes clave do guión dun proxecto do ciclo superior, dependendo da súa temática.

k) Escolléronse de forma argumentada criterios de elaboración e avaliación para a presentación oral e escrita de proxectos.

l) Xustificouse a función da titoría e o seguimento na consecución dos resultados de aprendizaxe dos módulos de formación práctica e de proxecto.

m) Valorouse a importancia de recoller nun diario de campo a memoria do módulo de formación práctica como elemento de aprendizaxe reflexiva por parte do alumnado.

5. Promove o desenvolvemento ético e moral do persoal técnico e persoas deportistas de alto rendemento valorando o impacto que os seus comportamentos e actitudes teñen a nivel social, especialmente a través dos medios de comunicación.

a) Analizouse a bibliografía existente identificando e describindo os valores máis relevantes relacionados co alto rendemento.

b) Identificáronse os valores e actitudes que transmiten o persoal técnico e as persoas deportistas de alto rendemento, especialmente a través dos medios de comunicación.

c) Analizáronse as características que debe ter o tratamento da información deportiva nos medios de comunicación para facer efectivo o tratamento igualitario entre homes e mulleres.

d) Analizouse a repercusión mediática de comportamentos deportivos e antideportivos do persoal técnico e das persoas deportistas de alto rendemento, e a súa influencia social.

e) Argumentouse a importancia de que o persoal técnico de alto rendemento asuma as responsabilidades éticas do seu comportamento á hora de transmitir valores persoais e sociais.

f) Identificouse e valorouse a importancia dos propios prexuízos e estereotipos de xénero e prexuízos de índole afectivo-sexual de persoas deportistas e corpo técnico na súa interacción cos medios de comunicación.

g) Argumentouse a importancia da atención á diversidade na valoración do éxito deportivo, dando cabida a outros colectivos normalmente menos valorados e persoas con discapacidade.



6. Participa na organización da formación do persoal técnico deportivo, analizando as características dos centros docentes e a normativa sobre responsabilidade do profesorado.

a) Identificáronse as funcións dos diferentes órganos dun centro educativo.

b) Analizouse o alcance da finalidade e os obxectivos das ensinanzas deportivas, con especial atención ao fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como a atención a persoas con discapacidade.

c) Identificáronse os diferentes tipos de centros en que se poden impartir as ensinanzas deportivas de réxime especial.

d) Analizouse a normativa que rexe o funcionamento e organización dun centro docente que imparta ensinanzas deportivas.

e) Analizáronse as diferentes formas de colaboración entre as administracións educativas e as federacións deportivas para impartir as ensinanzas deportivas.

f) Analizouse a normativa básica de avaliación aplicable ás ensinanzas deportivas.

g) Describíronse os requisitos do profesorado especialista na administración educativa.

h) Identificáronse as responsabilidades atribuíbles ao profesorado especialista na docencia das ensinanzas deportivas.

E) Contidos.

1. Imparte formación do persoal técnico deportivo, analizando as condicións que facilitan a aprendizaxe de persoas adultas e as estratexias de aprendizaxe axeitadas para a adquisición de competencias profesionais.

- Características psicosociais do alumnado adulto: implicacións na aprendizaxe; métodos de valoración psicosocial.

- Teorías cognitivas da aprendizaxe de futuros/as formadores ou formadoras: estilos e estratexias.

- Modelos de formación do profesorado: modelo técnico; modelo cognitivo-reflexivo.



- Intervención do profesorado con alumnado adulto: estilos de ensinanza no ensino de réxime presencial e a distancia; individualización do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Os principios de normalización e atención á diversidade.

2. Elabora a programación didáctica dos módulos de ensino deportivo, analizando a súa normativa de ordenación, os seus procesos de programación, secuenciación e avaliación, e concretando os elementos que constitúen a programación.

- As ensinanzas deportivas no sistema educativo.

- Ordenación, estrutura e organización básica.

- Pasarelas entre as ensinanzas deportivas e o resto do sistema educativo.

- O Sistema nacional de cualificacións e formación profesional: oferta formativa en relación coas ensinanzas deportivas.

- Características dos ámbitos conceptual, procedemental e actitudinal nos obxectivos dos diferentes ciclos.

- Conceptos, procedementos e actitudes dos resultados de aprendizaxe dos módulos do bloque específico.

- Análise do perfil profesional dos ciclos de ensino deportivo en relación cos obxectivos xerais do seu currículo básico.

- O bloque específico nas ensinanzas deportivas: programación dos módulos específicos, de formación práctica e proxecto final.

- Capacidades conceptuais, procedementais e actitudinais que soportan os resultados de aprendizaxe dos módulos do bloque específico.

- Elementos propios da programación didáctica dos módulos específicos de ensino deportivo.

- Elementos propios da programación didáctica do módulo de formación práctica.

- Elementos propios da programación didáctica do módulo de proxecto final do ciclo superior.



- Características diferenciais da programación didáctica presencial e a distancia.
  - A avaliación no ámbito das ensinanzas deportivas.
    - Avaliación das competencias profesionais no ámbito da actividade física e do deporte.
    - Características dos criterios de avaliación de resultados de aprendizaxe propios dos módulos do bloque específico.
    - Normativa de referencia na avaliación, cualificación, certificación e rexistro.
    - Aplicación de instrumentos de avaliación ao proceso de aprendizaxe do alumnado.
  - Concreción dos elementos da programación didáctica dos módulos do bloque específico.
  - Ferramentas para a adaptación curricular: modificacións nos elementos de acceso ao currículo.
    - Exemplos de adaptación curricular para a discapacidade física e sensorial.
    - Principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
    - Manexo da diversidade cultural e social do alumnado.
3. Programa e dirixe sesións de formación do persoal técnico deportivo analizando as características e elaborando materiais, medios e recursos didácticos propios das ensinanzas deportivas.
- Características, recomendacións de uso e criterios de selección dos diferentes recursos didácticos que se van utilizar na formación de formadores ou formadoras.
    - Recursos tradicionais.
      - O encerado.
      - O virafollas.
      - O retroproxeutor.
      - Medios impresos: apuntamentos, láminas, carteis, etc.





- Novas tecnoloxías.
  - Medios audiovisuais: reprodución de soportes dixitais.
  - Medios informáticos: canón de proxección. Ensino asistido por ordenador: o PC e a tableta PC.
  - Medios interactivos: encerado dixital (táctil e portátil). Videoconferencia.
- Elaboración de materiais e medios didácticos propios da formación de persoal técnico, presencial e a distancia.
  - Documentación: procuras documentais; bases de datos especializadas; revisións bibliográficas; revisións de webs; xestión da información; proceso de procura-selección-integración; sistemas de citación documental propios do ámbito científico.
- Estratexias para a programación, presentación oral e avaliación de sesións na formación de persoal técnico:
  - Estruturación dos contidos.
  - Estratexias para conectar coa audiencia.
  - Estratexias de utilización eficaz dos recursos didácticos, así como das alternativas no caso de fallo técnico.
  - Estratexias para o peche da presentación.
  - Valoración da sesión.
  - As necesidades educativas especiais: causas e implicacións didácticas.
  - Recursos didácticos para aplicar de forma efectiva o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
  - Metodoloxías de ensino en contexto de formación de formadores: método de caso; a lección maxistral; incentivación da aprendizaxe cooperativa; incentivación da aprendizaxe autónoma.



4. Titoriza persoal técnico deportivo no seu proceso de formación específica (módulos específicos, de formación práctica e proxecto final), identificando as estratexias e procedementos para o seu seguimento e avaliación.

- O seguimento e titorización dos módulos do bloque específico, presenciais e a distancia:

- Análise da relación curricular existente entre os distintos módulos dos bloques común e específico.

- Funcións e efectos da titoría na consecución dos resultados de aprendizaxe dos módulos do bloque específico.

- O módulo de formación práctica.

- Identificación dos recursos existentes para o establecemento de contactos e convenios con entidades colaboradoras.

- Utilización de aplicacións informáticas específicas para a xestión e seguimento do módulo de formación práctica.

- Titorías de grupo: análise de dinámicas de traballo presenciais e a distancia.

- Avaliación: criterios de elaboración de guións e criterios de avaliación aplicables ás memorias, diarios de campo e outros documentos de avaliación do módulo de formación práctica.

- O módulo de proxecto final.

- Dirección e titoría de proxectos: pautas de actuación, asesoramento e control no seu seguimento.

- Criterios de pertinencia e viabilidade dun proxecto: interrogantes para manifestar na súa formulación (razóns, fins, persoas beneficiarias, recursos, actividades, temporización, etc.).

- Estrutura e contidos básicos na formulación de proxectos. Adaptacións en función da súa temática.



– Avaliación: elección dos criterios de elaboración e avaliación de presentacións orais e escritas.

5. Promove o desenvolvemento ético e moral do persoal técnico e persoas deportistas de alto rendemento valorando o impacto que os seus comportamentos e actitudes teñen a nivel social, especialmente a través dos medios de comunicación.

- Impacto do deporte de alto rendemento.
- Actitudes e valores propios do deporte de alto rendemento.
- Deporte e medios de comunicación.
- Análise de contido da información deportiva nos medios de comunicación.

– A atención a colectivos desfavorecidos no alto rendemento deportivo: valoración do éxito en mulleres e persoas con discapacidade. Tratamento nos medios de comunicación.

– Importancia dos propios prexuízos e estereotipos de xénero de persoas deportistas e corpo técnico na súa interacción cos medios de comunicación.

6. Participa na formación do persoal técnico deportivo, analizando as características dos centros docentes e a normativa sobre responsabilidade do profesorado.

• Centros de ensinanzas deportivas. Tipos e características. Organización e funcionamento.

• Obxectivos das ensinanzas deportivas: a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a atención ás persoas con discapacidade.

• Profesorado especialista. Características.

• Normativa básica sobre a organización e xestión das ensinanzas deportivas. Títulos e currículos.



Módulo común de ensino deportivo: Organización e xestión aplicada ao alto rendemento.

Código: MED-C304.

Este módulo contén a formación necesaria para que o alumnado coñeza e aplique a normativa para o desenvolvemento das competicións de alto nivel, tanto no que se refire á organización da competición como aos requisitos que en materia de seguridade deben cumprir as instalacións destinadas a elas.

Presenta un marcado carácter procedemental de realización de trámites e procesos para a organización correcta dunha competición de alto nivel de seguridade (prevención, trámites administrativos...), así como dirección, xestión e coordinación doutros técnicos nunha organización deportiva (club, empresa, asociación...), e de acompañamento destes e das persoas deportistas na competición.

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *h*, *i*, *j* e *m*, e as competencias *h* e *i* do ciclo de grao superior en Augas Bravas.

B) Estratexias metodolóxicas

Propónse a utilización de metodoloxías activas que propicien a participación e reflexión do alumnado mediante o desenvolvemento de actividades prácticas. Estas poden ser complementadas mediante recursos audiovisuais propios do alto nivel.

C) Orientacións pedagóxicas

Co obxecto de acadar os correspondentes resultados de aprendizaxe, súxírese a agrupación de contidos en bloques, coa seguinte secuencia de impartición:

1º) nº 4, nº 5 e nº 1.

2º) nº 2 e nº 3.

3º) nº 6.

Este módulo debe impartirse simultaneamente co módulo Factores psicosociais do alto rendemento, pola súa relación cos resultados de aprendizaxe que atinxen á xestión das



competicións e para ter en conta nos acompañamentos das persoas deportistas e factores asociados á dinámica da competición (por exemplo, o estrés que se poida derivar da participación nas ditas competicións, ansiedade...).

D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Supervisa as condicións de seguridade das instalacións e medios propios do alto rendemento deportivo, aplicando os procedementos establecidos e relacionándoos coa normativa vixente.

a) Analizáronse os requisitos que deben cumprir as instalacións de alto rendemento para a práctica da actividade segundo a normativa vixente.

b) Relacionáronse as condicións laborais nunha instalación de alto rendemento coa saúde do persoal.

c) Describíronse as situacións de risco, enfermidades profesionais e accidentes máis habituais nos contornos laborais das instalacións dedicadas ao alto rendemento.

d) Analizáronse os procedementos de control da seguridade aplicables nas instalacións dedicadas ao alto rendemento deportivo e, en especial, no plan de actuación de emerxencias.

e) Valorouse a importancia dunha actitude preventiva en todos os ámbitos de xestión dunha instalación dedicada ao alto rendemento deportivo.

f) Identificáronse os elementos organizativos básicos das instalacións dedicadas ao alto rendemento.

g) Analizáronse os trámites exixidos pola normativa vixente na petición de financiamento dunha instalación deportiva dedicada ao alto rendemento.

h) Caracterizáronse as partes que compoñen un plan de prevención de riscos laborais dunha instalación dedicada ao alto rendemento deportivo, incluídas as funcións e accións vinculadas a cada parte.

i) Argumentouse a necesidade e importancia de establecer un plan de prevención de riscos laborais nunha instalación deportiva de alto rendemento que inclúa a secuenciación de actuacións que se deben realizar en caso de emerxencia.



j) Analizouse e exemplificouse a normativa sobre accesibilidade nas instalacións deportivas por parte de persoas con discapacidade ou mobilidade reducida.

2. Organiza e realiza actividades de xestión e constitución dunha organización deportiva ou empresa, analizando os obxectivos e estrutura desta e relacionándoas coa normativa vixente.

a) Analizáronse as diferentes formas xurídicas e estrutura das organizacións deportivas ou empresas.

b) Aplicáronse os pasos necesarios na creación dunha organización deportiva en función do seu ámbito de actuación.

c) Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias e xestoras, en función da forma xurídica elixida para a organización deportiva ou a empresa.

d) Analizáronse as posibles vías de apoio económico existentes para a creación e xestión dunha organización deportiva ou empresa segundo as características desta.

e) Realizáronse, en supostos prácticos, os trámites exixidos pola normativa vixente para a petición de axudas á creación e xestión das organizacións deportivas ou empresas.

f) Realizáronse os trámites necesarios para a solicitude de recoñecemento de entidade de utilidade pública.

3. Dirixe unha organización deportiva aplicando procedementos de xestión económica e contable dela.

a) Describíronse os conceptos e as técnicas básicas de xestión e rexistro contables.

b) Analizáronse os procedementos administrativos básicos relativos á xestión dunha organización deportiva.

c) Cubríronse os documentos básicos comerciais e contables dunha organización deportiva.

d) Aplicáronse procedementos na confección da documentación administrativo-comercial derivada do desenvolvemento da actividade deportiva.



e) Valorouse a importancia da organización e a orde nos procedementos de xestión económica e contable.

f) Identificáronse as principais obrigas fiscais e tributarias dunha organización deportiva ou empresa en relación co seu obxectivo de actuación.

g) Cumpríronse os protocolos de declaración-liquidación dos impostos de IAE, IVE, IRPF e imposto de sociedades.

h) Argumentáronse os problemas derivados do incumprimento das obrigas fiscais e tributarias dunha organización deportiva ou empresa.

i) Realizáronse supostos de solicitude das diferentes exencións fiscais establecidas para o sector deportivo.

4. Organiza e xestiona competicións e eventos propios do nivel de tecnificación deportiva, analizando os requisitos administrativos, os medios materiais e humanos necesarios en relación co marco legal que os regula e os criterios de sustentación.

a) Describiuse a estrutura organizativa que ten unha competición de tecnificación deportiva.

b) Identificáronse as funcións que se deben realizar na organización dunha competición de tecnificación deportiva.

c) Analizouse o impacto da celebración dunha competición ou evento deportivo sobre o contorno en que se desenvolve.

d) Enumeráronse os criterios de sustentación aplicables á organización dunha competición ou evento deportivo.

e) Analizáronse as responsabilidades que ten a organización dunha competición ou evento deportivo.

f) Describíronse as axudas ao patrocinio do deporte feminino como estratexia na organización dunha competición ou evento deportivo neste ámbito.

g) Describíronse as principais vías de financiamento da organización dunha competición deportiva.



h) Descríbóronse as diferentes alternativas de xestión e difusión dos resultados durante unha competición deportiva.

i) Aplicáronse os procedementos de organización en supostos prácticos de actos protocolarios de apertura, entrega e clausura dunha competición deportiva.

j) Descríbóronse as exigencias de seguridade e de atención ás emerxencias que debe prever a organización dun acto deportivo.

5. Acompaña as persoas deportistas nas competicións de alto rendemento, identificando o marco legislativo e organizativo en que se encadra este tipo de competicións e analizando as normativas que lle poden ser de aplicación a persoas deportistas profesionais, a persoas deportistas de alto nivel (DAN) e a persoas deportistas de alto rendemento (DAR).

a) Analizouse a normativa deportiva de ámbito internacional, relacionándoa coa estrutura administrativa do deporte.

b) Descríbóronse as estruturas e as funcións dos organismos deportivos internacionais máis importantes e as súas funcións.

c) Relacionouse a estrutura administrativa internacional coa normativa de competición.

d) Descríbóronse as funcións e o réxime disciplinario/sancionador da Axencia Mundial Antidopaxe e as súas relacións cos organismos nacionais e internacionais do deporte.

e) Descríbóronse as vantaxes que outorga a normativa española ás persoas deportistas profesionais.

f) Analizáronse as características do deporte profesional en España.

g) Analizouse a normativa que afecta as persoas deportistas de alto nivel e alto rendemento en España.

h) Analizáronse as características dos programas de axuda á preparación das persoas deportistas de alto nivel dos deportes olímpicos e paralímpicos e, especialmente, en modalidades deportivas onde aínda exista unha representación feminina reducida.





6. Selecciona as oportunidades de emprego, identificando as súas posibilidades de inserción laboral e as alternativas de aprendizaxe permanente.

a) Valorouse a importancia da formación permanente como factor clave na empregabilidade e a adaptación ás exigencias do mercado laboral e da modalidade deportiva.

b) Identificáronse os itinerarios formativos profesionais que completan o seu perfil profesional e aumentan a súa empregabilidade.

c) Determináronse as técnicas utilizadas no proceso de busca de emprego.

d) Describíronse posibilidades de autoemprego relacionándoas co seu perfil profesional.

e) Realizouse a autovaloración da personalidade, aspiracións, actitudes e formación propia para a toma de decisións.

E) Contidos.

1. Supervisa as condicións de seguridade das instalacións e medios propios do alto rendemento deportivo, aplicando os procedementos establecidos e relacionándoos coa normativa vixente.

- Centros de alto rendemento (CAR) e centros de tecnificación deportiva (CTD). Tipos, características e normativa aplicable.

- Estrutura e organización dos CAR e CTD. Normativa de aplicación. Axudas e subvencións.

- Prevención e seguridade nas instalacións. Normativa de aplicación. Avaliación de riscos laborais.

- Fases do plan de prevención. Identificación e características. Conceptos básicos sobre organización de prevención de riscos laborais. Órganos que forman parte do plan de prevención.

- Plan de emerxencias. Elaboración e aplicación do plan de emerxencias. Protocolos de evacuación.

- Importancia das medidas de protección e prevención no ámbito laboral.



- O principio de accesibilidade universal aplicado ás instalacións e equipamentos deportivos.

- Requirimentos legais e técnicos das instalacións deportivas en relación coa accesibilidade física e na comunicación.

- Normativa estatal e da Comunidade Autónoma.

2. Organiza e realiza actividades de xestión e constitución dunha organización deportiva ou empresa, analizando os obxectivos e estrutura desta, e relacionándoas coa normativa vixente.

- Organizacións e empresas deportivas. Formas xurídicas. Estrutura e funcións.

- Requisitos legais de constitución de organizacións deportivas e empresas.

- Elección da forma xurídica.

- Vías de financiamento das organizacións deportivas e empresas deportivas. Axudas e subvencións. Tramitación de solicitudes de axudas e subvencións.

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, na xestión e constitución dunha organización deportiva.

3. Dirixe unha organización deportiva aplicando procedementos de xestión económica e contable desta.

- Concepto de contabilidade. Nocións básicas.

- Análise da información contable.

- Obrigas fiscais das organizacións deportivas ou empresas de servizos deportivos.

- Xestión administrativa de organizacións deportivas ou empresas deportivas.



4. Organiza e xestiona competicións e eventos propios do nivel de tecnificación deportiva, analizando os requisitos administrativos, os medios materiais e humanos necesarios, en relación co marco legal que as regula e os criterios de sustentación.

- Competicións deportivas. Estrutura organizativa básica. Funcións e responsabilidades.

- Vías de apoio económicas e materiais.

- Apoio ao patrocinio do deporte feminino e a súa importancia na organización de eventos desta natureza.

- Organización de actos de protocolo.

- Seguridade nas competicións ou eventos deportivos.

- Xestión e difusión dos resultados das competicións deportivas.

- Sustentabilidade en competicións e eventos deportivos.

- Medidas para minimizar as afeccións na biodiversidade e para contribuír á restauración de zonas afectadas. Preservación de zonas fráxiles, patrimonio arqueolóxico, histórico e cultural.

- Medidas de aforro e uso eficiente da auga.

- Xestión de residuos e limpeza.

- Minimizar o uso de enerxía e fomento de enerxías renovables.

5. Acompaña as persoas deportistas nas competicións de alto rendemento, identificando o marco legislativo e organizativo en que se encadra este tipo de competicións e analizando as normativas que lle poden ser de aplicación a persoas deportistas profesionais, a persoas deportistas de alto nivel (DAN) e a persoas deportistas de alto rendemento (DAR).

- Deporte internacional.

- Normativa de referencia: Carta olímpica. Carta europea do deporte para todos: persoas con discapacidade. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa



inclusión social. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade: Resolución da Asemblea Xeral da ONU do 13 de decembro de 2006 (artigo 30.5).

– Organismos internacionais. Estrutura e funcións: Comité Paralímpico Internacional, COI, TAS, AMA e outros.

– Réxime disciplinario.

• Deporte profesional. Concepto.

– Regulación laboral especial. Real decreto 1006/1985, do 26 de xuño, polo que se regula a relación laboral especial das persoas deportistas profesionais.

– Ligas profesionais españolas. Características.

• Deporte de alto nivel e de alto rendemento.

– Normativa de aplicación DAN-DAR.

– Plan ADO. Características.

– Plan ADOP. Características.

– Programas de apoio ás persoas deportistas DAN e DAR en modalidades deportivas onde se encontran pouco representadas.

6. Selecciona as oportunidades de emprego, identificando as súas posibilidades de inserción laboral e as alternativas de aprendizaxe permanente.

• Valoración da importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional do persoal técnico deportivo superior.

• Análise dos intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.

• Identificación dos itinerarios formativos relacionados co persoal técnico deportivo superior.

• O proceso de busca de emprego.



- Técnicas e instrumentos de busca de emprego.
- O proceso de toma de decisións.

Módulo específico de ensino deportivo: Módulo de planificación do alto rendemento.

Código: MED-PIAB301.

Este módulo contén a formación necesaria para que o alumnado adquira os fundamentos da planificación deportiva para o alto rendemento desde o inicio da práctica, de acordo coas características de cada etapa, os criterios de detección e selección e os coñecementos para a valoración das cargas de adestramento e a súa cuantificación.

#### A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *a, b, c, e, f, h, o, r, u* e *v*, e as competencias *a, b, c, d, e, g, h, ñ* e *p* do ciclo de grao superior en piragüismo de Augas Bravas.

#### B) Estratexias metodolóxicas

A metodoloxía de ensino debe dar continuidade aos contidos desenvolvidos no ciclo final do grao medio en piragüismo de augas bravas. Así pois, neste módulo axustarémonos ao alto rendemento deportivo.

O proceso de aprendizaxe do alumnado debe levalo cara a unha visión global da carreira deportiva, dándolle a capacidade de adaptar os contidos a cada etapa da vida deportiva dun padexeiro ou dunha padexeira.

A maior parte dos contidos deste módulo poden impartirse a distancia mediante materiais escritos e audiovisuais. Contar con estes recursos será imprescindible. A partir dos contidos teóricos do módulo pode ser interesante formular traballos en grupo e/ou individuais formulando situacións reais que deban ser traballadas. As tecnoloxías da comunicación poden ser un apoio fundamental no desenvolvemento da aprendizaxe.

O RA 3 é de grande importancia na aprendizaxe do módulo, para vincular todos os contidos anteriores e, a través dun proceso de reflexión, ser capaz de ter a visión global da formación dun padexeiro ou dunha padexeira de alto rendemento desde as primeiras fases



da súa vida deportiva. Ademais, permite interiorizar a importancia da correcta planificación do adestramento a longo prazo na consecución de resultados.

C) Orientacións pedagóxicas.

En canto á orde de impartición dos resultados de aprendizaxe deste módulo, debe ser a mesma que a establecido no título. Dado o carácter teórico do módulo, pódese impartir de forma semipresencial con apoio dos materiais (texto, audiovisuais...) e facendo uso das tecnoloxías da comunicación para asegurar a correcta aprendizaxe do alumnado.

No RA 2 será de especial importancia que se asegure da correcta interpretación dos datos para a súa correcta utilización no desenvolvemento dunha planificación deportiva.

D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Programa e valora a preparación a longo prazo do padexeiro ou da padexeira de sláalom no alto rendemento, analizando os modelos de preparación a longo prazo, as características dos ámbitos académicos e profesionais habituais, seleccionando a información necesaria e aplicando instrumentos de recollida desta.

a) Analizáronse as características dos diferentes modelos de programación dos ciclos de preparación supraanual (vida deportiva e ciclo olímpico) segundo a etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira.

b) Xerarquizáronse os obxectivos de cada unha das etapas nunha planificación a longo prazo dun padexeiro ou dunha padexeira de sláalom, identificando os factores determinantes de cada etapa.

c) Analizáronse as características dos diferentes modelos de planificación dos macrociclos, mesociclos e microciclos en sláalom en función dos obxectivos establecidos e da súa adecuación á etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira no alto rendemento.

d) Identificáronse e explicáronse os diferentes factores que inflúen na elaboración dun programa de adestramento anual e cuadrienal.

e) Elaboráronse os obxectivos de preparación e rendemento nun programa anual, en función do modelo de programación e da etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira no alto rendemento.



f) Definíronse os diferentes ámbitos académicos e profesionais habituais e o seu efecto sobre as programacións no alto rendemento.

g) Analizáronse as consecuencias do calendario de competición e as condicións das competicións na planificación do adestramento a curto, medio e longo prazo do padexeiro ou da padexeira de sláalom de alto rendemento.

h) Caracterizáronse as diferentes etapas, ciclos ou períodos en que se subdivide unha programación anual (mesociclos e microciclos).

i) Elaborouse un programa de preparación anual e cuadrienal, presentando adaptacións a diferentes obxectivos.

j) Identificouse o tipo de información que se debe ter en conta na programación a longo prazo, en especial a dos especialistas colaboradores.

k) Aplicáronse métodos de recollida e análise da información sobre a persoa deportista e o contorno para ter en conta na programación a longo prazo.

2. Rexistra e valora a carga de adestramento na preparación da persoa deportista de sláalom, analizando os factores que determinan a carga de adestramento en sláalom e aplicando instrumentos de cuantificación e procesamento da información.

a) Caracterizáronse os indicadores que permiten a cuantificación da carga de traballo técnico, táctico e psicolóxico no adestramento de sláalom.

b) Caracterizáronse os indicadores que permiten a cuantificación da carga de traballo condicional no adestramento de sláalom.

c) Analizáronse os métodos ou sistemas de cuantificación da carga de traballo condicional no adestramento de sláalom.

d) Xustificouse a dinámica de cargas dos diferentes factores de rendemento deportivo nunha programación anual de sláalom, en función das características da programación e dos obxectivos formulados.

e) Aplicáronse programas informáticos específicos á cuantificación da carga de traballo no adestramento de sláalom.



f) Aplicáronse instrumentos de representación gráfica da carga de traballo no adestramento de sláalom.

g) Analizáronse as utilidades da cuantificación e seguimento da carga do adestramento no control e axuste da preparación en sláalom.

h) Valorouse a importancia da cuantificación e o seguimento da carga de adestramento na optimización da preparación en sláalom.

3. Elabora programas de detección de talentos das modalidades de augas bravas, analizando as características das etapas do desenvolvemento da vida deportiva dos padexeiros ou das padexeiras de sláalom e xustificando os criterios de detección e/ou selección e relacionándoo cos programas de traballo a longo prazo.

a) Caracterizáronse os factores que inflúen no desenvolvemento do talento deportivo en sláalom.

b) Analizáronse as fases de desenvolvemento do padexeiro ou da padexeira de sláalom e os obxectivos e as capacidades de cada fase ata a consecución do alto rendemento deportivo e o abandono da vida deportiva.

c) Relacionáronse os obxectivos de cada fase do desenvolvemento do padexeiro ou da padexeira de sláalom cos programas axeitados de adestramento.

d) Caracterizáronse os conceptos e fases do proceso de detección, identificación e selección de talentos.

e) Analizáronse os programas de detección de talentos deportivos en sláalom establecidos polas administracións deportivas de acordo coas características específicas da modalidade de sláalom.

f) Seleccionáronse os medios materiais e humanos necesarios para a implantación e implementación dun programa de detección, identificación e selección de talentos en sláalom.

g) Xustificáronse os criterios de detección, identificación e selección de talentos en función da etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira.





h) Seleccionáronse e describíronse as técnicas e os instrumentos de valoración das capacidades e modos de comportamento propios do alto nivel en sláalom e da etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira.

i) Elaborouse un proxecto de programa de detección de talentos en sláalom.

E) Contidos.

1. Programa e valora a preparación a longo prazo do padexeiro ou da padexeira de sláalom no alto rendemento, analizando os modelos de preparación a longo prazo, as características dos ámbitos académicos e profesionais habituais, seleccionando a información necesaria e aplicando instrumentos de recollida desta.

- Planificación a longo prazo: o desenvolvemento das diferentes capacidades do padexeiro ou da padexeira no tempo.

- Características das etapas de crecemento e a súa relación coas capacidades que debe desenvolver a persoa deportista de sláalom.

- A importancia para o sláalom da idade biolóxica.

- O adestramento a longo prazo e o adestramento multilateral.

- Factores determinantes dun programa.

- Factores fisiolóxicos.

- Factores técnicos.

- O programa de adestramento: ciclos anuais e olímpicos.

- A planificación do adestramento en sláalom.

- O obxectivo deportivo nunha planificación a medio e longo prazo.

- Etapas deportivas do padexeiro ou da padexeira de sláalom. Obxectivos e características.



- Os ámbitos educativos actuais nas idades do alto rendemento.
    - Sistemas e posibilidades.
    - Diferentes modelos do noso ámbito.
  - Os ámbitos profesionais nas etapas de alto rendemento e pos– competitivo.
    - Sistemas e posibilidades.
    - Diferentes modelos do noso ámbito.
  - Modelos de planificación tipo: adaptacións respecto aos modelos estándar e individualizacións.
  - Macro ciclos, mesociclos e microciclos no alto rendemento.
    - Características segundo a etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira.
    - O calendario como factor determinante dunha programación.
      - Calendario de competición no alto nivel.
      - Análise de factores de influencia: calendario nacional, calendario internacional.
      - Calendario nacional, calendario de actividades rexionais.
      - Criterios de localización dos diferentes eventos deportivos.
      - Procedementos e requisitos na elaboración dun calendario internacional.
2. Rexistra e valora a carga de adestramento na preparación da persoa deportista de sláalom, analizando os factores que determinan a carga de adestramento en sláalom e aplicando instrumentos de cuantificación e procesamento da información.
- A carga de adestramento en alto rendemento.
    - Os compoñentes da carga de adestramento no alto rendemento.
    - As relacións entre volume, intensidade, densidade e frecuencia no caso do sláalom.



- O adestramento técnico específico e a súa cuantificación.
- Indicadores de medida da carga condicional, técnica, táctica e psicolóxica.
- Elementos de medida dos compoñentes da carga.
- Dinámica da carga do traballo condicional, técnico, táctico e psicolóxico.
- A cuantificación e o rexistro.
- Pulsímetros.
- Rexistros.
- Procesamento da información.
- Ferramentas representativas da evolución da carga.
- Xestión informática da información: gráficas, táboas, comparativas.
- Sistemas e criterios de almacenamento e control da información.

3. Elabora programas de detección de talentos das modalidades de augas bravas, analizando as características das etapas do desenvolvemento da vida deportiva dos padexeiros ou padexoiras de sláalom, xustificando os criterios de detección e/ou selección e relacionándoo cos programas de traballo a longo prazo.

- Fases de desenvolvemento do padexeiro ou da padexeira de sláalom. Obxectivos e capacidades.
- O programa de detección de talentos como base do deporte nacional.
- Principios do programa.
  - Probas de condición física. Test de aptitude física para a identificación de talentos.
- Bases para a identificación e condución de talentos en sláalom: a aptitude.
- Obxectivos por idades. A maduración como eixe da planificación.



- As variables que cómpre valorar en función de sexo, idade e madureza.
- Criterios de detección: a importancia da homoxeneización dos principios.
- Criterios de selección: características básicas e o seu encaixe co resto de programas.
- Instrumentos de valoración.
- Avaliación dos programas de detección de talentos.
  - Avaliación inmediata.
  - Avaliación a medio e longo prazo.
  - Seguimento.
- Ferramentas do persoal técnico: cadros de persoal técnico.
- Os programas de detección de talentos en vigor.
  - Programas nacionais. Estrutura, medios humanos e materiais.
  - Programas autonómicos. Estrutura, medios humanos e materiais.
  - Outros modelos no noso contorno.

Módulo específico de ensino deportivo: Módulo de perfeccionamento técnico en sláalom.

Código: MEDPIAB-302.

Este módulo contén a formación necesaria para que o alumnado adquira os coñecementos necesarios sobre os parámetros e fundamentos biomecánicos que permitirán comprender e valorar os xestos técnicos no sláalom de alto nivel. A partir destes coñecementos o alumnado poderá valorar o rendemento técnico, as estratexias e métodos necesarios para dirixir e adaptar o adestramento técnico-táctico da persoa deportista.

Con este módulo, ademais, o alumnado adquirirá os coñecementos necesarios para a dirección de padexeiro ou padexeira en competición e o uso de métodos audiovisuais básicos no adestramento e na competición.



A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *c, d, e, h, l, m, o, r, s, t, u, e v* e as competencias *c, d, e, f, g, i, j, k, ñ, o, e p* do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas.

B) Estratexias metodolóxicas.

Este módulo dará continuidade ao módulo de Perfeccionamento técnico de piragüismo de augas bravas (MED-PIAB205) do ciclo final do grao medio.

Dado o carácter da maior parte dos contidos do módulo, o docente debe potenciar o uso de ferramentas audiovisuais para permitir unha mellor comprensión dos contidos, que tamén favorecerá o traballo en grupo, o que debe permitir un ambiente de intercambio de opinión e de reflexión. Débese fomentar este tipo de traballo mesmo para a formulación das propostas. En canto aos resultados de aprendizaxe, debe intentarse que os RA 2, RA 3, RA 5 e RA 6 se impartan de forma que se relacionen os seus contidos.

Será interesante tamén poder utilizar situacións reais ou simuladas para poder exercitar os contidos dos diferentes resultados de aprendizaxe. Sería moi adecuado poder contar coa colaboración de grupos de adestramento, sexan de clubs, centros, federacións...

C) Orientacións pedagóxicas

No referente á orde dos resultados de aprendizaxe, debe impartirse primeiro o RA 1 e o RA 2 para poder continuar despois cos seguintes. Para os outros catro RA, aínda que a orde non é fundamental, si que se establecen con certa orde lóxica, aínda que en función das estratexias metodolóxicas que se formulen poden impartirse con orde variada ou mesmo mellor de forma conxunta nalgúns puntos (o uso de medios audiovisuais e a súa aplicación poden impartirse de forma conxunta con outros RA se se realizan traballos con grupos de adestramento, por exemplo).

A norma establece que este módulo pode ser impartido a distancia. Non obstante e dado o carácter dos resultados de aprendizaxe, recoméndase que se imparta de maneira semi-presencial. Para iso, propónse que o material conceptual se traballe de xeito comprensivo a través do ensino a distancia e que, durante a parte presencial, se traballen os resultados de aprendizaxe 1, 3 e 6 vinculando os seus contidos cos do resto e aplicando o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.



Recoméndase que os RA 2 e 6 se impartan de forma presencial.

D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Interpreta o campo de forzas en augas bravas e analiza as consecuencias sobre a navegación, identificando os parámetros que interveñen na definición de traxectorias e categorizando a dificultade das situacións.

a) Identificáronse os movementos da auga, relacionándoos cos efectos sobre a navegación.

b) Estruturouse o modelo de análise das situacións básicas de navegación identificando os parámetros que condicionan as traxectorias de navegación.

c) Xustificáronse os criterios que categorizan a complexidade das situacións básicas de navegación en relación co obxectivo buscado.

d) Xerarquizáronse os criterios de análise do equilibrio nunha situación de navegación.

e) Xerarquizáronse os criterios de análise da condución nunha situación de navegación.

f) Xerarquizáronse os criterios de análise da propulsión nunha situación de navegación.

g) Xerarquizáronse os trazados que se poden establecer nun suposto de zona de navegación acoutada, en función da súa dificultade e do obxectivo que se debe conseguir (técnico ou condicional).

h) Analizáronse os protocolos básicos do deseño de trazados segundo os obxectivos de traballo técnico que se vai desenvolver.

i) Relacionáronse os factores relevantes de cada traxectoria de navegación cos percorridos tipo axeitados para o seu adestramento.

j) Deseñouse un trazado nun suposto práctico en que se establecen as características da zona de navegación, as manobras básicas que cómpre utilizar, as características da sesión e o obxectivo técnico previsto.

k) Xustificouse a necesidade de deseñar trazados con todo tipo de portas e movementos de auga, de cara a enriquecer a persoa deportista.



2. Valora a execución do xesto técnico do padexeiro ou da padexeira de sláalom de alto rendemento, identificando os fundamentos biomecánicos do traballo xestual, fundamentando o repertorio de manobras e traxectorias, relacionando os erros coas correccións.

a) Caracterizáronse os diferentes modelos xestuais básicos de condución, propulsión e equilibrio en auga lisa en caiac e canoa de sláalom.

b) Clasificáronse os grupos de exercicios de traballo dos modelos xestuais básicos en caiac e canoa de sláalom.

c) Concretáronse para un suposto práctico de padexeiro ou padexeira de caiac ou canoa os grupos de exercicios de traballo xestual.

d) Relacionáronse os diversos modelos xestuais cos campos de forzas en auga viva e os efectos en combinación co traballo nos eixes lonxitudinal e transversal.

e) Comparáronse as diversas manobras básicas de sláalom en auga lisa e auga viva e as súas adaptacións a diferentes traxectorias.

f) Clasificáronse os principios biomecánicos utilizados na análise dos xestos técnicos do/da caiaquista ou do/da canoísta de sláalom de alto rendemento.

g) Xustificouse a eficacia dos diferentes modelos xestuais de caiac ou canoa en cada manobra técnica básica de sláalom.

h) Relacionouse, nun suposto práctico de traxectoria executada por un/unha caiaquista ou un/unha canoísta de sláalom de alto rendemento, a morfoloxía da persoa deportista coa forma de utilización do xesto técnico.

i) Analizouse a metodoloxía de elaboración de traxectorias de forma progresiva a partir da combinación das manobras básicas en K-1, C-1 e C-2.

j) Diferenciáronse as diferentes progresións didácticas no traballo de traxectorias, establecendo os sistemas de corrección de erros de forma categorizada.

k) Clasificáronse as traxectorias en relación co xesto técnico, a morfoloxía e a estratexia de realización de cada padexeiro ou padexeira.

l) Valorouse a complexidade das solucións en relación co obxectivo buscado.



3. Valora o rendemento técnico-táctico do padexeiro ou da padexeira de sláalom de alto rendemento no adestramento e na competición, analizando a relación entre o proxecto de navegación, a execución e a autopercepción por parte do padexeiro ou da padexeira, as estratexias e métodos de traballo de axuste entre proxecto e realización, e identificando os erros e as estratexias de corrección.

a) Xustificouse a relación entre o proxecto de navegación e o rendemento técnico-táctico no sláalom de alto rendemento.

b) Analizáronse as características da información propioceptiva que o padexeiro ou a padexeira utiliza na autoavaliación do resultado obtido nun proxecto de navegación.

c) Analizouse a relación entre o ritmo de navegación, coa expectativa de resultado do proxecto de navegación e a duración do circuíto ou proxecto.

d) Analizáronse os factores internos que determinan a autopercepción do padexeiro ou da padexeira de sláalom respecto do seu rendemento en adestramento e competición.

e) Analizáronse os elementos que definen o proxecto de navegación dun padexeiro ou padexeira de alto rendemento.

f) Identificáronse os medios e métodos de presentación do proxecto de navegación dun padexeiro ou padexeira de sláalom de alto rendemento.

g) Analizáronse as estratexias cognitivas que o padexeiro ou a padexeira utiliza no axuste entre o proxecto de navegación e a autopercepción do rendemento.

h) Xustificáronse as características dos métodos específicos do alto rendemento en sláalom no desenvolvemento técnico e psicolóxico do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento.

i) Describíronse as formas de intervención do adestrador ou adestradora no adestramento técnico-psicolóxico do padexeiro ou da padexeira de sláalom no alto rendemento.

j) Analizáronse as estratexias de identificación e corrección dos erros no traballo de axuste entre o proxecto de navegación e a autopercepción do padexeiro ou da padexeira.

k) Interiorizouse a importancia da busca da excelencia no traballo técnico-táctico do padexeiro ou da padexeira de sláalom de alto rendemento.





4. Dirixe a persoa deportista en competicións de alto nivel, analizando os percorridos, fundamentando a preparación específica da competición, as modificacións durante ela e establecendo estratexias co padexeiro ou coa padexeira.

a) Relacionáronse os métodos de adaptación previa á competición, coas características das competicións de sláalom de alto nivel.

b) Xerarquizáronse os factores relevantes na preparación específica da estratexia do padexeiro ou da padexeira sobre un percorrido.

c) Xustificouse a necesidade de manter unha continuidade entre o adestramento e a preparación de competición, relacionándoo con protocolos individualizados.

d) Identificouse e analizouse, nun suposto práctico de competición, a información que un padexeiro ou unha padexeira de alto rendemento necesita para establecer a súa estratexia de competición.

e) Elixíronse, nun suposto práctico de competición de alto nivel de sláalom, o protocolo individualizado de preparación da estratexia de percorrido e o sistema de adestramento específico.

f) Xustificáronse os protocolos de actuación do persoal técnico sobre o padexeiro ou a padexeira de alto rendemento na preparación dunha competición.

g) Xustificáronse os criterios de selección de información do rendemento do padexeiro ou da padexeira (tempos parciais, imaxes, etc.) na preparación dunha competición de sláalom de alto nivel.

h) Seleccionáronse de forma xustificada, nun suposto práctico de competición, a información sobre tempos parciais e as imaxes que o técnico achega ao padexeiro ou á padexeira de alto rendemento.

i) Establecéronse, nun suposto práctico de competición de sláalom de alto nivel, os protocolos de traballo co padexeiro ou coa padexeira entre as mangas da competición.

j) Argumentáronse e xerarquizáronse as formas de actuación do persoal técnico entre clasificatorias e en semifinais en función do padexeiro ou da padexeira e do obxectivo.



k) Asumiuse como prioridade a individualización do traballo de preparación de competición por parte do padexeiro ou da padexeira e o rol de colaborador do persoal técnico para axudar no establecemento de estratexias.

5. Utiliza medios audiovisuais na valoración do rendemento do padexeiro ou da padexeira de sláalom no alto nivel, aplicando procedementos de procesamento da imaxe e métodos de análise específica.

a) Analizáronse os diferentes tipos de aparellos (cámaras, comprimidos, videocanle) de que se dispón para a captura de imaxes.

b) Xustificáronse os diferentes usos de cada sistema e as súas indicacións nas diversas situacións.

c) Analizáronse os sistemas de análise e avaliación utilizados na sesión de vídeo.

d) Analizouse a utilidade dos medios situados na internet na recollida de información sobre o rendemento do padexeiro ou da padexeira na competición.

e) Analizáronse os principais programas especializados en xestión de imaxes de adestramento ou competición.

f) Analizáronse os diferentes usos dos programas xenéricos de análise simple en relación co xesto técnico ou análise de traxectoria.

g) Demostrouse, nun suposto práctico de valoración técnica pos-competición, o uso dos programas xenéricos de análise multipista (paralelos e superpostos).

h) Aplicáronse os sistemas de transferencia de imaxes e información ao ordenador.

i) Xerarquizáronse os criterios de almacenamento de imaxes e permanencia destas.

j) Aplicáronse sistemas de almacenamento e acceso ás gravacións.

k) Xustificouse a necesidade de conseguir unha boa comunicación e transmisión da información ao padexeiro ou á padexeira e aplicando os sistemas actuais, coñecendo as súas utilidades e inconvenientes.



6. Adapta e concreta os ciclos e sesións de adestramento técnico-táctico no alto rendemento, analizando as programacións, a metodoloxía e os medios específicos de preparación e aplicando técnicas de dirección, organización e individualización.

a) Definíronse as etapas e os obxectivos do adestramento técnico-táctico do alto rendemento establecidos na programación de referencia.

b) Caracterizouse a progresión técnico-táctica como mecanismo de mellora do rendemento do padexeiro ou da padexeira do alto rendemento.

c) Analizáronse os obxectivos técnico-tácticos do padexeiro ou da padexeira de slalom de alto rendemento en relación coas particularidades do ámbito do padexeiro ou da padexeira e das características da tempada e a competición.

d) Analizáronse os criterios de adaptación dos medios e métodos de traballo técnico-táctico en función da etapa e momento da tempada.

e) Describíronse os protocolos básicos de preparación dunha sesión segundo os obxectivos de traballo técnico que se van desenvolver.

f) Xustificáronse os criterios de individualización do adestramento técnico-táctico en función das características do padexeiro ou da padexeira, do seu ámbito e dos seus obxectivos a curto e medio prazo.

g) Elaborouse unha programación de preparación técnico-táctica dun ciclo ou etapa de adestramento, nun suposto práctico de padexeiro ou padexeira de alto rendemento, concretando os obxectivos, métodos e adaptacións.

h) Analizáronse as incidencias máis habituais na sesión de traballo técnico-táctico no alto nivel, relacionándoas coas causas e coas diferentes estratexias de corrección.

i) Analizáronse e describíronse os principais sistemas e métodos de motivación na preparación técnico-táctica no alto rendemento e a súa inclusión de forma continuada na sesión de adestramento.

j) Identificáronse os criterios de calidade que definen a intervención do adestrador ou adestradora na sesión de adestramento técnico-táctico.



k) Xustificouse a necesidade de realizar adaptacións continuas sobre o programa e individualizacións destes.

E) Contidos.

1. Interpreta o campo de forzas en augas bravas e analiza as consecuencias sobre a navegación, identificando os parámetros que interveñen na definición de traxectorias e categorizando a dificultade das situacións.

- Estudo do campo de forzas.
  - Movementos de auga e os seus efectos na navegación.
- Análise das situacións básicas de navegación.
  - Fundamentos físicos.
    - Liña de flotabilidade.
    - Centro de gravidade.
    - Centro de carena.
  - Os eixes de equilibrio. Efectos do movemento de auga sobre os distintos eixes.
    - Adaptacións (amplificacións e reducións do efecto do movemento de auga).
- Fundamentos técnicos.
  - Análise de situacións de equilibrio.
  - Análise de situacións de conducción.
  - Análise de situacións de propulsión.
- A técnica de lectura, realización e adaptación.



- O deseño do trazado segundo o traballo técnico que se vai desenvolver.
  - Altura dos paus, número de paus por porta, número de portas por percorrido, flexibilidade de cambio rápido.
  - Trazados para: *decalé*, remontes, *chicane*, *porta ski*, marcha atrás.
  - Trazados para a combinación de figuras.
  - A simetría do trazado en adestramento e competición á hora de definir o percorrido.
  - A dificultade dos trazados segundo o nivel do padexeiro ou da padexeira e os obxectivos que se deben acadar.

2. Valora a execución do xesto técnico do padexeiro ou da padexeira de sláalom de alto rendimento, identificando os fundamentos biomecánicos do traballo xestual, fundamentando o repertorio de manobras e traxectorias e relacionando os erros coas correccións.

- O traballo xestual en K-1, C-1 e C-2.
  - Modelos xestuais básicos: condución, propulsión, equilibrio.
  - Relación dos modelos xestuais cos campos de forza, a morfoloxía do padexeiro ou da padexeira.
  - Repertorio de manobras técnicas tipo en auga lisa e formas de traballo no alto nivel.
  - Repertorio de manobras técnicas tipo en auga viva.
  - As especificidades do K-1, C-1 e C-2 no alto nivel.
  - Exercicios xerais, individuais.
- Principios biomecánicos.
  - Situacións tipo: sobre o eixe vertical, sobre o eixe lonxitudinal e sobre o eixe transversal.
  - Biomecánica: antecedentes, aplicacións e tipos.



– A contextualización do equilibrio na biomecánica: centro de gravidade, de masas e base de sustentación.

– Aliñación de forzas: inercia, pancas, coordinación.

• Análise biomecánica dos xestos técnicos.

– Técnicas instrumentais de biomecánica: protocolos e aparellos de análise utilizables en sláalom.

• Elaboración das traxectorias respecto á interrelación de manobras técnicas.

– Metodoloxía e criterios de progresividade.

– O uso do modelo como base para a individualización.

– A busca como sistema de adestramento.

– Corrección de erros.

3. Valora o rendemento técnico e táctico do padexeiro ou da padexeira de sláalom de alto rendemento no adestramento e na competición, analizando a relación entre o proxecto de navegación, a execución e a autopercepción por parte do padexeiro ou da padexeira, as estratexias e métodos de traballo de axuste entre proxecto e realización, e identificando os erros e as estratexias de corrección.

• O adestramento psicolóxico como parte inherente ao adestramento técnico.

– As adaptacións dos sistemas de adestramento psicolóxico ao caso do sláalom de alto nivel.

– O traballo da visualización no adestramento diario de sláalom.

– As estratexias de motivación no adestramento.

– A adaptación dos protocolos de adestramento psicolóxico á modalidade de sláalom.

– A preparación da competición.



– A progresión do adestramento psicolóxico no perfeccionamento do padexeiro ou da padexeira no camiño ao alto rendemento.

- Factores internos:

- Os ritmos de adestramento e a súa relación co adestramento técnico-psicolóxico.

- Factores que determinan a percepción do padexeiro ou da padexeira sobre a súa realización.

- Elementos que definen o proxecto de navegación.

- Esquema xeral de análise: equilibrio-condución-propulsión.

- O adestramento con avaliación e autoavaliación técnica.

- Os formatos de autoavaliación.

- A presentación do proxecto de navegación do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento: avaliación.

- O seu uso como ferramenta de mellora inmediata.

- A busca da excelencia como factor de adestramento psicolóxico.

- Sistemas de adestramento.

- Avaliación externa e interna por obxectivos.

- As situacións de presión como adestramento técnico-psicolóxico.

4. Dirixe a persoa deportista en competicións de alto nivel, analizando os percorridos, fundamentando a preparación específica da competición e as modificacións durante esta e establecendo estratexias co padexeiro ou coa padexeira.

- As competicións internacionais de alto nivel: características xerais.

- A preparación no período de adestramentos oficiais previo á competición.

- Recoñecemento do campo de competición.



- Adaptación ao campo.
  - Preparación específica da competición.
    - Análise de percorridos: individualización e protocolos.
      - Información necesaria, protocolos de recollida e selección.
      - Especificidades en canto a clasificatorias e semifinais-finais.
    - Adestramento específico.
    - Métodos específicos de preparación da competición.
      - Actuación do persoal técnico. O uso da información polo padexeiro ou pola padexeira: tempo e mecanismos de actuación.
        - O técnico como soporte psicolóxico.
        - A individualización do protocolo de preparación de competición como factor de éxito.
        - Adaptacións despois de clasificatorias e de semifinais, accións entre mangas.
        - O uso das informacións de tempos e imaxes.
5. Utiliza medios audiovisuais na valoración do rendemento do padexeiro ou da padexeira de sláalom no alto nivel, aplicando procedementos de procesamento da imaxe e métodos de análise específicos.
- Técnicas de xestión das imaxes no adestramento.
    - Recollida de datos: captura de vídeo.
      - Tipos de aparellos: cámaras de vídeo, foto, tabletas, videocanle. Colocación, velocidade de captura, resolución, formato...
    - Cronometraxe: tipos de aparellos (células, ordenador, sistemas de *videotracking*, entre outros).





- Avaliación da sesión.

- Métodos na internet: facilidades para a transmisión de información ao padexeiro ou á padexeira e as posibilidades tecnolóxicas.

- A transmisión da información ao padexeiro ou á padexeira: novas orientacións do traballo de vídeo (web 2.0).

- Transferencia da información ao ordenador.

- Sistemas e métodos de transferencia.

- Sistemas de traballo co vídeo.

- A sesión técnica grupal e individualizada:

- Obxectivos e formas de traballo.

- Sistemas de avaliación e autoavaliación da sesión de vídeo.

- Programas de vídeo e traballo sobre este.

- Programas especializados: Kinovea (Open source), Darfish, Sports-code.

- Programas xenéricos: Final cut, Adobe Premier.

- Análise simple: análise do xesto técnico (medida de parámetros biomecánicos, ángulos de articulacións, entre outras) e análise de traxectorias.

- Análise multipista: paralelos e superpostos.

- Persistencia e almacenamento dos datos: formatos e medios de almacenamento e acceso aos vídeos de forma rápida.

6. Adapta e concreta os ciclos e sesións de adestramento técnico-táctico no alto rendemento, analizando as programacións, a metodoloxía e os medios específicos de preparación e aplicando técnicas de dirección, organización e individualización.

- Programación do adestramento técnico-táctico.

- Períodos e obxectivos durante a tempada.



- Xerarquización de obxectivos, criterios de evolución e progresión.
- Factores condicionantes: ámbito do padexeiro ou da padexeira, características da tempada e da competición.
- Adaptación dos medios e métodos de adestramento técnico-táctico.
- Evolución ao longo da tempada.
- A progresión como método de adestramento técnico-táctico no alto nivel.
- A sesión de traballo técnico-táctico.
- Estrutura e obxectivos.
- Criterios de individualización e adaptación.
- Incidencias, causas e estratexias de corrección.
- Formas de intervención do adestrador ou adestradora de alto nivel. Proceso de intervención e metodoloxía.
- Obxectividade e comunicación.
- Verificación e valoración na sesión.
- Sistemas de corrección durante a sesión e durante a tempada.
- Motivación e adaptación á situación do padexeiro ou da padexeira e do adestrador ou adestradora.

Módulo específico de ensino deportivo: Preparación física en seco e en auga en slalom de alto nivel.

Código: MED-PIAB303.

Este módulo contén a formación necesaria para que o alumnado adquira os fundamentos necesarios para valorar a condición física do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento e a adaptación e concreción desta preparación, así como coñecer as necesidades



ergoxénicas e nutricionais dos padexeiros ou das padexeiras de sláalom e da xestión e planificación da recuperación de lesións.

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *a, c, e, f, h, l, ñ, r*, e as competencias *a, c, d, e, g, j, ñ* do ciclo superior de Piragüismo de Augas Bravas.

B) Estratexias metodolóxicas:

Este módulo recolle aspectos teóricos de importancia e de gran transcendencia para a formación de padexeiro ou padexeira de alto nivel con implicacións que van máis alá do simple rendemento deportivo. É importante que o docente transmita a importancia de aspectos como as axudas e os trastornos debidos á alimentación, así como a transcendencia dos temas relacionados co control antidopaxe, e da xestión e planificación como persoal técnico da recuperación das lesións e de como evitalas.

Pola propia natureza dos contidos deste módulo, será de grande utilidade o uso de materiais de texto, de materiais audiovisuais e utilizar estratexias que provoquen a participación, o debate e a reflexión.

Será moi importante formular os contidos de forma que permitan o traballo en grupo para favorecer a participación e o enriquecemento mutuo. O/a docente pode apoiarse en situacións e informacións reais para facilitar a adquisición dos coñecementos.

C) Orientacións pedagóxicas:

En canto á orde dos RA para ser impartidos, só debemos coidar de manter o RA 1 e RA 2 por esta orde. Polo que se refire aos outros dous RA, son independentes e poden organizarse en función das necesidades.

O desenvolvemento dos contidos dos RA 1, RA 2 e RA 4 debe partir da realidade do alto nivel para alcanzar os obxectivos propostos no ciclo. É importante, de todas as maneiras, que tanto no RA dedicado ás axudas ergoxénicas e nutricionais como no RA dedicado á recuperación de lesións se trate cunha visión xeral sobre a vida deportiva da persoa deportista. De forma especialmente importante, débese dar importancia á correcta planificación da preparación en todos os niveis para evitar lesións no alto nivel e a responsabilidade do persoal técnico superior nos labores de planificación correctas.



A norma establece que este módulo pode ser impartido a distancia. Non obstante e dado o carácter dos resultados de aprendizaxe, recoméndase que se imparta de maneira semi-presencial. Para iso propónse que o material conceptual se traballe de xeito comprensivo a través do ensino a distancia e que, durante a parte presencial ou mediante ferramentas de traballo colaborativo a distancia, se traballe na elaboración de proxectos onde se concreten en situacións reais ciclos de preparación, sesións de adestramento ou prácticas saudables.

Durante as clases presenciais débese insistir nos criterios de avaliación vinculados co tratamento da información obtida na valoración da condición física, coa valoración e análise de propostas de traballo (ciclos e sesións de adestramento), a dirección de sesións de adestramento, a elaboración de axudas específicas e a dirección da recuperación dos lesionados.

#### D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1) Valora a condición física do padexeiro ou da padexeira de sláalom de alto rendemento, identificando os parámetros de que depende, xustificando e aplicando as probas e tests específicos e tratando a información obtida.

a) Categorizáronse os factores condicionais de que depende o rendemento do padexeiro ou da padexeira de sláalom de alto rendemento.

b) Precisáronse as características do proceso de avaliación da condición física do padexeiro ou da padexeira, así como os factores necesarios para realizar un test coas especificidades de cada modalidade (K-1, C-1, C-2).

c) Xustificáronse os procedementos de avaliación das capacidades físicas requiridas polo padexeiro ou pola padexeira durante o adestramento e a competición.

d) Xustificouse o perfil fisiolóxico do padexeiro ou da padexeira de sláalom en relación coas particularidades da competición.

e) Fundamentáronse os criterios de deseño de tests de campo específicos en sláalom.

f) Establecéronse protocolos de recollida de información subxectiva en relación co nivel de rendemento físico e de fatiga presentado polo padexeiro ou pola padexeira.

g) Valoráronse métodos de recollida de información obxectiva sobre o rendemento físico e técnico do padexeiro ou da padexeira e a súa interrelación.



h) Aplicáronse métodos e técnicas de procesamento dos rexistros obtidos durante a valoración do rendemento físico do padexeiro ou da padexeira para a súa posterior utilización e rexistro.

i) Aplicáronse técnicas de arquivamento de datos sobre o rendemento físico.

j) Xustificouse a relación entre os factores condicionais do rendemento e o rendemento tanto no adestramento como na competición.

k) Decidíronse os métodos para compartir co padexeiro ou coa padexeira a información resultante das valoracións.

l) Interiorizouse a obriga de respectar a dignidade do padexeiro ou da padexeira á hora de realizar calquera tipo de avaliación.

2. Adapta, concreta e dirixe ciclos e sesións de adestramento da condición física do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento, analizando a programación de referencia, a metodoloxía e os medios específicos de preparación.

a) Definíronse as etapas e os obxectivos do adestramento da condición física do padexeiro ou da padexeira de sláalom desde a tecnificación ata o alto rendemento.

b) Analizáronse os obxectivos no desenvolvemento da condición física do padexeiro ou da padexeira de sláalom desde a tecnificación ata o alto rendemento.

c) Definíronse as etapas e obxectivos do adestramento da condición física do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento en relación coa planificación e programación de referencia.

d) Definíronse as características que debe cumprir un programa de adestramento personalizado acorde coas necesidades de cada padexeiro ou padexeira.

e) Analizáronse os criterios de individualización do adestramento en función das características físicas, técnicas e psicolóxicas do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento.

f) Diseñáronse sesións de adestramento da condición física do padexeiro ou da padexeira en función de diferentes exixencias e dos diversos momentos da tempada e do ciclo.



g) Xustificáronse os métodos específicos de desenvolvemento en seco e en auga das capacidades físicas de que depende o rendemento do padexeiro ou da padexeira de slá-lom de alto rendemento.

h) Definíronse as diferentes formas de introducir o traballo físico na programación desde o perfeccionamento ata o alto rendemento, establecendo a xerarquía do traballo técnico.

i) Elaborouse un ciclo de preparación física completa, empregando diferentes tipos de estruturas temporais propias da planificación deportiva no alto rendemento, concretando obxectivos, medios, métodos, instrumentos de control e dinámica da carga.

j) Analizáronse as causas e os métodos de recuperación da fatiga, específicos do slá-lom, tanto en adestramentos coma en competición.

k) Identificáronse os criterios de calidade na organización e dirección de sesións de desenvolvemento da condición física do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento en slá-lom.

l) Argumentouse a necesidade de realizar unha preparación física correcta como base para alcanzar os obxectivos segundo as previsións da programación.

3. Identifica as necesidades ergoxénicas e ergonutricionais da persoa deportista tanto en adestramento como en competición, analizando as demandas específicas, aplicando procedementos para a elaboración de axudas e analizando os procedementos e normas de control antidopaxe.

a) Describíronse as pautas xerais de elaboración de axudas para persoas deportistas e as implicacións dun deporte de risco en auga.

b) Xustificáronse as diferentes necesidades nutricionais en función da fase da tempada e das exixencias a que está sometida a persoa deportista.

c) Relacionáronse os aspectos fisiolóxicos da hidratación, antes, durante e despois da actividade física, co rendemento do padexeiro ou da padexeira de slá-lom.

d) Avaliouse o uso das diferentes substancias ergoxénicas que se utilizan como soporte nutricional ás persoas deportistas.



e) Xustificáronse os protocolos de uso das substancias ergoxénicas durante a tempada e en época de competición.

f) Realizouse unha proposta de utilización de axudas ergoxénicas na práctica do sláalom no alto rendemento.

g) Analizouse a lista de substancias prohibidas establecidas pola Axencia Mundial Anti-dopaxe (AMA) e a Federación Internacional de Piragüismo (ICF).

h) Explicáronse e analizáronse os procedementos establecidos pola AMA en canto aos controis antidopaxe, a solicitude de exencións terapéuticas e a localización das persoas deportistas.

i) Interiorizouse a necesidade de respectar a dignidade da familia deportista, cumprindo e velando polo cumprimento das normas que o rexen.

4. Dirixe a recuperación e adaptación motora da persoa deportista de sláalom lesionada, analizando os tipos de lesión e aplicando programas adaptados e adecuados ás necesidades.

a) Describíronse as características e a evolución das patoloxías máis frecuentes provocadas polo adestramento e a competición no alto rendemento.

b) Clasificáronse as lesións do aparello locomotor máis comúns e específicas na práctica do piragüismo.

c) Identificáronse as causas das lesións máis comúns e os métodos e procedementos de prevención destas.

d) Describíronse as bases biomecánicas dos movementos articulares nos xestos técnicos específicos do padexeiro ou da padexeira de sláalom.

e) Relaciónáronse as características da articulación escapulo-umeral cos xestos técnicos e as lesións máis habituais.

f) Xustificouse o perfeccionamento técnico xestual como método de prevención das lesións máis habituais no piragüismo de sláalom.



g) Relacionáronse as pautas de actuación no proceso de recuperación e adaptación motora do padexeiro ou da padexeira de sláalom lesionado/a coas características da lesión.

h) Fundamentáronse os criterios de elaboración de adestramentos complementarios con padexeiros ou padexeiras lesionados/as.

i) Analizáronse os medios e métodos de control e seguimento do padexeiro ou da padexeira desde a aparición da lesión ata a súa integración ao adestramento normalizado e a competición.

j) Interiorizouse a función do persoal técnico de aplicar os programas de prevención e recuperación de lesións e o seu labor na formación do padexeiro ou da padexeira neste sentido.

#### E) Contidos.

1. Valora a condición física do padexeiro ou da padexeira de sláalom de alto rendemento, identificando os parámetros de que depende, xustificando e aplicando as probas e tests específicos e tratando a información obtida.

- Factores condicionais do rendemento da persoa deportista de sláalom de alto rendemento.

- O perfil fisiolóxico do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento en sláalom.

- Adaptación ao esforzo físico: teorías no caso do sláalom.

- Tipos individuais de reacción de adaptación especificamente en sláalom.

- Avaliación da condición física do padexeiro ou da padexeira de sláalom.

- Valoración das capacidades físicas específicas en sláalom.

- Características das probas e tests.





- Tests e probas de campo: protocolos, aplicación e xustificación.
  - Deseño e xustificación.
  - Diferentes modelos. O test como sesión de adestramento.
  - Tendencias.
- Métodos de valoración subxectiva do rendemento e a fatiga do padexeiro ou da padexeira.
  - Avaliación da interrelación entre rendemento condicional e técnico nos tests de campo. Métodos obxectivos.
  - Recollida de datos, tratamento da información e avaliación de resultados: influencia no programa de adestramento. Análise e discusión dos datos.
  - Tratamento de datos: almacenamento.
  - Xestión dos datos. O seu uso na planificación.
- 2. Adapta, concreta e dirixe ciclos e sesións de adestramento da condición física do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento, analizando a programación de referencia, a metodoloxía e os medios específicos de preparación.
  - Planificación a longo prazo do traballo de condición física do padexeiro ou da padexeira de sláalom.
    - Evolución da preparación física do padexeiro ou da padexeira desde as primeiras idades en alto nivel: etapas e obxectivos.
    - Criterios de adaptación ás condicións e características individuais.
  - Preparación física en alto rendemento.
    - Periodización do traballo en seco e en auga durante a tempada: estruturas temporais (etapas, ciclos) e obxectivos. Dinámica de cargas.



– Principios e criterios da individualización da periodización do traballo en seco e en auga.

– A sesión de preparación física: periodización e inserción como complemento da sesión en auga.

- Preparación física en seco.

- O traballo propioceptivo como base do traballo xeral.

- Medios específicos de preparación. O uso do caiac-ergómetro no alto nivel.

- Métodos de adestramento en seco.

- Cuantificación e adaptacións da carga nos diferentes métodos habituais no alto nivel.

- Preparación física en auga.

- Métodos de traballo específicos.

- Bases do adestramento individualizado.

- A sesión de preparación física.

- Sistemas de intervención do adestrador ou adestradora sobre a sesión de preparación física no alto nivel.

- A motivación na preparación física do padexeiro ou da padexeira de slalom de alto nivel.

- Sistemas de transferencia.

- Avaliación e autoavaliación.

- Criterios de calidade do traballo físico na sesión técnica. A relación constante entre preparación física e transferencias ao medio.



– A sesión de acondicionamento físico dirixida á recuperación da fatiga.

– Medios e métodos de recuperación en seco e en auga.

3. Identifica as necesidades ergoxénicas e ergonutricionais da persoa deportista tanto en adestramento coma en competición, analizando as demandas específicas, aplicando procedementos para a elaboración de axudas e analizando os procedementos e normas de control antidopaxe.

• Bases fundamentais da dieta da persoa deportista de alto rendemento:

– Criterios para a elaboración de axudas: os diferentes períodos da tempada do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento en sláalom.

– A hidratación.

– Períodos de adestramento.

– Sesións de adestramento e competición.

– Dietas específicas no caso do piragüismo de augas bravas: a colaboración co técnico especialista.

– O factor «frío» como parámetro relevante na preparación da dieta do padexeiro ou da padexeira de sláalom.

– Sistemas de control, avaliación e autoavaliación.

• Fundamentos das axudas ergoxénicas.

– Criterios de utilización.

– Adecuación ás características do padexeiro ou da padexeira.

– Relación coa dieta.

– Os diferentes períodos da tempada.

– Período de competición.



– O control antidopaxe: regulamentación no caso do sláalom. Relación co persoal técnico de apoio: adestrador ou adestradora e o/a médico/a.

– Lista de substancias prohibidas.

– Procedementos: controis, exencións terapéuticas e localización de persoas deportistas.

– Protocolos ICF.

4. Dirixe a recuperación e adaptación motora da persoa deportista de sláalom lesionada, analizando os tipos de lesión e aplicando programas adaptados e axeitados ás necesidades.

• Patoloxías máis frecuentes no sláalom de alto rendemento: clasificación, características, causas e evolución.

• Bases biomecánicas: movementos articulares, eixes e planos de traballo.

• A articulación escápulo-umeral: relación cos xestos técnicos do sláalom.

• O traballo preventivo no sláalom de alto rendemento.

– Rutinas de adestramento para a prevención de lesións.

– O perfeccionamento do xesto técnico como sistema de prevención de lesións: o seu traballo no ximnasio.

– Traballo corrector e propioceptivo, especificidades.

• Traballo de recuperación.

– Plans de recuperación: pautas, fases de recuperación e/ou adaptación motora.

– Traballo con especialistas: obxectivos, características.

– Medios e métodos de control e seguimento.



Módulo específico de ensino deportivo: Módulo de coordinación e xestión.

Código: MED-PIAB304.

Este módulo contén a formación necesaria para que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para establecer e coordinar modelos de organización para a xestión das relacións entre os diferentes estamentos, para elaborar propostas de actividade e de eventos (tanto de organización coma de participación de equipos) e a súa programación e xestión, e para supervisar a seguridade en todos estes niveis.

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *c, g, h, i, k, l, m, ñ, o, p, q*, e as competencias *d, f, h, i, j, k, l, m, n, ñ*, do ciclo superior de Piragüismo de Augas Bravas.

B) Estratexias metodolóxicas.

Trátase dun módulo de contidos eminentemente teóricos. Para impartilos será conveniente favorecer o papel activo do alumnado. Débese potenciar a metodoloxía baseada nos casos prácticos e, na medida do posible, reais. Este módulo permite formular supostos reais actuais e pasados que permitirán ao alumnado contrastar datos e a súa aprendizaxe.

Non debe esquecerse tampouco aplicar os conceptos á realidade máis próxima do alumnado, táctica que lle permitirá ao docente contextualizar os contidos e motivar o alumnado.

Seranos de grande utilidade fomentar a metodoloxía baseada na busca e no traballo por grupos.

Este módulo permítenos unha gran flexibilidade en canto á orde dos resultados de aprendizaxe.

C) Orientacións pedagóxicas.

Dada a natureza dos contidos, este módulo pode ser impartido de forma semipresencial. O uso de plataformas dixitais pode ser de grande utilidade para conseguir os obxectivos do módulo cando se imparta de forma semipresencial.



D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Coordina o desenvolvemento e aplicación de plans de traballo, da actividade do persoal técnico e a relación dos padexeiros ou das padexeiras co persoal responsable federativo, analizando os aspectos loxísticos da programación e os modelos de organización e sistemas de control, e xustificando a estrutura de funcionamento e as funcións de cada área.

a) Describíronse os modelos habituais de coordinación de equipos de persoal técnico de alto nivel e as relacións que se establecen entre as diferentes áreas.

b) Seleccionáronse métodos de relación entre o persoal técnico en función das diferentes actividades e necesidades.

c) Xustificáronse os criterios de asignación de tarefas e xerarquización da estrutura.

d) Categorizáronse as pautas e procedementos que definen a relación entre os diferentes grupos de traballo, establecendo os sistemas de coordinación e comunicación entre eles e con eles.

e) Analizáronse os diferentes sistemas de control e técnicas de valoración e avaliación do traballo nun grupo de persoal técnico.

f) Seleccionáronse os medios e loxística necesarios nun suposto práctico de organización dun equipo de traballo de persoal técnico e/ou na coordinación dun equipo de persoal técnico e colaborador.

g) Definíronse os principais organigramas existentes na estrutura federativa de distribución de traballo dos diferentes niveis e equipos de slálm en función dos criterios e das posibilidades.

h) Definíronse as diferentes estruturas oficiais que acollen o padexeiro ou a padexeira durante a súa etapa no alto rendemento.

i) Relacionáronse as diferentes situacións polas cales pasa o padexeiro ou a padexeira no alto rendemento coas súas responsabilidades e dereitos en cada momento.

j) Valorouse a importancia da acción dos diferentes estamentos no rendemento do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento.



2. Elabora e xestiona propostas de actividades de adestramento e formación de nivel nacional ou internacional e os seus orzamentos, priorizando as necesidades e determinando as limitacións, aplicando os principios orzamentarios e procedementos específicos.

a) Describíronse os protocolos necesarios para a elaboración dun programa de actividades deportivas de promoción e tecnificación de nivel nacional e de actividades de formación de nivel nacional e internacional, no ámbito do sláalom.

b) Establecéronse os sistemas de selección do lugar axeitado para os diferentes tipos de actividades deportivas e de formación de técnicos de sláalom, xustificando os criterios de elección.

c) Clasificáronse as actividades deportivas e de formación do persoal técnico de sláalom en función do seu alcance, do nivel e do tipo de organización.

d) Relacionáronse e xustificáronse as necesidades que cobren os eventos de formación e/ou intercambios a nivel nacional e internacional coas exigencias de cada caso.

e) Definíronse os principios básicos da organización orzamentaria das actividades de adestramento e competición propias do alto nivel en sláalom.

f) Elaborouse unha proposta de actividade considerando todos os parámetros necesarios para a súa organización e atendendo a unhas limitacións orzamentarias determinadas.

g) Valorouse a necesidade de programar as actividades de adestramento e formación, tendo en conta as necesidades, limitacións e prioridades existentes.

3. Programa, xestiona e organiza eventos de sláalom de nivel nacional, relacionando os seus obxectivos cos da programación de referencia, analizando as características e requisitos materiais e humanos destes e xustificando os sistemas de recollida de información e de procesamento dos datos.

a) Categorizáronse as características dos eventos de sláalom de nivel nacional en función do nivel e dos obxectivos previstos para eles nas programacións.

b) Analizáronse as normativas e regulamentos que afectan os eventos de sláalom de nivel nacional e os procedementos requiridos na súa organización.



c) Descríbíronse as diferentes estruturas presentes na organización de competicións de sláalom de nivel internacional e a súa coordinación.

d) Precisáronse os criterios de elaboración do orzamento dun evento de sláalom nacional, en relación coas formas de financiamento e imposicións regulamentarias.

e) Establecéronse as normativas dun evento de sláalom, os requisitos administrativos e as exixencias e necesidades extrafederativas.

f) Examináronse as necesidades materiais exixidas na realización dos diferentes eventos deportivos no alto nivel e as súas implicacións.

g) Xustificáronse os sistemas de xestión dos recursos humanos na organización de eventos de sláalom de nivel nacional e as formas de traballo e coordinación entre as áreas.

h) Establecéronse os sistemas de recollida de información dun evento de sláalom de nivel nacional.

i) Xustificáronse as prioridades en canto a procesamento e arquivamento de datos referentes á organización dun evento de sláalom nacional.

j) Asumíronse as responsabilidades como persoal técnico superior nos ámbitos da organización de eventos deportivos máis alá das estritamente relacionadas coa actividade deportiva.

4. Coordina e xestiona a participación do equipo en competicións e eventos internacionais de sláalom, xustificando as actuacións loxísticas necesarias e aplicando técnicas de xestión de recursos, e todo iso co inglés como lingua vehicular no evento.

a) Determináronse os condicionantes que impón a participación dun equipo nunha competición internacional, dun equipo de sláalom en canto a previsión de actividade nacional.

b) Categorizáronse as responsabilidades engadidas como persoal técnico na participación en eventos internacionais.

c) Fundamentouse a elección dos seguros na participación nunha competición internacional con completa cobertura.





d) Analizáronse as regulamentacións internacionais nos aspectos que afectan a loxística da participación.

e) Elaborouse un programa de participación en competicións internacionais, tendo en conta unha programación establecida, prevendo os criterios deportivos e a previsión de orzamento.

f) Organizouse un desprazamento internacional tipo, utilizando a lingua inglesa, atendendo ás condicións habituais nunha programación dun equipo nacional.

g) Establecéronse os recursos humanos e definíronse as funcións que desempeñan, nun suposto práctico debidamente caracterizado de participación dun equipo nunha competición internacional.

h) Analizáronse os protocolos utilizados nunha competición de sláalom internacional no alto nivel en relación cos calendarios de adestramentos oficiais e o deseño e aprobación de percorrido.

i) Analizáronse, utilizando o idioma inglés, os protocolos que afectan o proceso de reclamacións nas competicións internacionais (copas do mundo, campionatos do mundo e xogos olímpicos).

j) Elaborouse un informe co vocabulario específico en inglés necesario na participación nun evento internacional.

k) Valorouse a importancia da xestión e da coordinación na participación dun equipo na consecución dos logros deportivos esperados nunha competición.

5. Supervisa a seguridade da práctica deportiva de sláalom no alto rendemento, xustificando as condicións de seguridade das instalacións de acordo coa normativa de aplicación, deseñando as medidas de seguridade e aplicando os procedementos específicos.

a) Xustificouse a normativa de seguridade na práctica do piragüismo en augas bravas que deriva de regulamento internacional de sláalom.

b) Analizáronse as responsabilidades en canto á seguridade dos diferentes niveis, na organización dun evento e nos adestramentos diarios.



c) Establecéronse os protocolos e prioridades nos casos de incidencias deportivas durante a celebración de adestramentos ou competicións.

d) Xustificáronse as normas de seguridade necesarias nos casos dun campo de práctica natural e dun campo artificial.

e) Argumentáronse os criterios de colocación dos postos de seguridade nun percorrido en función do trazado do circuíto, relevo e situación.

f) Clasificáronse as incidencias de seguridade nun campo de sláalom natural en relación co grao de dificultade e os medios que deberán proverse.

g) Clasificáronse as incidencias de seguridade nun campo artificial de sláalom e a distribución dos medios de seguridade.

h) Elaborouse un plan de seguridade deportiva para a celebración dun evento de sláalom de nivel nacional e internacional.

i) Desenvolveuse un plan de evacuación dunha instalación de sláalom e os sistemas de coordinación deste.

j) Estableceuse a necesidade de manter, de forma constante, unha actitude vixilante como persoal técnico tanto no adestramento coma en tarefas de formación de técnicos en relación cos aspectos de seguridade.

#### E) Contidos.

1. Coordina o desenvolvemento e aplicación de plans de traballo, da actividade do persoal técnico e a relación dos padexeiros ou das padexeiras co persoal responsable federativo, analizando os aspectos loxísticos da programación e os modelos de organización e sistemas de control, e xustificando a estrutura de funcionamento e as funcións de cada área.

- Procedementos de coordinación de equipos: diferentes modelos no caso do sláalom.
- Distribución de tarefas por áreas. Recursos organizativos.
- A estrutura básica dun equipo de traballo.



- Sistemas e procedementos internos.
- Relacións entre grupos e persoal técnico.
- Traballo en equipo en grupos. Organización das tarefas.
- Coordinación dos recursos, funcións e actividades.
  - Competencias dentro do traballo de equipo.
- A comunicación dentro da estrutura do equipo de traballo: pautas.
- As dificultades internas:
  - Membros-responsable (líder).
  - Entre membros.
  - Eficiencia.
- As dificultades externas.
- Sistemas de control da aplicación dun plan de traballo: avaliación por obxectivos.
- Síntomas dun mal funcionamento dun equipo de traballo. Revitalización-valoración.
- As reunións de traballo.
  - Obxectivos.
  - Pautas.
  - Técnicas de control-animación.
- Seguimento e avaliación dun proxecto de traballo en equipo.
- Modelos, avaliación, indicadores e custo da calidade.
- Coordinación ante continxencias.



- Técnicas de coordinación externa dos técnicos de diferentes áreas.
  - A comunicación como ferramenta eficiente de traballo.
  - Estructuras técnicas federativas: nacionais e internacionais.
  - Organigramas básicos. Obxectivos e funcións.
  - Responsabilidades en función dos diferentes programas.
    - O padexeiro ou a padexeira na disciplina federativa: deberes e dereitos.
  - A función do persoal técnico en cada ámbito.
    - Procedementos e protocolos de comunicación.
    - Estratexias de funcionamento entre áreas e intereses.
  - A relación entre.
    - Equipos e dirección técnica.
    - Equipos nacionais e centros de tecnificación.
    - Equipos e federación internacional.
    - O equipo nacional e os centros de adestramento.
  - Funcións e protocolos de actuación do persoal técnico nos diferentes programas federativos.
    - Establecemento dos recursos materiais e humanos dos programas federativos.
2. Elabora e xestiona propostas de actividades de adestramento e formación de nivel nacional ou internacional e os seus orzamentos, dándolle prioridade ás necesidades e determinando as limitacións, aplicando os principios orzamentarios e procedementos específicos.
- A programación de actividades deportivas.
    - O calendario nacional e internacional.



- Clasificación, obxectivos e funcións das competicións.
  - Concentracións.
  - Seguimento de equipos e centros de adestramento.
  - Probas de selección.
- Criterios de elección de lugares e campos en relación coa actividade.
- Requisitos de organización: medios materiais e humanos.
  - Medios materiais: instalacións, servizos (deportivos, xestión...), infraestrutura.
  - RRHH: competición (atención deportiva, xestión de resultados, arbitraje...), colaboradores e voluntariado.
- As xornadas de formación: obxectivos e funcións.
  - A formación a nivel nacional.
  - A participación en xornadas de nivel internacional e a súa organización.
    - Congresos e simposios internacionais de adestradores ou adestradoras.
  - Requisitos de organización: medios materiais e humanos.
    - Instalacións, material deportivo, material didáctico e xestión.
    - Relatores, colaboradores e voluntariado.
  - Modelos de elaboración de orzamentos.
    - Criterios de elaboración de orzamentos: principios orzamentarios para a realización dun evento en función das súas características.



3. Programa, xestiona e organiza eventos de sláalom de nivel nacional, relacionando os seus obxectivos cos da programación de referencia, analizando as características e requisitos materiais e humanos destes, e xustificando os sistemas de recollida de información e de procesamento dos datos.

- Programación de actividades; características e obxectivos dos eventos de nivel nacional.

- Normativas e requisitos: procedementos estándar. Limitacións e imposicións regulamentarias.

- Organización de eventos.

- Estruturas organizativas.

- Loxística en diferentes tipos de actividades. Requisitos materiais en función do tipo de evento:

- Responsabilidades.

- Requisitos administrativos para a organización de actividades de diferentes niveis.

- Requisitos en función da vinculación ou non á federación. Normativa.

- Recursos humanos: tarefas e responsabilidades.

- Orzamentos: custos, ingresos, financiamento.

- Responsabilidades do persoal técnico como organizador:

- Responsabilidades legais.

- Responsabilidades federativas.

- Valoración da organización do evento:

- Coordinación da recollida de información.

- Procesamento dos datos e interpretación destes. Os equipos de informe como ferramenta.



- Estructuras dos sistemas de memoria. Avaliación e valoración.
- O arquivo de datos: o seu establecemento e os seus usos.
- A súa relevancia no establecemento de estratexias de futuro.

4. Coordina e xestiona a participación do equipo en competicións e eventos internacionais de sláalom, xustificando as actuacións loxísticas necesarias e aplicando técnicas de xestión de recursos, e todo iso co inglés como lingua vehicular no evento.

- Programas de participación en eventos internacionais como parte da planificación.
  - Previsión en función da programación.
  - Previsión en función dos orzamentos.
  - Previsión en función de criterios de selección.
  - Previsión da participación en competicións internacionais no calendario nacional.
  - Responsabilidades do persoal técnico.
    - Cuestións legais e formais de seguros nos desprazamentos, adestramentos e competicións.
- Regulamentos internacionais.
- Desenvolvemento das competicións internacionais.
  - Períodos de adestramento en competicións internacionais.
  - Copas do mundo e campionatos do mundo.
- Reunións de xefes de equipo.
  - Organización de adestramentos.
  - Sorteos de marcadores de percorrido.
  - Aprobación de percorridos.



- Protocolos de reclamacións.
- A función de xefe ou xefa de equipo: tarefas e relación co equipo.
- Loxística xeral: previsión de adestramentos, reservas e viaxes.
- Vocabulario específico en inglés.
- Uso do inglés nos ámbitos de loxística xeral.

5. Supervisa a seguridade da práctica deportiva de sláalom no alto rendemento, xustificando as condicións de seguridade das instalacións de acordo coa normativa de aplicación, deseñando as medidas de seguridade e aplicando os procedementos específicos.

- Normativa de seguridade a nivel federativo.
- Responsabilidades do persoal técnico.
- Responsabilidades da organización.
- Organizadores.
- Persoal técnico responsable.
- Xuíces ou xuízas.
- Xuíz árbitro ou xuíza árbitro.
- Director ou directora de competición.
- Normativa de seguridade xeral.
- Actuacións de seguridade en adestramentos.
- Protocolos e prioridades.
- Actuacións de seguridade en competicións.
- Protocolos e prioridades.





- A seguridade nun campo natural e niveis de práctica.
  - Incidencias e medidas de prevención.
- A seguridade nun campo artificial.
  - Incidencias e medidas de prevención.
  - As medidas de seguridade: previsión e colocación.
- Os plans de evacuación.
  - Accidentes.
  - Imprevistos.
- O plan de seguridade como ferramenta de prevención.
  - Exixencias legais nas instalacións deportivas.
  - Responsabilidades do persoal técnico.
  - A elaboración dun plan de evacuación.
  - A execución dos plans de evacuación.

Módulo específico de ensino deportivo: Módulo de deseño de material e innovación.

Código: MED-PIAB305.

Este módulo contén a formación necesaria para que o alumnado adquira os coñecementos para participar activamente no deseño e realización de campos de sláalom e no deseño, elección e adaptación do material do padexeiro ou da padexeira de alto nivel.

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *c, i, k, s, t*, e a competencia *o*, do ciclo superior de Piragüismo de Augas Bravas.



**B) Estratexias metodolóxicas.**

Para impartir este módulo é necesaria unha reciclaxe continua do profesorado. Os contidos do módulo, aínda que en parte xenéricos, van evolucionando co tempo e obrigan á adaptación dos materiais de forma continua en moita máis medida que en calquera outro.

O uso de ferramentas e materiais audiovisuais faise practicamente imprescindible para os RA 1 e RA 2 e moi aconsellable no RA 3. Estes materiais audiovisuais permitirán ofrecer ao alumnado unha visión xeral e global dos últimos avances tanto no campo de deseño de campos de augas bravas coma no da evolución dos materiais. É importante que o docente non se limite a expor a actualidade en canto a modelos e materiais, senón que incida de forma moi especial (RA 2) nos factores que van afectar o deseño de diferentes modelos. É importante que o alumnado interiorice a necesidade de ser parte activa na evolución dos materiais, non un/unha simple espectador/a-consumidor/a, potenciando o espírito crítico e reflexivo.

**C) Orientacións pedagóxicas.**

Para dar coherencia aos contidos dos resultados de aprendizaxe só debemos manter a orde do RA 2 e RA 3.

A norma establece que este módulo pode ser impartido a distancia. Non obstante e dado o carácter dos resultados de aprendizaxe, recoméndase que se imparta de maneira semipresencial. Para iso propónse que o material conceptual se traballe de maneira comprensiva a través do ensino a distancia ou mediante ferramentas de traballo colaborativo a distancia, que se traballe na elaboración de proxectos onde se analicen as condicións de diferentes supostos de campo de sláalom e a súa relación coas diferentes disciplinas e actividades de augas bravas, e que se analicen os diferentes deseños de embarcacións e materiais.

Propónse que o RA 3, que fai referencia á adaptación do material e os calados, se imparta de forma presencial e práctica. Esta práctica pode ser completada e reforzada con material audiovisual.

**D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.**

1. Colabora no deseño de campos de adestramento e competición de sláalom, relacionando os movementos da auga coas condicións do relevo do leito e do caudal da auga,



xustificando as necesidades das especialidades de augas bravas e argumentando os sistemas de construción dun campo de sláalom.

a) Xustificáronse as diferentes necesidades dun campo de adestramento e dun campo de sláalom.

b) Describíronse as diferentes situacións de campos de forza que se poden estudar nun campo de augas bravas en relación coas liñas do leito e as profundidades.

c) Relacionáronse os movementos de auga superficiais cos relevos do leito e o volume do caudal.

d) Relacionáronse as posibilidades dun campo de sláalom en función da variación do caudal e da mesma sección do leito.

e) Describíronse os sistemas de construción e adecuación de campos de sláalom, as súas vantaxes, inconvenientes e implicacións a nivel de mantemento e xestión.

f) Analizáronse os diferentes sistemas e modelos de obstáculos existentes para a creación de movementos de auga.

g) Xustificáronse as vantaxes e inconvenientes dos sistemas de obstáculos fixos e móbiles.

h) Relacionáronse as características dun campo de sláalom coas necesidades das diferentes disciplinas e actividades de augas bravas.

i) Analizáronse os diferentes campos artificiais do circuíto internacional, relacionando as súas características técnicas coas especificidades da súa construción.

j) Interiorizouse a necesidade de realizar campos polivalentes nas distintas disciplinas e actividades como factor de éxito da instalación.

2. Participa na elección e deseño do material en sláalom, identificando as bases físicas que afectan o rendemento de embarcacións e pas, valorando as características técnicas e a súa relación cos campos de forzas a que se expoñen e analizando a normativa de aplicación.

a) Analizáronse os parámetros físicos hidráulicos que afectan o rendemento do material.



b) Definiuse a importancia da resistencia estática e da resistencia dinámica nas embarcacións como factor de rendemento.

c) Xustificouse a estabilidade lonxitudinal e direccional como factores fundamentais no deseño das embarcacións.

d) Analizáronse as características da resistencia ao movemento cara a diante e noutras direccións.

e) Xustificáronse os criterios de compromiso no deseño dunha embarcación de sláalom de alto nivel.

f) Analizáronse os campos de forzas que se crean arredor da pa na auga en función do seu efecto sobre a navegación.

g) Definíronse os criterios básicos de influencia no deseño dunha pa de alto nivel.

h) Analizáronse mediante o uso de sistema informáticos as características do deseño dunha embarcación de sláalom.

i) Aplicáronse, nun suposto práctico, técnicas de retoque directo a unha embarcación de sláalom, modificando o seu deseño.

j) Explicouse a regulamentación que afecta as embarcacións e pas, as medidas e pesos e os materiais.

k) Interiorizouse a importancia da participación do persoal técnico superior no deseño e investigación de novas formas.

3. Adapta e individualiza o material do padexeiro ou da padexeira de alto nivel, relacionando as súas características coas condicións do padexeiro ou da padexeira, xustificando a importancia dos calados e aplicando técnicas e procedementos específicos.

a) Relacionáronse as necesidades de cada nivel de práctica coas características do material (embarcación e pas).

b) Analizáronse os parámetros que inciden na individualización da embarcación dun padexeiro ou dunha padexeira de alto rendemento.



c) Explicáronse os sistemas e materiais utilizados na individualización da embarcación de sláalom no alto rendimento.

d) Analizáronse as relacións entre os diferentes puntos de calados en K-1 e as melloras que achegan ao rendimento.

e) Elaborouse, nun suposto práctico de caiaquista, un calado adaptado ás características do padexeiro ou da padexeira.

f) Analizáronse os diferentes sistemas de calado das canoas e as súas adaptacións, vantaxes e inconvenientes no alto rendimento.

g) Elaborouse, nun suposto práctico de canoísta de C-1, un calado adaptado ás características do padexeiro ou da padexeira.

h) Elaborouse, nun suposto práctico de canoístas de C-2, un calado adaptado ás características do padexeiro ou da padexeira.

i) Analizáronse os diferentes modelos de pas desde o punto de vista técnico, identificando as súas vantaxes e inconvenientes na individualización da elección.

j) Analizáronse a montaxe de pas en diferentes sistemas, os diferentes materiais e as diversas posibilidades.

k) Asumiuse a necesidade de conseguir unha correcta individualización do material como factor fundamental na consecución dunha boa progresión no perfeccionamento e como factor de éxito no alto nivel.

E) Contidos.

1. Colabora no deseño de campos de adestramento e competición de sláalom, relacionando os movementos da auga coas condicións do relevo do leito e do caudal da auga, xustificando as necesidades das especialidades de augas bravas e argumentando os sistemas de construción dun campo de sláalom.

- O estudo dos campos de forza superficiais.

- A corrente central. As ondas.



- A contracorrente e os seus efectos en canto a sedimentación.
- Os funís. Os deflectores: a súa formación.
- As curvas: a importancia da profundidade.
- Influencia do caudal e a sección do campo.
- O tubo: construción.
- A obtención dos diferentes relevos.
- Os diferentes relevos do leito do río e as súas consecuencias no relevo da auga.
- Campo de adestramento e competición.
- As necesidades dunha instalación para o seu uso en diferentes disciplinas e actividades. Características básicas.
  - Sláalom: necesidades dun campo de adestramento, necesidades dun campo de competición.
    - A facilitación do remonte do campo.
    - A adecuación dos obstáculos a diferentes caudais.
    - A seguridade como parámetro de decisión na colocación de obstáculos.
  - Estilo libre (rodeo), necesidades.
  - O balsimo (*rafting*), necesidades.
- Os diferentes sistemas de construción do relevo nun campo de sláalom.
  - Tipos de construción.
  - Tipos de instalación e materiais.
    - Obstáculos fixos, modelos.



- Obstáculos móbiles, modelos.
  
- As principais canles artificiais na actualidade.
  - Características técnicas.
  - Modelos de construción.
  - Limitacións de volume.

2. Participa na elección e deseño do material en sláom, identificando as bases físicas que afectan o rendemento de embarcacións e pas, valorando as características técnicas e a súa relación cos campos de forzas a que se expoñen e analizando a normativa de aplicación.

- Deseño e elección de formas.
  
- Fundamentos físicos que afectan o deseño de embarcacións e pas.
  - O fenómeno hidráulico e a súa relación co rendemento en sláom.
  
  - A resistencia estática.
    - Flotabilidade inherente.
    - Estabilidade inherente.
  
  - A resistencia dinámica.
    - Resistencia de fricción: corrente laminar e turbulenta.
    - Resistencia residual.
    - Fricción e coeficiente de fricción.
    - Resistencia ao movemento adiante. Campo de forzas.
    - Movementos noutras direccións.



- Deseño de pas.
  - Os efectos do movemento de auga sobre a pa.
  - Os efectos do movemento da pa na auga.
  - Criterios na elección das pas no alto rendemento.
  - As distintas formas da pa.
    - Efectos, vantaxes e inconvenientes.
- O deseño de formas, as embarcacións.
  - Factores no deseño de formas de embarcacións.
    - Estabilidade lateral: centro de gravidade, centro de masas e centro de carena.
    - Estabilidade lonxitudinal-estabilidade direccional.
      - Relación entre o centro de gravidade e o centro de masas. Determinación no espazo e influencia na navegación.
      - Relación entre centro de gravidade e equilibrio.
      - Influencia da área de equilibrio coa propulsión.
    - O compromiso de deseño: velocidade-estabilidade-manobrabilidade.
  - Factores de influencia no deseño e elección de pas no alto rendemento.
  - Novas formas de traballo: o retoque directo de embarcacións.
  - Os sistemas informatizados de creación de formas e calados.





- Normativa sobre materiais e modelos.

3. Adapta e individualiza o material dos padexeiros ou das padexeiras de alto nivel, relacionando as súas características coas condicións do padexeiro ou da padexeira, xustificando a importancia dos calados e aplicando técnicas e procedementos específicos.

- A importancia da correcta elección do material nos niveis de perfeccionamento.
- Necesidades de material (embarcación e pa) en función do nivel de práctica.
- As adaptacións personalizadas como factor de rendemento.
- A pa.
  - A pa como elemento fundamental da aprendizaxe técnica.
  - Os diferentes modelos de pas e a súa importancia en cada fase do perfeccionamento.
    - As pas ergonómicas: fundamentos e usos.
  - A individualización da pa. Criterios de elección da pa.
    - Técnicas e elementos para individualizar.
  - A montaxe das pas: diferentes modelos, diferentes sistemas.
- Individualización das embarcacións de augas bravas: canoa e caiac.
  - Criterios de elección da embarcación.
  - Os sistemas de calados en K-1, C-1 e C-2 no alto nivel.
    - O calado do caiac.
    - O calado do C-1: diferentes sistemas e tendencias.
    - O calado do C-2: particularidades.



Módulo específico de ensino deportivo: Proxecto final.

Código: MED-PIAB306.

A) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Deseña proxectos relacionados coas competencias do persoal técnico deportivo superior en sláalom de augas bravas, fundamentando o proxecto na información recollida, desenvolvendo as fases que o compoñen e realizando as previsións de recursos humanos e materiais.

a) Elixíuse un tema que permite integrar os coñecementos adquiridos nos diferentes bloques e módulos do ciclo superior en sláalom de augas bravas.

b) Recompilouse información relativa aos aspectos que van ser tratados no proxecto.

c) Identificáronse as fases ou partes que compoñen o proxecto e os seus contidos.

d) Establecéronse os obxectivos que se pretenden conseguir, identificando o seu alcance.

e) Valoráronse os aspectos que poden facilitar ou dificultar o desenvolvemento do proxecto.

f) Prevíronse e priorizáronse os recursos materiais e persoais necesarios, de acordo cos obxectivos do proxecto.

g) Realizouse o orzamento económico correspondente.

h) Identificáronse as posibles fontes de financiamento do proxecto sobre a base das necesidades deste.

i) Identificáronse os aspectos que se deben controlar e dos que depende a calidade do proxecto.

j) Xustificouse a pertinencia e viabilidade do proxecto.



k) Valorouse o rigor na recollida da información utilizada na elaboración do proxecto.

2. Planifica e programa a execución do proxecto, determinando as fases ou ciclos de preparación, a metodoloxía utilizada e os recursos necesarios.

a) Secuenciáronse e temporizáronse as actividades ordenándoas en función das necesidades de implantación do proxecto.

b) Elaborouse a planificación do proxecto, periodizando e programando o adestramento e os recursos necesarios, cando o proxecto estea dirixido ao alto rendemento deportivo en sláalom de augas bravas.

c) Determináronse os recursos e a loxística necesarios en cada actividade.

d) Identificáronse os permisos e autorizacións necesarios en cada unha das actividades.

e) Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.

f) Identificáronse os riscos inherentes ao desenvolvemento das actividades, definindo o plan de prevención de riscos e os medios e equipamentos necesarios.

g) Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos e tempos de execución.

h) Fíxose a valoración económica necesaria na execución do proxecto.

i) Definiuse e elaborouse a documentación necesaria nas previsións e execución do proxecto.

j) Relacionáronse ou utilizáronse dun xeito integrador e sinérxico os conceptos e procedementos adquiridos nos diferentes módulos do ciclo superior en sláalom de Augas Bravas.

k) Tivéronse en conta criterios de sustentabilidade á hora de elixir as actividades, a metodoloxía e os recursos utilizados no proxecto.

3. Selecciona os procedementos de seguimento e control da elaboración e execución do proxecto, xustificando as funcións dentro do proxecto, a selección de variables e instrumentos empregados.

a) Definiuse o procedemento de avaliación das actividades, utilizando e combinando diferentes instrumentos de avaliación.



- b) Definíronse os indicadores de calidade utilizados na avaliación do proxecto.
- c) Definíronse os procedementos de avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización do proxecto, a súa posible solución e rexistro.
- d) Definiuse o procedemento de xestión dos posibles cambios nos recursos, nas actividades ou na dinámica de cargas, no caso do adestramento de alto rendemento, incluíndo o sistema de rexistro destes.
- e) Definiuse e elaborouse a documentación necesaria na avaliación das actividades do proxecto.
- f) Estableceuse o procedemento de participación na avaliación dos piragüistas ou das piragüistas e elaboráronse os documentos específicos.
- g) Estableceuse un sistema de garantía de cumprimento do prego de condicións do proxecto cando este exista.
- h) Atendeuse ás consideracións do/da titor/a ou director/a do proxecto durante a elaboración deste.
- i) Cumpriuse co seguimento do proxecto segundo o procedemento establecido polo/a titor/a ou director/a.
- j) Mostrouse unha actitude de respecto e aceptación das achegas realizadas polo/a titor/a ou director/a, integrando de forma construtiva as valoracións recibidas no proxecto.
4. Presenta o proxecto, seleccionando os aspectos relevantes deste, xustificando as decisións tomadas e utilizando os recursos didácticos e técnicos máis adecuados en cada caso.
- a) Definiuse e elaborouse a documentación necesaria na presentación e comunicación do proxecto.
- b) Utilizáronse os recursos didácticos e técnicos máis adecuados para a presentación e comunicación do proxecto, incluíndo as novas tecnoloxías, de forma coherente cos obxectivos do proxecto.



c) Presentouse o proxecto, de forma clara, sintética, incluíndo os aspectos fundamentais que debía incluír a presentación.

d) Utilizouse bibliografía actualizada na fundamentación do traballo, referenciándoa de forma axeitada.

e) Contestouse de forma precisa e xustificada ás cuestións realizadas sobre as características e fundamentación do proxecto.

f) Xustificouse suficientemente o proxecto e argumentouse a súa implementación.

g) Axustouse na presentación do proxecto á estrutura definida e establecida nos criterios de avaliación.

h) Presentouse o proxecto, axustándose ás características formais, estrutura e partes establecidas polo tribunal.

i) Xustificáronse na presentación do proxecto as relacións existentes entre os diferentes resultados de aprendizaxe adquiridos nos diferentes módulos do ciclo superior en slálon en Augas Bravas.

j) Demostrouse posuír unha visión xeral do proxecto, relacionando a argumentación coa finalidade e conclusións deste.

B) Contidos.

1. Deseña proxectos relacionados coas competencias do persoal técnico deportivo superior en Augas Bravas, fundamentando o proxecto na información recollida, desenvolvendo as fases que o compoñen e realizando as previsións de recursos humanos e materiais.

- Análise de contexto e xustificación do proxecto.
- Fases do proxecto.
- Obxectivos xerais do proxecto.
- Oportunidades e ameazas do proxecto en relación cos obxectivos establecidos.
- Recursos materiais e persoais.



- Previsión económica e fontes de financiamento.

2. Planifica e programa a execución do proxecto, determinando as fases ou ciclos de preparación, a metodoloxía utilizada e os recursos necesarios.

- Planificación do proxecto: temporización e secuenciación deste (Plañen, cronogramas, tempos e secuencias de execución).

- Valoración dos recursos materiais e humanos.

- Loxística.

- Permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

- Análise dos riscos do proxecto e a súa inclusión no plan de prevención de riscos.

3. Selecciona os procedementos de seguimento e control da elaboración e execución do proxecto, xustificando as funcións dentro do proxecto, a selección de variables e instrumentos empregados.

- Procedementos de avaliación das actividades.

- A avaliación do proxecto: indicadores de calidade.

- Análise e solución das posibles contingencias encontradas no desenvolvemento do proxecto.

- Documentación necesaria na avaliación das actividades do proxecto.

- Procedemento de participación na avaliación das persoas deportistas ou usuarios/as-clientes/as.

4. Presenta o proxecto, seleccionando os aspectos relevantes deste, xustificando as decisións tomadas e utilizando os recursos didácticos e técnicos máis axeitados en cada caso:

- Documentación necesaria na presentación e comunicación do proxecto.

- Presentación do proxecto: comunicación, recursos didácticos e técnicos.



- Bibliografía do proxecto. Procedemento de referencia.

Módulo específico de ensino deportivo: Formación práctica.

Código: MED-PIAB307.

A) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Identifica a estrutura organizativa e o funcionamento do centro deportivo de prácticas (club, centro de tecnificación ou de alto rendemento, federación), relacionándoa coa súa oferta de actividades de alto rendemento deportivo e as actividades de xestión, e aplicando os procedementos e protocolos de seguridade na práctica.

a) Fundamentáronse as relacións do centro deportivo de prácticas da Real Federación Española de Piragüismo coa International Canoe Federation.

b) Categorizáronse a estrutura organizativa e o funcionamento das distintas áreas do centro deportivo de prácticas.

c) Clasificáronse as relacións xerárquicas dentro do centro deportivo de prácticas.

d) Revisouse a oferta de actividades vinculadas ao alto rendemento deportivo en sláalom.

e) Relacionáronse as características do centro deportivo de prácticas coa normativa de responsabilidade dos técnicos que traballan nel.

f) Fundamentouse a oferta de actividades orientada ao alto rendemento de sláalom nas mulleres.

g) Recoñecéronse os valores presentes nas actividades de piragüismo do centro de prácticas.

h) Mantívose unha actitude clara de respecto ao ambiente nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas a esta.

i) Revisouse o plan de actuación de emerxencias das instalacións do centro deportivo de prácticas.



j) Identificouse e analizouse o plan de prevención de riscos laborais do centro deportivo de prácticas.

k) Revisáronse as condicións laborais do persoal técnico deportivo do centro deportivo de prácticas en relación coa normativa sobre saúde laboral.

2. Identifica a estrutura organizativa e o funcionamento do centro de formación do persoal técnico deportivo, relacionándoa coa súa oferta formativa, analizando a normativa de aplicación e aplicando os procedementos e protocolos de seguridade na práctica.

a) Fundamentáronse as relacións do centro de formación do persoal técnico de piragüismo coa Administración educativa correspondente.

b) Categorizouse a estrutura organizativa e o funcionamento do centro de formación do persoal técnico deportivo.

c) Clasificáronse as relacións xerárquicas dentro do centro de formación do persoal técnico deportivo en piragüismo.

d) Revisouse a oferta de actividades vinculadas á formación do persoal técnico deportivo en piragüismo.

e) Analizáronse as características do centro de formación do persoal técnico deportivo e a normativa sobre a responsabilidade do profesorado.

f) Esquematzouse a normativa educativa e curricular vixente sobre formación do persoal técnico deportivo de piragüismo.

g) Colaborouse na organización das actividades económicas do centro de traballo.

h) Recoñecéronse os valores presentes nas actividades do centro de formación do persoal técnico deportivo en piragüismo.

i) Mantívose unha actitude clara de respecto ao ambiente nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas a esta.





3. Colabora na administración do centro deportivo de prácticas, aplicando procedementos de xestión económica e contable.

a) Colaborouse na organización das actividades económicas do centro de prácticas.

b) Identificouse a forma xurídica utilizada na constitución do centro deportivo de prácticas e o grao de responsabilidade legal dos/das propietarios/as e dos/as xestores/as.

c) Colaborouse nos procedementos administrativos básicos de xestión do centro deportivo de prácticas.

d) Realizáronse trámites de petición de axudas á xestión do centro deportivo de prácticas.

e) Colaborouse na xestión de axudas económicas que utiliza ou pode utilizar o centro deportivo de prácticas.

f) Confeccionouse documentación administrativa e comercial necesaria no desenvolvemento da actividade deportiva.

g) Identificáronse as obrigas e exencións fiscais e tributarias do centro deportivo de prácticas.

h) Realizouse a declaración de impostos do centro deportivo de prácticas.

i) Tívoise unha actitude de respecto e cumprimento da normativa e os procedementos de xestión económica do centro deportivo de prácticas.

4. Actúa con autonomía, iniciativa e responsabilidade no posto de traballo, demostrando comportamento ético, habilidades persoais de comunicación, traballo en equipo, respecto polo ambiente, e aplicando os procedementos establecidos polo centro deportivo de prácticas.

a) Identificáronse os requirimentos actitudinais do posto de traballo.

b) Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas e responsabilizouse do traballo asignado.



c) Demostrouse compromiso co traballo ben feito e a calidade do servizo, así como respecto aos procedementos e principios propios do centro deportivo de prácticas.

d) Demostrouse capacidade de traballo en equipo e respecto á xerarquía establecida no centro deportivo de prácticas.

e) Establecéronse unha comunicación e unha relación eficaz co persoal técnico responsable da actividade e os membros do equipo, mantendo un trato fluído e correcto.

f) Coordinouse co resto do equipo, informando de calquera cambio, necesidade relevante ou imprevisto que se presente na actividade.

g) Demostrouse un comportamento ético coas persoas deportistas e os adversarios ou adversarias, en especial en presenza dos medios de comunicación.

5. Organiza e xestiona competicións e eventos propios do nivel da iniciación e tecnificación deportiva, e colabora nos de alto rendemento, participando na xestión e deseño da competición, aplicando criterios de sustentabilidade.

a) Propúxose a estrutura e as funcións que se deben desempeñar na organización dunha competición ou evento deportivo de tecnificación en sláalom de augas bravas.

b) Definíronse e aplicáronse os criterios de sustentabilidade na organización dunha competición ou evento deportivo de tecnificación en sláalom de augas bravas.

c) Localizáronse e xestionáronse as posibles axudas ao patrocinio do deporte feminino na modalidade de sláalom de augas bravas.

d) Xestionouse o financiamento da organización dunha competición ou evento deportivo de tecnificación en sláalom de augas bravas.

e) Realizouse a xestión e difusión dos resultados dunha competición ou evento deportivo de tecnificación ou alto rendemento en sláalom de augas bravas.

f) Participouse na xestión de persoal e medios materiais das diferentes áreas ou comités da organización dunha competición ou evento de tecnificación ou alto rendemento en sláalom de augas bravas.



g) Realizouse o deseño, a montaxe e o axuste do circuíto dunha competición de tecnificación ou de alto rendemento de sláalom.

h) Colaborouse na organización e realización de actos protocolarios de apertura, entrega e clausura dunha competición ou evento deportivo de tecnificación ou alto rendemento en sláalom de augas bravas.

i) Tomáronse as medidas de seguridade e de atención ás emerxencias na organización dunha competición ou evento deportivo de tecnificación en sláalom de augas bravas.

j) Actuouse de xeito flexible e adaptable ás circunstancias na organización da competición, respectando os protocolos e directrices establecidos.

6. Orienta as persoas deportistas de alto rendemento, organiza e acompaña os padexeiros ou as padexeiras na súa participación en actividades, competicións e outros eventos internacionais ou de alto nivel en sláalom, aplicando a normativa relacionada.

a) Foi informado o padexeiro ou a padexeira de alto rendemento da normativa que lle afecta e dos programas de axuda que existen a nivel nacional e autonómico.

b) Foi orientado/a o padexeiro/a de alto rendemento sobre as saídas profesionais da súa actividade deportiva e a importancia de manter unha formación académica ou profesional paralelas á vida deportiva.

c) Revisouse e foi informado o padexeiro ou a padexeira da normativa antidopaxe de aplicación nas competicións internacionais ou de alto nivel en que se participa.

d) Realizouse a inscrición do padexeiro ou da padexeira ou grupo de padexeiros ou padexeiras nunha competición internacional ou de alto nivel en sláalom, de acordo cos protocolos e normas establecidos.

e) Realizáronse as operacións de xestión do seguro de accidente e actividade dun grupo de padexeiros ou de padexeiras que participan nunha competición internacional ou de alto nivel, de acordo coas instrucións e normas recibidas.

f) Recoñeceuse e xustificouse a responsabilidade do persoal técnico nos desprazamentos dos padexeiros ou padexeiras para asistir a unha competición internacional ou de alto nivel.



g) Elaborouse o plan de viaxe dun grupo de padexeiros ou padexeiras para a súa participación nunha competición internacional ou de alto nivel, aplicando as instrucións e procedementos establecidos.

h) Foi informado o padexeiro ou a padexeira das características da competición internacional ou de alto nivel, interpretando a documentación sobre esta.

i) Foron acompañados os piragüistas ou as piragüistas nas competicións internacionais ou de alto nivel, aplicando os procedementos e seguindo as instrucións e normas establecidas.

j) Velouse polo respecto aos valores do xogo limpo, o respecto á saúde persoal e aos demais, durante a participación na competición internacional ou de alto nivel en sláalom, aplicando os procedementos adecuados e respectando as normas desta.

k) Aplicáronse os procedementos de reclamación nunha competición internacional ou de alto nivel en sláalom, utilizando o idioma axeitado, aplicando os protocolos e normas establecidos.

7. Colabora na dirección do padexeiro ou da padexeira durante a participación en actividades, competicións e outros eventos internacionais ou de alto nivel de sláalom, valorando as situacións técnico-tácticas en función do percorrido, medio, capacidades físicas e técnicas do padexeiro ou da padexeira e aplicando os procedementos establecidos.

a) Colaborouse na dirección de padexeiros ou de padexeiras en competicións de alto nivel establecendo os protocolos individualizados de preparación da estratexia.

b) Participouse na recollida de información que necesita o padexeiro ou a padexeira para a preparación da competición e a realización desta.

c) Colaborouse na valoración técnica da realización do padexeiro ou da padexeira de alto nivel utilizando técnicas e procedementos axeitados.

d) Elaborouse o plan de preparación e adaptación específico para unha competición de sláalom de alto nivel.

e) Colaborouse e participouse na preparación, seguimento e avaliación dun equipo de padexeiros ou de padexeiras nunha competición de tecnificación ou de alto nivel de sláalom de augas bravas.



f) Colabórase na coordinación das actividades dos diferentes membros do equipo técnico antes, durante e despois das competicións de alto nivel en sláalom de augas bravas.

g) Demostrouse empatía e xerouse credibilidade no equipo durante a dirección en competicións de alto nivel en sláalom de augas bravas.

8. Planifica o adestramento a longo, medio e curto prazo dos padexeiros ou das padexoiras de augas bravas, interpretando a información da persoa deportista e do ámbito, coordinando o equipo de especialistas e aplicando os modelos, procedementos e técnicas máis axeitados.

a) Colabórase na elaboración do programa de detección, identificación e selección de talentos deportivos en sláalom do centro deportivo de prácticas.

b) Aplicáronse os criterios de detección, identificación e selección de talentos deportivos en sláalom de augas bravas, no centro deportivo de prácticas.

c) Seleccionouse e interpretouse a información do/da piragüista do centro deportivo de prácticas e do seu ámbito, necesaria na elaboración da programación a longo prazo.

d) Elaborouse a planificación a longo prazo do padexeiro ou da padexeira, de acordo cos modelos utilizados no centro deportivo de prácticas, identificando as dinámicas de carga dos diferentes factores de rendemento deportivo en sláalom de augas bravas, e programando a progresión técnica desde a selección de talentos ata o alto rendemento.

e) Aplicáronse os instrumentos de valoración da condición física ou condicional do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento, interpretando e, de ser o caso, tratando a información resultante.

f) Elaboráronse e aplicáronse os instrumentos de rexistro do comportamento técnico-táctico en adestramento e competición dos padexeiros ou das padexoiras de alto rendemento, interpretando e, se é o caso, tratando a información resultante.

g) Aplicáronse os instrumentos de valoración do perfil psicológico do padexeiro ou da padexeira e do seu comportamento durante a competición, interpretando e, de ser o caso, tratando a información resultante.

h) Elaborouse a programación a medio e curto prazo dos diferentes factores de rendemento (condicionais, técnicos, psicológicos, etc.), de acordo coa planificación do centro de prácticas e obxectivos e características dos padexeiros ou das padexoiras.



i) Elaborouse o programa dunha concentración de preparación, adaptándoa ás necesidades específicas dos padexeiros ou das padexeiras e do centro de formación práctica.

j) Rexistrouse, cuantificouse e procesouse a información sobre a carga de adestramento dun padexeiro ou dunha padexeira do centro deportivo de prácticas.

k) Asignáronse obxectivos e medios de traballo ao equipo de persoal técnico especialista en ciencias aplicadas ao deporte, dentro da planificación e programación do adestramento.

l) Incorporáronse as achegas do persoal técnico especialista en ciencias aplicadas ao deporte na planificación e programación do adestramento.

m) Mostrouse unha actitude de rigor e obxectividade na aplicación dos instrumentos de valoración utilizados.

9. Organiza e dirixe o adestramento e as concentracións de preparación dos padexeiros ou das padexeiras de augas bravas, coordinando equipos de persoal técnico especialista, aplicando os medios e métodos específicos de adestramento de cada un dos factores de rendemento en sláalom de augas bravas, e aplicando as novas tecnoloxías ao rexistro do adestramento e a competición.

a) Aplicáronse os medios e métodos de adestramento dos factores de rendemento e elixíronse as tarefas de acordo coa programación do centro deportivo de prácticas.

b) Dirixiuse a sesión tendo en conta a variedade e integración dos diferentes medios e métodos de adestramento, de acordo coa programación do centro deportivo de prácticas.

c) Identificáronse e solucionáronse as continxencias que xurdisen durante a sesión de adestramento da persoa deportista.

d) Adaptouse o traballo da sesión ás condicións reais do padexeiro ou da padexeira.

e) Tivéronse en conta as lesións máis frecuentes en sláalom e as súas medidas preventivas, na dirección da sesión de adestramento.

f) Colaborouse na organización e dirección dunha concentración de preparación, seleccionando os medios e a loxística axeitados á situación do centro deportivo de prácticas.



g) Mantívose unha actitude motivadora e empática co padexeiro ou coa padexeira durante a dirección da concentración de preparación ou a sesión de adestramento.

10. Dirixe a preparación e perfeccionamento técnico dos padexeiros ou das padexeiras, aplicando os medios e métodos específicos de adestramento e perfeccionamento técnico en sláalom, e aplicando as novas tecnoloxías ao rexistro do adestramento e competición.

a) Aplicáronse os sistemas de adestramento técnico elixindo as tarefas de acordo coa programación de referencia.

b) Dirixíronse as sesións integrando o traballo técnico e os distintos medios de acordo coa programación de referencia.

c) Colaborouse na avaliación técnica da execución de traxectorias, interpretando e relacionando os erros coas causas.

d) Elaborouse unha análise dos campos de forza e os seus efectos sobre a navegación.

e) Propuxéronse progresións e situacións para a corrección de erros e para o perfeccionamento técnico, utilizando os sistemas de análise do equilibrio, conducción e propulsión.

f) Colaborouse na realización dos equipos personalizados de control técnico, seguindo os criterios das programacións de referencia.

g) Realizouse o seguimento técnico con rexistro audiovisual no adestramento e en competición do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento, interpretando os rexistros.

h) Utilizáronse durante a sesión, a preparación e a competición os rexistros audiovisuais cos padexeiros ou coas padexeiras, establecendo os protocolos de uso en cada caso e identificando as informacións necesarias e útiles en cada caso.

i) Colaborouse na selección dos rexistros audiovisuais e editáronse para o seu uso e arquivamento.

11. Colabora no establecemento das axudas ergoxénicas e dos plans de traballo complementario do padexeiro ou da padexeira lesionado/a, aplicando os medios, métodos e procedementos establecidos.

a) Programouse o traballo complementario dun padexeiro ou dunha padexeira lesionado/a, tendo en conta a programación do centro deportivo de prácticas.



b) Valoráronse as pautas alimentarias dos padexeiros ou das padexeiras do centro deportivo de prácticas.

c) Propuxéronse medidas de formación sobre alimentación deportiva para os padexeiros ou as padexeiras do centro deportivo de prácticas.

d) Identificáronse as manifestacións de fatiga durante o adestramento e a competición do/da piragüista do centro deportivo de prácticas.

e) Propuxéronse e aplicáronse medidas de recuperación da fatiga de acordo coas posibilidades do centro deportivo de prácticas.

f) Colaborouse na prescrición e administración de axudas ergoxénicas en padexeiros ou en padexeiras do centro deportivo de prácticas.

g) Foi informado o padexeiro ou a padexeira dos riscos e consecuencias na saúde do uso de substancias dopantes.

h) Mostrouse unha actitude de xogo limpo e respecto pola saúde do padexeiro ou da padexeira, en especial no referido ao uso de substancias dopantes.

12. Participa na formación do persoal técnico deportivo, revisando a organización académica e curricular do centro, impartindo clases e colaborando na titorización dos módulos de formación práctica e proxecto final.

a) Identificouse o tipo de centro docente de prácticas, o tipo de vinculación coa Administración e a normativa que lle é de aplicación para os efectos de organización e funcionamento.

b) Identificáronse as responsabilidades do profesorado especialista e do persoal técnico deportivo superior en sláalom de augas bravas na formación do persoal técnico na modalidade.

c) Concretáronse os elementos da programación didáctica dun módulo do bloque específico, atendendo á súa normativa de ordenación, ás características do alumnado e ao contexto do centro docente de prácticas.

d) Deseñouse e colaborouse na realización dunha presentación (de tarefas e contidos), atendendo ás características do módulo específico e do resultado de aprendizaxe que





se vai desenvolver, tendo en conta as características do alumnado do centro docente de prácticas.

e) Colaborouse no deseño e dirección dunha sesión de traballo práctico ou procedementa, atendendo ás características do módulo específico e do resultado de aprendizaxe que se vai desenvolver, tendo en conta as características do alumnado do centro docente de prácticas.

f) Participouse no proceso de avaliación do alumnado do centro docente de prácticas.

g) Tívoise en conta a aplicación efectiva do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes á hora de seleccionar os recursos didácticos na docencia do módulo específico de ensinanzas deportivas en sláalom en augas bravas.

h) Prevíronse e preparáronse de antemán recursos didácticos alternativos fronte a posibles incidencias, incluíndo a atención a persoas con discapacidade, na dirección da sesión do módulo específico de ensinanzas deportivas en piragüismo.

i) Identificáronse as condicións de seguimento e titorización dos distintos módulos do bloque específico dos ciclos inicial e final de grao medio en piragüismo, presenciais e a distancia, establecidos no centro docente de prácticas.

j) Participouse no establecemento de contactos e convenios coas entidades colaboradoras no módulo de formación práctica.

k) Utilizáronse aplicacións informáticas específicas en supostos de xestión e seguimento do módulo de formación práctica no centro docente de prácticas.

l) Colaborouse na elaboración de informes de avaliación do módulo de formación práctica.

m) Participouse no asesoramento e control de entrevistas e titorías personalizadas na dirección de proxectos dentro do centro docente de prácticas.

13. Colabora no deseño dos trazados de percorridos de adestramento e competición, analizando as necesidades debidas ao nivel da competición ou sesión e aplicando procedementos específicos.

a) Colaborouse no estudo das necesidades do campo de adestramento e/ou de competición e das posibilidades que ofrece o percorrido.



b) Identificáronse as diferentes situacións de campos de forzas, relacionándoas coas posibilidades de percorridos existentes.

c) Marcouse o percorrido dunha sesión de adestramento, tendo en conta os obxectivos desta.

d) Colaborouse na marcaxe de percorridos en competicións de tecnificación e de alto rendemento en sláalom de augas bravas.

e) Deseñáronse circuítos de adestramento de simulación de competición, adecuados ao nivel segundo a programación prevista e reunindo os requisitos de compensación necesarios.

f) Participouse na adecuación dun campo de sláalom para o adestramento e a competición.

g) Tivéronse en conta os diferentes usos que debe ter unha instalación deste tipo.

14. Pon a punto os materiais de sláalom de augas bravas, adaptándoos ás necesidades individuais, aplicando técnicas e procedementos específicos, e participa no deseño de material.

a) Elixíronse as embarcacións axeitadas ás características dos padexeiros ou das padexeiros, argumentando as eleccións.

b) Montáronse as embarcacións novas de padexeiros ou de padexeiros de alto rendemento, calibrando de forma individualizada a situación do asento e o repousapés.

c) Realizouse o calado dunha K-1 de forma individualizada nun padexeiro ou nunha padexeira de alto rendemento.

d) Realizouse o calado dun C-1 de forma individualizada nun padexeiro ou nunha padexeira de alto rendemento.

e) Realizouse o calado dun C-2 de forma individualizada nun padexeiro ou nunha padexeira de alto rendemento.

f) Realizáronse adaptacións de calados de mellora, determinando as necesidades a partir da análise técnica do padexeiro ou da padexeira.



g) Montáronse pas de diferentes sistemas de forma individualizada.

h) Colaborouse na realización de reparacións de diferentes tipos en embarcacións de padexeiros ou de padexeiras de alto rendemento.

i) Colaborouse no deseño de embarcacións como traballo conxunto entre técnicos e padexeiros ou padexeiras.

B) Funcións ou actividades que debe desempeñar o alumnado en prácticas para realizar as tarefas propostas.

- Colaborar na xestión administrativa do club ou entidade deportiva.
- Identificar a estrutura e funcionamento do club ou entidade deportiva.
- Establecer a relación entre a oferta de actividades de especialización, tecnificación e alto rendemento en augas bravas.
- Identificar os riscos inherentes aos espazos de prácticas e tomar as medidas de prevención necesarias para a realización de actividades.
- Elaborar a preparación completa dos padexeiros ou das padexeiras de alto nivel.
- Colaborar na elaboración dos plans de traballo dos padexeiros ou das padexeiras lesionados/as.
- Dirixir as sesións de adestramento e perfeccionamento técnico e táctico en augas bravas propias do alto nivel.
- Deseñar percorridos de adestramento e competición.
- Colaborar na organización e dirección de concentracións de preparación para o padexeiro ou a padexeira de alto nivel.
- Coordinar o proceso de tecnificación deportiva en augas bravas, analizando a estrutura do grupo de alto nivel e elaborando un programa de referencia.
- Organizar actividades de tecnificación deportiva de alto nivel en augas bravas para persoas con discapacidade tendo en conta as súas capacidades e limitacións.



- Colaborar na organización e xestión de competicións e eventos en piragüismo de augas bravas.
- Dirixir e acompañar as persoas deportistas antes, durante e despois da súa participación en actividades, eventos ou competicións de alto nivel en augas bravas.
- Colaborar no seguimento e análise do comportamento táctico do padexeiro ou da padexeira en competicións de alto nivel.
- Informar as persoas deportistas de alto nivel antes, durante e despois das competicións, sobre o desenvolvemento destas e as súas execucións, transmitindo actitudes e valores de respecto aos demais e ao ámbito.
- Respectar as normativas de competición e de utilización do espazo, aplicando protocolos establecidos cunha actitude clara de respecto.
- Identificar a estrutura e funcionamento dun centro de formación de persoal técnico en piragüismo.
- Colaborar na impartición de clases nun centro de formación de persoal técnico en piragüismo.
- Adaptar e pór a punto o material de piragüismo de augas bravas.

C) Secuenciación e temporización das actividades que se deben realizar no módulo de formación práctica:

- Realizar actividades relacionadas co alto rendemento deportivo en augas bravas, como a elaboración de programas, colaboración na organización de actividades e competicións de alto nivel, dirección dun club deportivo, etc.
- O bloque de formación práctica, baixo a supervisión do persoal técnico superior correspondente, constará de tres fases.
  - Fase de observación, na cal o alumnado observará as tarefas levadas a cabo polo persoal técnico supervisor.
  - Fase de colaboración, na cal o alumnado colaborará coas actividades e tarefas desenvolvidas e encomendadas polo titor/a supervisor/a da actividade.



– Fase de actuación supervisada, na cal o alumnado asumirá de forma responsable o conxunto de tarefas propias do ciclo de técnico deportivo de grao superior en Augas Bravas, encomendadas polo persoal técnico supervisor.

D) Características do centro ou centros en que se deben desenvolver as actividades formativas do módulo de formación práctica:

- As prácticas levaranse a cabo en escolas, asociacións deportivas ou entidades que inclúan a modalidade de augas bravas.

- Os centros onde se desenvolvan as ditas prácticas deberán estar dotados dos medios e recursos humanos e materiais necesarios para poder levar a cabo o desenvolvemento das actividades correspondentes ao grao superior de persoal técnico deportivo en Augas Bravas.

### ANEXO III

#### **Obxectivos xerais e módulos de ensino deportivo do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas**

Obxectivos xerais:

a) Seleccionar e xustificar os procedementos de valoración do ámbito da persoa deportista, dos medios materiais e instalacións dispoñibles e dos regulamentos, identificando as súas características e aplicando os procedementos, para analizar as condicións do alto rendemento.

b) Analizar e describir as opcións formativas e profesionais, relacionándoas coas necesidades e a organización propia do alto nivel, enumerando as diferentes posibilidades e os diversos requisitos.

c) Seleccionar e xustificar os procedementos de análise dos factores de rendemento e os criterios de selección das persoas deportistas, identificando as súas características e aplicando os procedementos establecidos para valorar os factores de rendemento propios da especialidade de augas tranquilas.

d) Describir, seleccionar e demostrar as técnicas de filmación, edición e xestión de material audiovisual, identificando as súas necesidades e limitacións e aplicando procedementos para valorar o rendemento no alto nivel de augas tranquilas.



e) Seleccionar os medios de análise dos movementos do sistema padexeiro-embarcación ou padexeira-embarcación (GPS, acelerómetros, inclinómetros, etc.), interpretando a información obtida e aplicándoa á mellora técnica e acoplamento en embarcacións individuais e colectivas de augas tranquilas.

f) Elixir e xustificar os procedementos de determinación dos obxectivos, medios e métodos de adestramento, e a temporización da carga, aplicando os principios do adestramento e da aprendizaxe motora, para programar a curto, medio e longo prazo o adestramento.

g) Analizar a complexidade das tarefas e os factores relativos á carga de traballo, deseñando actividades en supostos establecidos e aplicando os principios e os métodos de adestramento, para concretar as sesións de traballo.

h) Seleccionar os procedementos de análise e xestión dunha programación, identificando os recursos humanos e medios materiais necesarios e aplicando os procedementos de xestión económica e orzamentarios necesarios.

i) Describir, elixir e demostrar as técnicas e estratexias de dirección de sesións, de motivación individualizada e grupal, de control das contingencias propias do alto rendemento en augas tranquilas, aplicando procedementos de observación, dinamización e control, resolvendo supostos e aplicando normas de protección do ambiente, para dirixir sesións en calquera situación.

j) Seleccionar, comprobar e axustar os medios materiais do alto rendemento deportivo, aplicando os procedementos establecidos e a normativa vixente, operando cos instrumentos e materiais de reparación e mantemento, para facilitar a dispoñibilidade e axeitada utilización dos medios necesarios.

k) Analizar os factores de evolución do material e relacionalo coas necesidades do padexeiro ou da padexeira, para determinar a elección do equipamento de alto rendemento.

l) Analizar a competición de alto rendemento, aplicando os procedementos establecidos e tendo en conta as características dos participantes, as condicións do medio en que se realizará a competición e do percorrido en competicións de maratón, para dirixir persoas deportistas e equipos en competicións deste nivel de augas tranquilas.

m) Identificar as necesidades vinculadas á participación en competicións internacionais, identificando as posibles actuacións e describindo os factores que se van xestionar.



n) Demostrar un nivel de conversa en lingua inglesa, utilizando o vocabulario específico habitual na xestión e desenvolvemento dunha competición internacional de augas tranquilas.

ñ) Analizar e xustificar as necesidades de intervención doutros especialistas na preparación do alto rendemento, describindo as funcións e obxectivos que cómpre desenvolver, para determinar a constitución e coordinación de equipos de traballo multidisciplinares.

o) Identificar e analizar as características organizativas, medios materiais e humanos, aplicando os procedementos establecidos de xestión, para coordinar recursos humanos e organizar os recursos materiais dunha escola de piragüismo.

p) Analizar o proceso formativo dos técnicos, identificando as condicións, analizando as estratexias, recursos e normativas de aplicación.

q) Analizar e elaborar a estrutura das competicións, concentracións e eventos propios do nivel de tecnificación deportiva, e analizar as características organizativas de competicións de alto nivel, enumerando os requisitos administrativos, os medios materiais e humanos necesarios, aplicando o marco legal que as regula, para organizar e colaborar na xestión de competicións e eventos.

r) Diseñar e xustificar os procedementos de recollida de información e valoración do proceso de alto rendemento, analizando as variables que interveñen en supostos, para avaliar o proceso de adestramento e os resultados obtidos na competición.

s) Describir as características do proceso de adquisición de valores e actitudes, sendo consciente e argumentando os efectos que provocan na persoa deportista, para transmitir valores propios da actividade deportiva a través do comportamento ético persoal.

t) Recoñecer, promover e xustificar os valores de compromiso, traballo ben feito e aprendizaxe constante, describindo os aspectos observables da conduta que reflicten estes valores, para manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no desempeño do seu labor como persoal técnico.



Os módulos citados a continuación compártense entre os ciclos de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas e en Piragüismo de Augas Tranquilas, e están desenvolvidos, na súa totalidade, dentro do anexo II:

- Factores fisiolóxicos do alto rendemento. Código: MED-C301.
- Factores psicosociais do alto rendemento. Código: MED-C302.
- Formación de formadores e formadoras deportivos/as. Código: MED-C303.
- Organización e xestión aplicada ao alto rendemento deportivo. Código: MED-C304.

Módulo específico de ensino deportivo: Planificación do alto rendemento en augas tranquilas.

Código: MED-PIAT308.

Este módulo artículase fundamentalmente sobre a programación e control do proxecto do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento, desde a súa detección, a planificación a longo prazo do seu traballo, a súa concreción a curto prazo e o seguimento da carga de traballo que realiza.

Existen outros dous aspectos importantes pero complementarios ao anterior que non se deben deixar de lado:

1. Os protocolos de organización e coordinación do traballo do persoal especialista que colabora co adestrador ou adestradora.

2. A xestión dos recursos humanos e materiais necesarios para a organización de concentracións de traballo.

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *a, d, e, f, j, k, ñ, o*, e as competencias *a, f, h, j, m, ñ, o* do ciclo final de grao medio en Augas Tranquilas.

B) Estratexias metodolóxicas.

Este módulo debe dar continuidade aos obxectivos do ciclo final de grao medio en Piragüismo de Augas Tranquilas.





Dada a complexidade do módulo e o seu carácter procedemental, é fundamental utilizar estratexias de traballo práctico onde o alumnado aplique en situacións reais ou simuladas:

- A elaboración de programas de detección, identificación e selección de talentos.
- A elaboración de programas de preparación a longo, medio e curto prazo do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas, identificando a función do equipo de especialistas de apoio ao adestramento.
- A análise da carga de adestramento.
- A organización de concentracións de preparación.

É importante o uso de materiais de apoio, tanto escritos como audiovisuais, que faciliten que o tempo de traballo na clase sexa máis eficaz, limitando a utilización de clases maxistras.

#### C) Orientacións pedagóxicas.

A orde de impartición dos resultados de aprendizaxe deste módulo pode ser a mesma que a establecido no título. No caso de que se varíe, recoméndase que os RA 1, 3, 4 e 5 se vinculen a través dun proxecto de planificación do traballo dun padexeiro ou dunha padexeira ou grupo que permita incorporar a organización de concentracións, e a configuración e establecemento de pautas de traballo dun grupo de especialistas de apoio ao adestramento.

A norma establece que este módulo pode ser impartido a distancia. Non obstante e dado o carácter dos resultados de aprendizaxe, recoméndase que se imparta de maneira semi-presencial. Para iso propónse que o material conceptual se traballe de xeito comprensivo a través do ensino a distancia e que, durante a parte presencial ou mediante ferramentas de traballo colaborativo a distancia, se traballe na elaboración de proxectos onde se concrete en situacións reais a planificación e programación da preparación, a organización de concentracións, o control da carga e a colaboración do persoal técnico especialista. A fase presencial permite que, a través de obradoiros ou seminarios, o alumnado traballe de forma coordinada, expoña e analice de forma crítica os proxectos presentados.

#### D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Detecta, identifica e selecciona talentos deportivos en piragüismo de augas tranquilas, analizando as características dos sistemas e programas de detección e selección de



talentos, analizando as características das etapas de desenvolvemento da vida deportiva dos padexeiros ou das padexeiras e aplicando técnicas específicas.

a) Fundamentáronse os conceptos e as fases do proceso de detección, identificación e selección de talentos en piragüismo de augas tranquilas.

b) Analizáronse os programas de detección, identificación e selección de talentos deportivos en piragüismo de augas tranquilas, establecidos polas administracións deportivas de acordo coas características específicas da modalidade.

c) Seleccionáronse os criterios de adaptación dos programas de detección, identificación e selección de talentos axeitados á modalidade.

d) Seleccionáronse os medios materiais e humanos necesarios na implantación dun programa de detección, identificación e selección de talentos en piragüismo de augas tranquilas.

e) Seleccionáronse os valores de referencia que determinan a evolución das capacidades e modos de comportamento do padexeiro ou da padexeira ao longo das diferentes etapas da vida deportiva dos talentos en piragüismo de augas tranquilas.

f) Seleccionáronse, de forma xustificada, os criterios de detección, identificación e selección de talentos en función da etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira.

g) Seleccionáronse as técnicas e instrumentos de valoración das capacidades e modos de comportamento propios do proceso de identificación de talentos deportivos en piragüismo de augas tranquilas e da etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira.

h) Relacionáronse as técnicas e instrumentos de valoración das capacidades e modos de comportamento, coas características do piragüismo de augas tranquilas e da etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira.

i) Elaborouse un proxecto de programa de detección, identificación e selección de talentos en piragüismo de augas tranquilas.

j) Xustificouse a necesidade de respectar os intereses e necesidades do individuo no proceso de desenvolvemento dos talentos deportivos en piragüismo de augas tranquilas.



2. Xestiona a programación dun equipo ou grupo de competición, organizando concentracións puntuais, xustificando os recursos humanos e materiais necesarios e aplicando procedementos de xestión económica e orzamentaria.

a) Analizáronse as necesidades, tanto loxísticas coma específicas, na execución dun programa de adestramento de alto rendemento.

b) Analizáronse os criterios de selección do lugar óptimo de adestramento, valorando cada un dos aspectos que facilitan o desenvolvemento global do adestramento en piragüismo de augas tranquilas.

c) Analizáronse os requisitos administrativos para o desenvolvemento da concentración en augas tranquilas.

d) Elaborouse unha proposta de xestión económica para a execución dun programa de adestramento en piragüismo de augas tranquilas, incluíndo orzamentos, control de gastos e peche de exercicio económico.

e) Analizáronse os beneficios e funcións que ten a concentración de preparación dentro dunha planificación individual ou colectiva en piragüismo de augas tranquilas.

f) Analizáronse os obxectivos que se poden cumprir nas concentracións de preparación en piragüismo de augas tranquilas

g) Caracterizáronse os diferentes tipos de concentracións de preparación en función do obxectivo e do momento da preparación.

h) Fundamentáronse as estratexias de intervención e coidados ás persoas deportistas nas concentracións de preparación de piragüismo de augas tranquilas, en función dos obxectivos establecidos.

i) Seleccionáronse os medios e a loxística necesarios na organización dunha concentración de preparación en piragüismo de augas tranquilas, en función dos obxectivos e das condicións existentes.

j) Valorouse a importancia das concentracións nos programas de preparación en piragüismo de augas tranquilas.



3. Programa a preparación a longo prazo do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas nas diferentes categorías, analizando os modelos de preparación a longo prazo, seleccionando a información necesaria e aplicando instrumentos e métodos de recollida desta.

a) Analizáronse as características das diferentes etapas no desenvolvemento da vida deportiva dun padexeiro ou dunha padexeira ata a consecución do alto rendemento e o abandono da vida deportiva.

b) Analizáronse as características dos diferentes modelos de planificación (programación dos ciclos de preparación) supraanual (vida deportiva e ciclo olímpico) en función dos modelos de rendemento da modalidade e da etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira e, en especial, a de alto rendemento.

c) Analizáronse as características dos diferentes modelos de planificación dos ciclos anuais en piragüismo de augas tranquilas en función dos obxectivos establecidos, da dinámica de cargas que comporta e da súa adecuación á etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira e, en especial, á de alto rendemento.

d) Elaboráronse os obxectivos de preparación e rendemento nunha programación anual, en función do modelo de programación e da etapa na vida deportiva do padexeiro ou da padexeira e, en especial, a de alto rendemento.

e) Analizáronse as características do calendario de competición anual e internacional en piragüismo de augas tranquilas, relacionándoo coas características do modelo de planificación.

f) Caracterizáronse as diferentes etapas, ciclos ou períodos en que se subdivide unha programación anual.

g) Seleccionáronse os medios e métodos de control da preparación e do rendemento nunha programación a longo prazo, en función dos obxectivos e da etapa da vida deportiva do padexeiro ou da padexeira e, en especial, a de alto rendemento.

h) Identificouse o tipo de información que se debe ter en conta na programación a longo prazo.

i) Aplicáronse métodos de recollida e análise da información sobre o padexeiro ou a padexeira e o ámbito que se deberá ter en conta na programación a longo prazo.



j) Identifícase a información do ámbito persoal, social ou educativo do padexeiro ou da padexeira que se deberá ter en conta na programación do adestramento a longo, medio e curto prazo, en función da etapa deportiva e, en especial, a de alto rendemento.

k) Elaboráronse instrumentos de recollida da información sobre o ámbito persoal, social e educativo do padexeiro ou da padexeira.

l) Valorouse a importancia de establecer metas adecuadas á evolución do padexeiro ou da padexeira e a dinámica de cargas específica en piragüismo de augas tranquilas, na programación a longo, medio e curto prazo.

4. Programa a medio e curto prazo a preparación do padexeiro ou da padexeira ou equipo de augas tranquilas, analizando as características dos diferentes mesociclos e microciclos de preparación e os criterios de combinación e evolución dos medios e métodos empregados.

a) Definíronse as etapas e os obxectivos do adestramento da condición física en seco, con simuladores e en auga do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas de alto rendemento con relación á planificación e programación de referencia.

b) Analizáronse os obxectivos no desenvolvemento da condición física en seco con simuladores e en auga do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas, tendo en conta o tipo de embarcación utilizada, a distancia de competición e a categoría.

c) Definíronse as características que debe cumprir un programa de adestramento en seco, con simuladores e en auga personalizada, acorde coas necesidades de cada padexeiro ou cada padexeira de augas tranquilas.

d) Elaborouse un ciclo de preparación física completa, empregando diferentes tipos de estruturas temporais propias da planificación deportiva de alto rendemento, concretando obxectivos, medios, métodos, instrumentos de control e dinámica da carga.

e) Seleccionáronse os medios de control dos factores de rendemento en piragüismo de augas tranquilas, tanto en velocidade en liña coma en maratón, en función da situación dentro da programación e dos obxectivos desta.

f) Seleccionáronse os medios e métodos de adestramento en seco, con simuladores e en auga acordes co tipo de ciclo de preparación elixido.



g) Xustificáronse os criterios de evolución dos medios de adestramento en seco, con simuladores e en auga en piragüismo de augas tranquilas, tanto en velocidade en liña como en maratón, nos diferentes tipos de ciclos de preparación a medio e curto prazo.

h) Analizáronse os procedementos de selección dos obxectivos que se deberán alcanzar nos factores de rendemento en piragüismo de augas tranquilas, tanto en velocidade en liña como en maratón, en función do tipo de ciclo de preparación utilizado.

i) Xustificáronse os criterios de evolución e modificación dos métodos de adestramento dos factores de rendemento nos diferentes tipos de ciclos de preparación a medio e curto prazo.

j) Analizáronse os criterios de combinación dos medios e métodos de adestramento dos factores de rendemento, no microciclo de piragüismo de augas tranquilas, tanto en velocidade en liña coma en maratón, en función do tipo de ciclo de preparación a medio e curto prazo e do momento da preparación.

k) Xustificouse a importancia de adaptar a programación ás modificacións da forma deportiva do padexeiro ou da padexeira e ao grao de consecución dos obxectivos propostos.

5. Rexistra e valora a carga de adestramento na preparación dos padexeiros ou das padexeiras, analizando os factores que determinan a carga de adestramento en piragüismo de augas tranquilas e aplicando instrumentos de cuantificación e procesamento da información.

a) Caracterizáronse os indicadores que permiten a cuantificación da carga de traballo condicional, técnico e táctico no adestramento de piragüismo de augas tranquilas.

b) Caracterizáronse os indicadores que permiten a cuantificación da carga psicolóxica no adestramento e competición de piragüismo de augas tranquilas.

c) Analizáronse os métodos ou sistemas de cuantificación da carga de traballo condicional no adestramento de piragüismo de augas tranquilas.

d) Xustificouse a dinámica de cargas dos diferentes factores de rendemento deportivo en piragüismo de augas tranquilas dunha programación anual en función das características da programación e dos obxectivos formulados.



e) Aplicáronse os programas informáticos específicos á cuantificación da carga de traballo no adestramento de piragüismo de augas tranquilas.

f) Seleccionáronse os procedementos estatísticos para o procesamento e interpretación da carga de adestramento no adestramento de piragüismo de augas tranquilas.

g) Analizáronse as utilidades da cuantificación e seguimento da carga do adestramento no control e axuste da preparación en piragüismo de augas tranquilas.

h) Valorouse a importancia da cuantificación e o seguimento da carga de adestramento na optimización da preparación en piragüismo de augas tranquilas.

6. Dirixe o equipo de apoio ao adestramento de alto rendemento, determinando as necesidades dos padexeiros ou das padexeiras de augas tranquilas, aplicando protocolos de coordinación do diferente persoal especialista ao longo dos diferentes ciclos de adestramento, xustificando a estrutura de funcionamento e as funcións de cada área.

a) Xustificouse a necesidade do apoio ao adestramento de diferente persoal especialista para optimizar os diferentes procesos do rendemento na etapa de alto rendemento: valoración do adestramento, técnica, táctica, prevención de lesións, recuperación, etc.

b) Describíronse os modelos habituais de coordinación de equipos de persoal especialista de apoio ao adestramento de alto rendemento e as relacións que se establecen entre as diferentes áreas.

c) Describíronse as achegas do persoal especialista de apoio biomédico, técnico ou biomecánico e psicolóxico ao proceso de adestramento e competición en piragüismo de augas tranquilas de alto rendemento.

d) Identificáronse os momentos de actuación do persoal especialista de apoio biomédico, técnico ou biomecánico e psicolóxico ao proceso de adestramento e competición en piragüismo de augas tranquilas de alto rendemento.

e) Identificáronse as responsabilidades do persoal especialista de apoio biomédico, técnico ou biomecánico e psicolóxico ao proceso de adestramento e competición en piragüismo de augas tranquilas de alto rendemento.

f) Xustificáronse os medios e a loxística necesaria para a organización dun equipo de apoio ao adestramento e a coordinación co equipo técnico de piragüismo de augas tranquilas.



g) Valorouse a importancia da acción dos diferentes equipos de apoio ao adestramento no rendemento do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento.

E) Contidos.

1. Detecta, identifica e selecciona talentos deportivos en piragüismo de augas tranquilas, analizando as características dos sistemas e programas de detección e selección de talentos, analizando as características das etapas de desenvolvemento da vida deportiva dos padexeiros ou das padexeiras, e aplicando técnicas específicas.

- Programas de detección e selección de talentos en piragüismo de augas tranquilas.

- Conceptos e fases na detección, identificación e selección de talentos en piragüismo de augas tranquilas.

- Conceptos e fases.

- Modelos de detección temperá de talentos deportivos.

- Programas de detección, identificación e selección establecidos polas administracións deportivas.

- Probas de detección, identificación e selección de talentos deportivos en piragüismo de augas tranquilas.

- Valoración da idade biolóxica.

- Valoración antropométrica.

- Valoración da resistencia aerobia e anaerobia.

- Valoración da forza muscular.

- Valoración técnica e táctica.

- Valoración psicolóxica.

- Valores de referencia en función da categoría.

- Elaboración de programas de detección, identificación e selección de talentos deportivos en piragüismo de augas tranquilas.

- Adecuación das valoracións ás características do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas. Adaptacións en función da modalidade e idade.





- Selección e secuenciación de valoracións.
- Necesidades materiais e humanas.
- Adaptacións en función da modalidade.
- Seguimento de padexeiros ou de padexeiras de alto potencial de rendemento deportivo.
- Distribución das valoracións ao longo da vida deportiva.
- Adaptación das valoracións en función da etapa deportiva do padexeiro ou da padexeira.

2. Xestiona a programación dun equipo ou grupo de competición, organizando concentracións puntuais, xustificando os recursos humanos e materiais necesarios e aplicando procedementos de xestión económica e orzamentaria.

- Xestión e execución de programas de alto rendemento en piragüismo de augas tranquilas.
  - Infraestruturas necesarias para o adestramento en piragüismo de augas tranquilas.
  - Recursos materiais para o adestramento en seco: ximnasio, ergómetros.
  - Recursos materiais para o adestramento en auga: pista acoutada, motoras, embarcacións, pas, etc.
  - Recursos humanos.
  - Necesidades de transporte, aloxamento e manutención.
  - Presuposto de custos e financiamento.
  - Requisitos administrativos para o desenvolvemento de programas de adestramento en piragüismo de augas tranquilas.
  - Elaboración de memorias de xestión de recursos e peche de exercicios económicos.
  - Avaliación da xestión de recursos.



- Peculiaridades dos programas de adestramento en velocidade en liña e maratón.
- Organización de concentracións en piragüismo de augas tranquilas.
  - Determinación de obxectivos.
  - Beneficios e funcións das concentracións en piragüismo de augas tranquilas.
  - Orzamento de custos e financiamento.
  - Convocatoria e criterios de selección das persoas participantes.
  - Necesidades de organización, recursos humanos e materiais.
  - Coordinación, asignación de tarefas e responsabilidades.
  - Programa técnico, de adestramento e alternativo.
  - Loxística para as persoas participantes: transporte, aloxamento e manutención.
  - Requisitos administrativos para a organización da concentración.
  - Avaliación da concentración.

3. Programa a preparación a longo prazo dos padexeiros ou das padexiras de augas tranquilas nas diferentes categorías, analizando os modelos de preparación a longo prazo, seleccionando a información necesaria e aplicando instrumentos e métodos de recollida desta.

- O adestramento a longo prazo en piragüismo de augas tranquilas.
  - Preparación inicial.
  - Preparación de base.
  - Preparación específica de base ou adestramento de conexión.
  - Etapa de realización dos mellores resultados ou de alto rendemento.
  - Etapa de mantemento dos resultados.



- Modelos de competición nas diferentes categorías en piragüismo de augas tranquilas.
  - Análise e desenvolvemento dos modelos de preparación física, técnica, táctica e psicolóxica en función das diferentes categorías.
  - Características dos modelos de planificación e programación dos ciclos de preparación a longo prazo.
  - Características dos modelos de planificación dos ciclos anuais en piragüismo de augas tranquilas.
    - Modelos de programación do adestramento en piragüismo de augas tranquilas: tradicional, contemporáneo e novas tendencias de programación.
    - Obxectivos da preparación física, técnica, táctica e psicolóxica en velocidade en liña e en maratón.
    - Contidos da preparación física, técnica, táctica e psicolóxica en velocidade en liña e en maratón.
    - Dinámica das cargas en velocidade en liña e en maratón.
    - O calendario de competicións e a súa incidencia na planificación.
    - Organización e control do adestramento de alto nivel.
    - Medios e métodos de avaliación e control do proceso de adestramento en función dos obxectivos, categoría e etapa deportiva.
  - O ámbito persoal, social e educativo do/da piragüista de augas tranquilas de alto rendemento.
    - Características e utilidade da información.
    - Métodos e instrumentos de recollida de información.
    - Análise da información persoal.
4. Programa a medio e curto prazo a preparación do padexeiro ou da padexeira ou equipo de augas tranquilas, analizando as características dos diferentes mesociclos e mi-



crosciclos de preparación e os criterios de combinación e evolución dos medios e métodos empregados.

- Programación do adestramento a medio e curto prazo en piragüismo de augas tranquilas na etapa de alto rendemento.

- Características dos diferentes ciclos de adestramento. Importancia do adestramento en seco, con simuladores e en auga.

- Obxectivos dos ciclos e relación cos obxectivos xerais da programación. Particularidades en función do tipo de embarcación, distancia de competición e categoría.

- Evolución e combinación dos medios e métodos de adestramento en seco, con simuladores e en auga, en velocidade en liña e en maratón.

- Características do calendario de competicións en velocidade en liña e en maratón: criterios de análise e estruturación de ciclos dentro da programación anual.

- Control da evolución do/da piragüista de augas tranquilas: funcións e situación. Peculiaridades en velocidade en liña e en maratón.

- Interacción e integración entre os diferentes tipos de traballo: en seco, con simuladores, en auga, técnico e táctico.

- Criterios de revisión e axuste da programación á forma deportiva do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

- Estrutura e organización do microciclo de adestramento en velocidade en liña e en maratón nos diferentes ciclos de preparación.

5. Rexistra e valora a carga de adestramento na preparación dos padexeiros ou das padexeiras, analizando os factores que determinan a carga de adestramento en piragüismo de augas tranquilas, e aplicando instrumentos de cuantificación e procesamento da información.

- A carga de adestramento en piragüismo de augas tranquilas.

- Volume, intensidade e densidade do adestramento en velocidade en liña e maratón.

- Factores que determinan a carga de adestramento en velocidade en liña e maratón.



– Métodos e indicadores de valoración da carga condicional, técnica, táctica e psicolóxica de adestramento en velocidade en liña e maratón.

– Estrutura da dinámica de cargas: valoración dos diferentes contidos.

– Novas tendencias de valoración e cuantificación da carga de adestramento.

• Cuantificación da carga de adestramento en piragüismo de augas tranquilas.

– Instrumentos de valoración e cuantificación da carga de adestramento.

– Aplicacións informáticas de cuantificación da carga de adestramento.

– Procedementos estatísticos aplicados ao proceso de cuantificación da carga de adestramento.

– A cuantificación da carga como ferramenta de axuste e optimización do adestramento en piragüismo de augas tranquilas.

6. Dirixe o equipo de apoio ao adestramento de alto rendemento, determinando as necesidades dos padexeiros ou das padexeiras de augas tranquilas, aplicando protocolos de coordinación das diferentes persoas especialistas ao longo dos diferentes ciclos de adestramento, xustificando a estrutura de funcionamento e as funcións de cada área.

• Análise das necesidades de actuacións do persoal especialista de apoio no adestramento de alto rendemento en piragüismo de augas tranquilas.

• Coordinación e organización das actuacións do persoal especialista de apoio no adestramento de alto rendemento en piragüismo de augas tranquilas.

• Equipo de apoio no adestramento de alto rendemento:

– Apoio biomédico: médicos, fisioterapeutas, etc.

– Medios empregados e achegas ao alto rendemento.

– Momentos de actuación.

– Responsabilidades.



- Apoio técnico: biomecánicos, enxeñeiros, etc.
  - Medios empregados e achegas ao alto rendemento.
  - Momentos de actuación.
  - Responsabilidades.
- Apoio psicolóxico.
  - Medios empregados e achegas ao alto rendemento.
  - Momentos de actuación.
  - Responsabilidades.

Módulo específico de ensino deportivo: Análise da técnica de padexo en augas tranquilas.

Código: MED-PIAT309.

Este módulo articúlase fundamentalmente sobre tres eixes:

1. A optimización da técnica e a formación de barcos de equipo a partir da avaliación do padexo en canoa ou en caiac ou en embarcacións colectivas, utilizando técnicas de filmación específicas.

2. A análise do comportamento táctico en función da proba, a partir da análise cuantitativa e cualitativa da información achegada polos medios tecnolóxicos punteiros e propios do alto rendemento.

3. A análise das características hidrodinámicas da embarcación de augas tranquilas, en relación coa proba e coas características do padexeiro ou da padexeira.

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *a, c, d, e, f, j, k, l, r, e* e as competencias *c, d, e, g, h, n*, do ciclo final de grao medio en Augas Tranquilas.



## B) Estratexias metodolóxicas

Dada a complexidade do módulo, con seis resultados de aprendizaxe, é importante establecer un fío condutor que permita vincular a avaliación e programación do traballo técnico e de formación de embarcacións de equipo, coa avaliación táctica a partir da información de medios tecnolóxicos punteiros e o tratamento da información visual.

É fundamental utilizar estratexias de traballo práctico onde o alumnado aplique en situacións reais ou simuladas:

– Os criterios de elaboración de programas de optimización técnica tanto en canoa como en caiac.

– Os criterios de composición de embarcacións de equipo.

– As filmacións de embarcacións individuais e de equipos, así como da organización e almacenaxe destas.

– Estratexias de mellora do comportamento táctico a partir de valoracións cinemáticas e filmacións.

– Medios tecnolóxicos punteiros de análise do comportamento do sistema embarcación-padexeiro ou embarcación-padexeira.

– Os criterios de análise do comportamento hidrodinámico das embarcacións e das pas.

É importante o uso de materiais de apoio, tanto escritos como audiovisuais, que faciliten que o tempo de traballo na clase sexa máis eficaz, limitando a utilización de clases maxistras.

De igual xeito, é fundamental o traballo con medios tecnolóxicos punteiros que achen información sobre o comportamento do sistema padexeiro-embarcación ou padexeira-embarcación.

## C) Orientacións pedagóxicas.

A orde de impartición dos RA deste módulo pode ser a mesma que a establecida no título. No caso de que se varíe, recoméndase que os RA 1 e 2 se vinculen co 3 e 5, incorporando as análises cualitativa e cuantitativa do comportamento do padexeiro ou da padexeira



e as embarcacións como medios do traballo de optimización da técnica e da formación de embarcacións de equipo; de igual maneira, debe vincularse o RA 4 co 3 e 5 como fontes de información da avaliación e toma de decisións posteriores.

O RA 6 require un traballo conceptual máis profundo e pódese traballar de maneira individual, aínda que é interesante apoiarse no RA 6 como fonte de información do comportamento da embarcación.

A norma establece que este módulo pode ser impartido a distancia. Non obstante e dado o carácter dos resultados de aprendizaxe, recoméndase que se imparta de maneira semipresencial. Para iso propónse que o material conceptual se traballe de maneira comprensiva a través do ensino a distancia e que, durante a parte presencial ou mediante ferramentas de traballo colaborativo a distancia, se traballe na elaboración de proxectos onde se concrete en situacións reais a realización de filmacións e toma de datos sobre o comportamento do sistema embarcación-padexeiro ou embarcación-padexeira, a programación e posta en práctica do traballo de optimización da técnica en canoa, caiac e en barcos de equipo, a formación de barcos de equipo e a selección de embarcacións e material individual. A fase presencial permite que, a través de obradoiros ou seminarios, o alumnado traballe de forma coordinada, expoña e analice de forma crítica os proxectos presentados.

#### D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Dirixe o proceso de optimización da técnica de padexo en caiac de augas tranquilas, fundamentando os criterios de eficacia do padexo, xustificando a metodoloxía e a periodización do adestramento técnico, categorizando as adaptacións do padexo en embarcacións de equipo e aplicando técnicas de corrección técnica durante a sesión de adestramento.

a) Categorizáronse os criterios de eficacia e efectividade da técnica de padexo en caiac de augas tranquilas.

b) Aplicáronse as técnicas de corrección e optimización da técnica de padexo en caiac, así como do acoplamento en embarcacións colectivas durante a sesión de adestramento en caiaquistas de alto rendemento.

c) Deseñáronse instrumentos de valoración da técnica de padexo en caiac a partir de filmacións.





d) Xustificáronse as aplicacións da análise da técnica de padexo en caiac, a partir de filmacións, á mellora e optimización do rendemento do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

e) Describíronse os procedementos de análise de traxectorias e velocidades segmentarias durante a execución do padexo en caiac en ergómetros e en auga.

f) Identificáronse os obxectivos e fases do modelo de desenvolvemento técnico do/da caiaquista de augas tranquilas.

g) Relacionáronse os medios e métodos de adestramento técnico en caiac con determinados erros técnicos, identificando as súas características e aplicacións.

h) Concretouse unha progresión do perfeccionamento da técnica de padexo en caiac a partir dun suposto práctico de identificación de erros.

i) Xustificáronse os criterios de evolución dos diferentes medios e métodos de adestramento da técnica de padexo en caiac dentro dunha programación do adestramento técnico.

j) Xustificáronse os criterios de selección e formación do padexeiro ou da padexeira para a configuración de embarcacións colectivas en caiac de augas tranquilas.

k) Analizáronse as características e peculiaridades da técnica de padexo en K-2 e K-4, así como as adaptacións do padexo en embarcación individual á embarcación colectiva.

l) Mostrouse unha actitude crítica e innovadora cara ao proceso de optimización da técnica de padexo en caiac de augas tranquilas.

2. Dirixe o proceso de optimización da técnica de padexo en canoa de augas tranquilas, fundamentando os criterios de eficacia do padexo, xustificando a metodoloxía e periodización do adestramento técnico e categorizando as adaptacións do padexo en embarcacións de equipo.

a) Categorizáronse os criterios de eficacia e efectividade da técnica de padexo en canoa de augas tranquilas.

b) Aplicáronse técnicas de corrección e optimización da técnica de padexo en canoa, así como de acoplamento en embarcacións colectivas durante a sesión de adestramento en canoístas de alto rendemento.



c) Deseñáronse instrumentos de valoración da técnica de padexo en canoa a partir de filmacións.

d) Xustificáronse as aplicacións da análise da técnica de padexo en canoa, a partir de filmacións, á mellora e optimización do rendemento do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

e) Describíronse os procedementos de análise de traxectorias e velocidades segmentarias durante a execución do padexo en canoa en ergómetros e en auga.

f) Identificáronse os obxectivos e fases do modelo de desenvolvemento técnico do canoísta de augas tranquilas.

g) Relacionáronse os medios e métodos de adestramento técnico en canoa con determinados erros técnicos, identificando as súas características e aplicacións.

h) Concretouse unha progresión de perfeccionamento da técnica de padexo en canoa a partir dun suposto práctico de identificación de erros.

i) Xustificáronse os criterios de evolución dos diferentes medios e métodos de adestramento da técnica de padexo en canoa, dentro dunha programación do adestramento técnico.

j) Xustificáronse os criterios de selección e formación do padexeiro ou da padexeira para a configuración de embarcacións colectivas en canoa de augas tranquilas.

k) Analizáronse as características e peculiaridades da técnica de padexo en C-2 e C-4, así como as adaptacións do padexo en embarcación individual á embarcación colectiva.

l) Describíronse os procedementos para optimizar o proceso de mantemento ou cambio de dirección en canoas colectivas.

m) Mostrouse unha actitude crítica e innovadora cara ao proceso de optimización da técnica de padexo en canoa de augas tranquilas.

3. Dirixe e realiza filmacións durante o adestramento e a competición, aplicando técnicas de gravación segundo o tipo de valoración e procesos de optimización e selección do material audiovisual utilizado.

a) Concretáronse as diferentes técnicas de gravación máis usuais na análise cualitativa da técnica de padexo.



b) Identificáronse as diferentes situacións e concretáronse as diferentes técnicas de gravación de cada unha delas en función da súa posterior análise cuantitativa da técnica de padexo.

c) Describíronse os criterios de calidade nas filmacións segundo o tipo de análise da técnica de padexo.

d) Relacionouse a correcta colocación da/s cámara/s e o axeitado axuste destas coa obtención de gravacións de calidade da técnica de padexo.

e) Relacionáronse os diferentes tipos de plano e as diferentes técnicas de filmación cos diferentes tipos de análise da técnica de padexo que se vai realizar.

f) Aplicáronse as técnicas de filmación adaptadas ás necesidades do piragüismo de augas tranquilas en situación de adestramento e competición.

g) Identificáronse as peculiaridades da gravación de embarcacións colectivas.

h) Aplicáronse os procedementos de selección, organización e almacenaxe das gravacións e dos datos obtidos tras a realización de calquera tipo de análise da técnica de padexo.

i) Tomouse conciencia da relación entre calidade da gravación e fiabilidade da análise técnica.

4. Avalía o comportamento táctico do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas, xustificando os modelos tácticos habituais en velocidade en liña e maratón, editando e analizando o material filmado ou gravado de sinais de televisión, aplicando técnicas ou programas de edición e valoración cuantitativa ou cinemática das imaxes.

a) Identificáronse os diferentes formatos das gravacións, diferenciando as súas características básicas.

b) Aplicáronse as técnicas de selección de secuencias e montaxe de filmacións cos medios audiovisuais axeitados.

c) Identificáronse os modelos tácticos máis utilizados en competicións de piragüismo de augas tranquilas, analizando as diferenzas en función da distancia de competición, disciplina, tipo de embarcación, etc.



d) Relacionáronse os modelos tácticos coa evolución das variables cinemáticas: velocidade, frecuencia e lonxitude de ciclo.

e) Determináronse as diferentes variables cinemáticas: velocidade, frecuencia e lonxitude de ciclo, a partir de diferentes tipos de gravacións.

f) Determinouse a magnitude do erro de medida na valoración cuantitativa ou cinemática da técnica de padexo.

g) Interpretáronse os resultados da valoración cuantitativa ou cinemática.

h) Elaboráronse as estratexias de mellora no comportamento táctico a partir dos resultados da valoración cuantitativa ou cinemática.

i) Identificáronse as aplicacións da análise do comportamento táctico á mellora e optimización do rendemento do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas, a partir de filmacións.

j) Mostrouse unha actitude coidadosa no procedemento de procesamento e análise das gravacións.

5. Utiliza medios electrónicos de adquisición de datos sobre o comportamento da embarcación e do padexeiro ou da padexeira en probas de velocidade en liña, fondo e maratón, analizando os procedementos de uso, xustificando a relación destes datos cos factores que definen o rendemento en embarcacións individuais e de equipo, e aplicando procedementos de análise dos datos obtidos.

a) Describiuse o funcionamento básico dos sistemas electrónicos de adquisición de datos con aplicación á valoración do comportamento da embarcación en piragüismo de augas tranquilas.

b) Identificáronse as aplicacións dos sistemas electrónicos de adquisición de datos no adestramento e competición en piragüismo de augas tranquilas.

c) Aplicáronse os procedementos de colocación dos dispositivos electrónicos de adquisición de datos no sistema padexeiro-embarcación ou padexeira-embarcación.

d) Determinouse a magnitude do erro de medida dos sistemas electrónicos de adquisición de datos.



e) Xustificáronse os procedementos de selección e distribución de padexeiros ou padexeiras e optimización do rendemento en embarcacións colectivas a partir dos datos obtidos polos sistemas electrónicos de adquisición de datos.

f) Analizáronse os valores de referencia para as diferentes disciplinas, distancias e categorías de competición, obtidos polos diferentes sistemas electrónicos de adquisición de datos.

g) Interpretouse a información obtida polos diferentes sistemas electrónicos de adquisición de datos nun suposto práctico desenvolvido por un padexeiro ou unha padexeira de augas tranquilas.

h) Valorouse conxuntamente a información achegada polos diferentes sistemas electrónicos de adquisición de datos, obtendo conclusións e aplicacións de mellora do adestramento e da competición en piragüismo de augas tranquilas.

i) Valorouse a importancia do uso das novas tecnoloxías no adestramento de alto nivel.

6. Orienta sobre a elección do material deportivo (embarcación e pa) en piragüismo de augas tranquilas de alto rendemento, analizando os factores que determinan o deseño e a evolución destes materiais, e relacionándoo coas características e necesidades do padexeiro ou da padexeira.

a) Describíronse os fundamentos hidrodinámicos básicos aplicados ao deseño de embarcacións de piragüismo de augas tranquilas, así como as estratexias de redución da resistencia ao avance destas.

b) Comparáronse as particularidades hidrodinámicas das embarcacións (caiacs e canoas) de 2 e 4 tripulantes respecto á embarcación de uso individual.

c) Fundamentouse a influencia dos condicionantes externos sobre a velocidade das embarcacións de augas tranquilas.

d) Relacionáronse as características específicas dun caiac de augas tranquilas coa distancia sobre a que se compite e coas características físicas e técnicas do/da caiaquista de augas tranquilas.

e) Relacionáronse as características específicas dunha canoa de augas tranquilas coa distancia sobre a que se compite e coas características físicas e técnicas do/da canoísta de augas tranquilas.



f) Categorizáronse as últimas tendencias na construción de embarcacións de competición en piragüismo de augas tranquilas.

g) Seleccionouse e adaptouse a pa dun/dunha caiaquista de augas tranquilas en función da distancia de competición, do tipo de embarcación e das características físicas e técnicas do padexeiro ou da padexeira.

h) Seleccionouse e adaptouse a pa dun/dunha canoísta de augas tranquilas en función da distancia de competición, do tipo de embarcación e das características físicas e técnicas do padexeiro ou da padexeira.

i) Xustificouse a importancia de transmitir valores de coidado e optimización do material de adestramento e competición.

#### E) Contidos.

1. Dirixe o proceso de optimización da técnica de padexo en caiac de augas tranquilas, fundamentando os criterios de eficacia do padexo, xustificando a metodoloxía e periodización do adestramento técnico, categorizando as adaptacións do padexo en embarcacións de equipo e aplicando técnicas de corrección técnica durante a sesión de adestramento.

- Calidade da técnica de padexo en caiac de augas tranquilas.
  - Indicadores e criterios de eficacia e efectividade en caiac.
  - Corrección da técnica de padexo en caiac durante a sesión de adestramento en alto rendimento.
    - Valoración de parámetros temporais mediante observación directa: frecuencia de padexo, tempos ou velocidades de desprazamento.
    - Valoración de parámetros cualitativos mediante observación directa: escorregamento, ritmo, simetría, amplitude, coordinación, etc.
  - Deseño e aplicación de instrumentos de valoración da técnica de caiac a partir de gravacións.
    - Valoración cualitativa da técnica de padexo en caiac.
      - Creación de categorías para a análise cualitativa da técnica de padexo en caiac.
    - Deseño de instrumentos de valoración técnica.



- Análise das traxectorias e velocidades segmentarias durante o padexo en 2D e 3D en ergómetros específicos e en auga.
  - Uso de sistemas de referencia.
  - Instrumentación e software para a análise das traxectorias segmentarias.
  - Determinación da magnitude do erro de medida.
  - Aplicacións ao adestramento.
- Adestramento técnico.
  - Modelo de desenvolvemento técnico do/da caiaquista de augas tranquilas.
    - Características do modelo de desenvolvemento técnico do padexo en caiac.
    - Fases do desenvolvemento técnico: inicial ou de base, de perfeccionamento e de consolidación.
  - Medios e métodos de adestramento técnico do/da caiaquista de augas tranquilas.
    - Medios baseados en modificacións da frecuencia e a lonxitude da pada.
    - Medios de adestramento técnico en seco: simuladores, padexo en seco, etc.
    - Método analítico, global e global con polarización da atención.
    - Exercicios de mellora técnica en caiac de augas tranquilas.
  - Proceso de aprendizaxe e corrección de erros.
    - Erros no padexo en caiac de augas tranquilas.
    - Identificación de causas e consecuencias.
    - Medios e exercicios de corrección de erros.



- Periodización do adestramento técnico do/da caiaquista de augas tranquilas.
  - Programación a curto, medio e longo prazo.
  - Secuenciación de contidos do adestramento técnico na programación xeral en función da distancia de competición.
  - Simultaneidade no adestramento técnico e condicional.
- Técnica de padexo en caiacs dobres e cuádruplos.
  - Adaptacións da técnica de padexo individual á embarcación de equipo.
  - Selección e formación de embarcacións de equipo.
  - Peculiaridades da técnica en K-2 de augas tranquilas.
  - Peculiaridades da técnica en K-4 de augas tranquilas.

2. Dirixe o proceso de optimización da técnica de padexo en canoa de augas tranquilas, fundamentando os criterios de eficacia do padexo, xustificando a metodoloxía e periodización do adestramento técnico e categorizando as adaptacións do padexo en embarcacións de equipo.

- Calidade da técnica de padexo en canoa de augas tranquilas.
  - Indicadores e criterios de eficacia e efectividade en canoa.
  - Corrección da técnica de padexo en canoa durante a sesión de adestramento en alto rendemento.
    - Valoración de parámetros temporais mediante observación directa: frecuencia de padexo, tempos ou velocidades de desprazamento.
    - Valoración de parámetros cualitativos mediante observación directa: traxectorias, escorregamento, ritmo, amplitude, coordinación, etc.
    - Deseño e aplicación de instrumentos de valoración da técnica de canoa a partir de gravacións.
    - Valoración cualitativa da técnica de padexo en canoa.
      - Creación de categorías para a análise cualitativa da técnica de padexo en canoa.
      - Deseño de instrumentos de valoración técnica.





- Análise das traxectorias e velocidades segmentarias durante o padexo en 2D e 3D en ergómetros específicos e en auga.
- Aplicacións ao adestramento.
- Adestramento técnico.
  - Modelo de desenvolvemento técnico do/da canoísta de augas tranquilas.
    - Características do modelo de desenvolvemento técnico do padexo en canoa.
    - Fases do desenvolvemento técnico: inicial ou de base, de perfeccionamento e de consolidación.
  - Medios e métodos de adestramento técnico do canoísta de augas tranquilas.
    - Medios baseados en modificacións da frecuencia e a lonxitude da pada.
    - Medios de adestramento técnico en seco: simuladores, padexo en seco, etc.
    - Método analítico, global e global con polarización da atención.
    - Exercicios de mellora técnica en canoa de augas tranquilas.
  - Proceso de aprendizaxe e corrección de erros.
    - Erros no padexo en canoa de augas tranquilas.
    - Identificación de causas e consecuencias.
    - Medios e exercicios de corrección de erros.
  - Periodización do adestramento técnico do/da canoísta de augas tranquilas.
    - Programación a curto, medio e longo prazo.
    - Secuenciación de contidos do adestramento técnico na programación xeral en función da distancia de competición.
    - Simultaneidade no adestramento técnico e condicional.



- Técnica de padexo en canoas dobres e cuádruplas.
  - Adaptacións da técnica de padexo individual á embarcación de equipo.
  - Selección e formación de embarcacións de equipo.
  - Peculiaridades da técnica en C-2 de augas tranquilas.
  - Peculiaridades da técnica en C-4 de augas tranquilas.
  - A dirección nas canoas colectivas.

3. Dirixe e realiza filmacións durante o adestramento e a competición, aplicando técnicas de gravación segundo o tipo de valoración e procesos de optimización e selección do material audiovisual utilizado.

- Gravación do padexo en augas tranquilas para a súa valoración técnica.
  - Técnica de gravación lateral, segundo o tipo de valoración.
  - Técnica de gravación frontal e posterior, segundo o tipo de valoración.
  - Técnica de gravación en competición cunha ou varias cámaras, segundo o tipo de valoración.
  - Colocación e axustes da cámara para a gravación, segundo o tipo de valoración.
  - Gravacións mediante minicámaras sobre a embarcación, segundo o tipo de valoración.
  - Técnica de gravación de embarcacións colectivas, segundo o tipo de valoración.
  - Criterios de calidade nas gravacións segundo o tipo de valoración que se vaia realizar.
- Sistemas de selección, arquivo, organización e almacenaxe das gravacións para a análise cualitativa e cuantitativa da técnica de padexo en piragüismo de augas tranquilas.
  - Manexo e organización de gravacións.
  - Sistemas de almacenaxe e difusión das gravacións.



– Arquivo ou histórico de gravacións en función do tipo de análise realizada.

4. Avalía o comportamento táctico do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas, xustificando os modelos tácticos habituais en velocidade en liña e maratón, editando e analizando o material filmado ou gravado de sinais de televisión, aplicando técnicas ou programas de edición e valoración cuantitativa ou cinemática das imaxes.

• Edición do material filmado ou gravado de sinais de televisión para a valoración da evolución das variables cinemáticas.

– Formato das gravacións.

– Selección e edición de tomas ou secuencias.

• Comportamento táctico en piragüismo de augas tranquilas.

– Características diferenciadoras en función da especialidade e distancia.

– Evolución da velocidade, frecuencia e lonxitude de pada.

– Modelos tácticos de competición en piragüismo de augas tranquilas.

– Velocidade en liña.

– Modelos tácticos.

– Elementos diferenciadores en canoa e caiac.

– Probas de ata 200 metros.

– Probas de 500 e 1000 metros.

– Embarcacións individuais e colectivas.

– Maratón.

– Modelos tácticos.

– Elementos diferenciadores en canoa e caiac.

– Embarcacións individuais e colectivas.



- Valoración cuantitativa ou cinemática do padexo en piragüismo de augas tranquilas.
- Fundamentos e características da valoración cuantitativa ou cinemática do padexo en piragüismo de augas tranquilas.
  - Técnicas de valoración cuantitativa ou cinemática do padexo en piragüismo de augas tranquilas.
    - Determinación de velocidade.
    - Determinación da frecuencia de ciclo.
    - Determinación da lonxitude de ciclo.
    - Segundo o tipo de gravación: mediante unha gravación lateral continua, o uso de varias cámaras colocadas ao longo da distancia de competición e mediante gravacións emitidas a través de sinais de televisión.
    - Determinación da magnitude do erro de medida.
  - Interpretación e análise de resultados.
  - Estratexias de mellora do comportamento táctico a partir da análise do comportamento táctico do padexeiro ou da padexeira ou dos competidores ou competidoras.
  - Aplicacións ao adestramento da valoración cinemática do padexo en piragüismo de augas tranquilas.
- 5. Utiliza medios electrónicos de adquisición de datos sobre o comportamento da embarcación e do padexeiro ou da padexeira en probas de velocidade en liña, fondo e maratón, analizando os procedementos de uso, xustificando a relación destes datos cos factores que definen o rendemento en embarcacións individuais e de equipo, e aplicando procedementos de análise dos datos obtidos.
  - Uso de sistemas de posicionamento global (GPS) para a adquisición de datos en piragüismo de augas tranquilas.
    - Colocación dos dispositivos sobre o sistema padexeiro-embarcación ou padexeira-embarcación.



- Aplicacións ao adestramento.
- Valores de referencia en probas de velocidade en liña, fondo e maratón.
- Aplicacións para a selección e distribución de padexeiros ou de padexeiras e optimización do rendemento en embarcacións colectivas.
- Determinación da magnitude do erro de medida.
- Uso de acelerómetros para a adquisición de datos en piragüismo de augas tranquilas.
  - Colocación dos dispositivos sobre o sistema padexeiro-embarcación ou padexeira-embarcación.
- Análise da información obtida nos eixes X, Y e Z.
- Aplicacións ao adestramento.
- Valores de referencia en probas de velocidade en liña, fondo e maratón.
- Aplicacións para a selección e distribución de padexeiros ou de padexeiras e optimización do rendemento en embarcacións colectivas.
- Determinación da magnitude do erro de medida.
- Uso de inclinómetros para a adquisición de datos en piragüismo de augas tranquilas.
  - Colocación dos dispositivos sobre o sistema padexeiro-embarcación ou padexeira-embarcación.
- Análise da información obtida nos eixes X, Y e Z.
- Aplicacións ao adestramento.
- Valores de referencia en probas de velocidade en liña, fondo e maratón.
- Aplicacións para a selección e distribución de padexeiros ou de padexeiras e optimización do rendemento en embarcacións colectivas.



- Determinación da magnitude do erro de medida.
  - Novas tecnoloxías de valoración do rendemento en auga do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.
    - Utilización da instrumentación.
    - Aplicación ao adestramento.
    - Aplicacións para a selección e distribución de padexeiros ou de padexeiras e optimización do rendemento en embarcacións colectivas.
  - Sistemas e métodos de interpretación da información integrada dos diferentes medios electrónicos de adquisición de datos. Aplicacións ao adestramento.
6. Orienta sobre a elección do material deportivo (embarcación e pa) en piragüismo de augas tranquilas de alto rendemento, analizando os factores que determinan o deseño e a evolución destes materiais, e relacionándoo coas características e necesidades do padexeiro ou da padexeira.
- Hidrodinámica das embarcacións de augas tranquilas.
    - Fundamentos hidrodinámicos básicos.
    - Estratexias para reducir a resistencia ao avance das embarcacións.
    - Influencia dos condicionantes externos sobre a velocidade das embarcacións.
    - Parámetros básicos do deseño de embarcacións de competición en piragüismo de augas tranquilas.
  - O caiac de augas tranquilas.
    - Especificacións e últimas tendencias para velocidade e fondo en liña.
    - Especificacións e últimas tendencias para ascensos, descensos, travesías e maratón.
    - Selección e adaptación do caiac ao tipo de proba, características físicas e técnicas do padexeiro ou da padexeira.



- Selección e adaptación da pa de caiac (individual ou colectiva).
- Embarcacións colectivas: K2 e K4.
- A canoa de augas tranquilas.
- Especificacións e últimas tendencias para velocidade e fondo en liña.
- Especificacións e últimas tendencias para ascensos, descensos, travesías e maratón.
- Selección e adaptación da canoa ao tipo de proba, características físicas e técnicas do padexeiro ou da padexeira.
- Selección e adaptación da pa de canoa ao tipo de proba. Características físicas e técnicas do padexeiro ou da padexeira e tipos de embarcación (individuais ou colectivas).
- Embarcacións colectivas: C2 e C4.

Módulo específico de ensino deportivo: Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas.

Código: MED-PIAT310.

Este módulo articúlase fundamentalmente sobre individualización do adestramento dun padexeiro ou dunha padexeira de alto nivel. Para iso é necesario:

1. A selección e aplicación dos medios e métodos de avaliación do rendemento físico en seco e en auga do padexeiro ou da padexeira.

2. A selección xustificada e a aplicación dos medios e métodos de traballo en seco e en auga, aplicando en todo momento os criterios de individualización necesarios.

3. A aplicación da pautas de elaboración de axudas e axudas ergoxénicas en función das circunstancias do padexeiro ou da padexeira, e a análise dos procedementos da loita contra a dopaxe.

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *f, g, i, k, r*, e as competencias *d, e, g, n*, do ciclo final de grao medio en Augas Tranquilas.



**B) Estratexias metodolóxicas.**

O fio condutor do módulo é a individualización do traballo físico, a partir da valoración da condición física tanto en seco coma en auga.

Recoméndase que o profesorado faga fincapé na análise crítica dos medios e métodos de traballo da condición física tanto en seco coma en auga, e criterios de adaptación destes aos obxectivos, condicións e características individuais do padexeiro ou da padexeira.

É fundamental utilizar estratexias de traballo práctico onde o alumnado aplique en situacións reais ou simuladas:

– A selección e secuenciación de tests de valoración da condición física e o procesamento dos rexistros obtidos a partir da aplicación dos referidos tests.

– Os criterios de elaboración de axudas e elección de axudas ergoxénicas en función dos obxectivos e das circunstancias específicas do padexeiro ou da padexeira.

– Os criterios de concreción e dirección de sesións de traballo da condición física en seco e en auga.

– Os criterios de avaliación da dirección e individualización de sesións de adestramento en seco e en auga.

É importante o uso de materiais de apoio, tanto escritos coma audiovisuais, que faciliten que o tempo de traballo na clase sexa máis eficaz, limitando a utilización de clases maxistras.

**C) Orientacións pedagóxicas.**

Recoméndase que os RA 1, 3 e 4 se vinculen de maneira que se relacione a individualización do traballo coa valoración previa da condición física do padexeiro ou da padexeira. O resultado de aprendizaxe 2 pódese traballar de maneira independente en calquera momento.

A norma establece que este módulo pode ser impartido a distancia. Non obstante e dado o carácter dos resultados de aprendizaxe, recoméndase que se imparta de maneira semi-presencial. Para iso propónse que o material conceptual se traballe de xeito comprensivo





a través do ensino a distancia e que, durante a parte presencial ou mediante ferramentas de traballo colaborativo a distancia, se traballe na elaboración de proxectos onde se concrete en situacións reais a valoración da condición física en seco e en auga, a elaboración de axudas e a elección e aplicación dos medios e métodos de adestramento de xeito individualizado durante a dirección dunha sesión de traballo en seco e en auga. A fase presencial permite que a través de obradoiros ou seminarios o alumnado traballe de forma coordinada, expoña e analice de forma crítica os proxectos presentados.

#### D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Avalía a condición física do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas no adestramento e na competición, tanto para carreiras de velocidade en liña e fondo como para maratón, analizando as demandas do alto rendemento e aplicando procedementos específicos de valoración.

a) Xustificáronse as características do/da piragüista de alto rendemento: morfoloxía, perfil fisiolóxico e capacidades físicas en función da distancia de competición e da etapa da vida deportiva.

b) Fundamentáronse as necesidades de forza, resistencia, velocidade e mobilidade articular en relación coas diferentes distancias de competición e as súas particularidades.

c) Categorizáronse as ferramentas de control das variables morfolóxicas e da condición física en seco do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

d) Analizáronse os procedementos de avaliación do rendemento en auga durante o adestramento e a competición dos padexeiros ou das padexeiras de augas tranquilas.

e) Fundamentáronse os modelos de recollida de información subxectiva por parte dos padexeiros ou das padexeiras en relación cos niveis de rendemento físico e fatiga presentados durante o adestramento e a competición, en función das características da práctica en piragüismo de augas tranquilas.

f) Realizouse de forma xustificada unha proposta de selección e secuenciación de tests da condición física en seco e en auga para o control e axuste da programación de referencia en piragüismo de augas tranquilas.



g) Interiorizouse a obriga de respectar a dignidade do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas á hora de realizar calquera tipo de avaliación, así como de informar das características dos tests, solicitando un consentimento informado.

h) Asimilouse a necesidade de compartir a información resultante das valoracións co padexeiro ou coa padexeira de augas tranquilas.

i) Aplicáronse métodos e técnicas de procesamento dos rexistros obtidos durante a valoración do rendemento físico do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

j) Analizáronse os criterios de comparación entre os datos obtidos no proceso de avaliación cos previstos na planificación e programación do adestramento do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

2. Identifica as necesidades ergoxénicas e ergonutricionais do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas, no adestramento e na competición, analizando as demandas específicas, aplicando procedementos para a elaboración de axudas e valorando os procedementos e normas de control antidopaxe.

a) Identificáronse as necesidades nutricionais do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

b) Xustificáronse os diferentes tipos de axudas ergonutricionais en función das características da competición e necesidades do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

c) Relacionáronse os aspectos fisiolóxicos da hidratación, antes, durante e despois da actividade física, co rendemento do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

d) Xustificouse a elección de axudas específicas dirixidas ao control do peso do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

e) Describíronse as pautas xerais para a elaboración de axudas dirixidas principalmente ao control de peso do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

f) Analizouse a lista de «substancias prohibidas» establecida pola Axencia Mundial Antidopaxe (AMA), pola Federación Internacional de Piragüismo (International Canoe Federation) e pola Axencia Estatal Antidopaxe (AEA).



g) Explicáronse e analizáronse os procedementos establecidos pola AMA no que se refire aos controis antidopaxe, solicitude de exencións terapéuticas e localización das persoas deportistas.

h) Realizouse unha proposta de aplicación práctica na utilización de axudas ergoxénicas na práctica do piragüismo de augas tranquilas en alto rendemento.

i) Xustificouse a importancia de transmitir valores de xogo limpo e tolerancia cero respecto á dopaxe no deporte.

3. Concreta e dirixe sesións de adestramento da condición física en seco do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas de alto rendemento, xustificando e aplicando métodos do adestramento condicional en seco e analizando os procedementos de individualización do traballo.

a) Relacionáronse os medios de adestramento específicos do alto rendemento, na mellora das capacidades condicionais en seco do padexeiro ou da padexeira, coas características das diferentes especialidades existentes en piragüismo de augas tranquilas.

b) Xustificáronse as características dos métodos de adestramento específicos do alto rendemento no desenvolvemento das capacidades condicionais en seco dos padexeiros ou das padexeiras de alto rendemento nas modalidades olímpicas en piragüismo de augas tranquilas.

c) Relacionáronse as características dos métodos de adestramento con simuladores co desenvolvemento da forza especial e control e desenvolvemento técnico do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento.

d) Analizáronse os criterios de individualización e personalización dos medios e métodos de adestramento en seco e con simuladores en función das características físicas, técnicas e psicolóxicas do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

e) Analizáronse as características e deseñáronse sesións de traballo da condición física en seco, establecendo os mecanismos de recuperación da fatiga, de desenvolvemento do traballo compensatorio e de prevención de lesións do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas, atendendo ás características da modalidade e do momento concreto da preparación.



f) Analizáronse as incidencias máis habituais nas sesións de desenvolvemento da condición física, en seco e con simuladores, do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas de alto rendemento, relacionándoas coas causas e posibles medidas para a súa solución.

g) Identificáronse os criterios de calidade na organización e dirección de sesións de desenvolvemento da condición física, en seco e con simuladores, do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas de alto rendemento nas modalidades olímpicas en piragüismo de augas tranquilas.

h) Realizáronse supostos prácticos de sesións de traballo de prevención de lesións e de traballo compensatorio en canoístas de augas tranquilas.

i) Xustificouse a importancia do traballo en seco e con simuladores como fundamento básico na optimización do rendemento deportivo en piragüismo de augas tranquilas.

4. Concreta e dirixe sesións de adestramento da condición física en auga do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas de alto rendemento, xustificando e aplicando métodos do adestramento condicional e táctico e analizando os procedementos de individualización do traballo.

a) Relacionáronse os medios e métodos de desenvolvemento da vía aerobia e anaerobia láctica e aláctica coas características das diferentes especialidades existentes en piragüismo de augas tranquilas.

b) Realizáronse supostos prácticos de traballo do ritmo de competición en función do tipo de embarcación, distancia de competición e categoría.

c) Fundamentáronse as adaptacións dos diferentes métodos de adestramento en auga en función do tipo de embarcación, distancia de competición e categoría en piragüismo de augas tranquilas.

d) Xustificáronse os criterios de secuenciación dos medios e métodos dentro da sesión de adestramento en auga.

e) Identificáronse os criterios de calidade na organización e dirección de sesións de desenvolvemento da condición física en auga do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas de alto rendemento nas modalidades olímpicas en piragüismo de augas tranquilas.



f) Analizáronse os criterios de individualización e personalización do adestramento en auga en función das características físicas, técnicas e psicolóxicas do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.

g) Analizáronse as causas de produción da fatiga asociada ao adestramento en auga.

h) Diseñouse unha sesión de recuperación da fatiga asociada ao adestramento en auga, aplicando métodos específicos de recuperación.

i) Analizáronse as características e deseñáronse sesións de traballo da condición física e do comportamento táctico en auga do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas, atendendo ás características da modalidade e do momento concreto da preparación.

j) Analizáronse as incidencias máis habituais nas sesións de desenvolvemento da condición física en auga do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas de alto rendemento, relacionándoas coas causas e posibles medidas para a súa solución.

k) Valorouse a importancia do adestramento en auga como medio fundamental como medio integrador de todas as capacidades necesarias para o padexeiro ou a padexeira de augas tranquilas de alto rendemento.

E) Contidos.

1. Avalía a condición física do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas no adestramento e na competición, tanto para carreiras de velocidade en liña e fondo como para maratón, analizando as demandas do alto rendemento e aplicando procedementos específicos de valoración.

- Características do/da piragüista de alto rendemento de augas tranquilas.
- Características morfolóxicas do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.
- Perfil fisiolóxico do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas. Peculiaridades en función da distancia de competición.
- Necesidades de forza, resistencia, velocidade e mobilidade articular para o alto rendemento en piragüismo de augas tranquilas.



- Capacidades físicas dos padexeiros ou das padexeiras de velocidade en liña: análise segundo as distancias de 200, 500 e 1000 m.
- Capacidades físicas dos padexeiros ou das padexeiras de fondo e maratón.
- Probas de valoración específicas en piragüismo de augas tranquilas.
- Tests e instrumentos de avaliación da condición física en seco:
  - Valoración antropométrica do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas.
  - Valoración das diferentes manifestacións da forza: máxima, explosiva, útil, potencia, etc.
  - Valoración da resistencia de base.
  - Valoración da resistencia mediante o uso de simuladores.
  - Valoración da mobilidade.
- Tests e instrumentos de avaliación do adestramento en auga.
  - Test de campo para a determinación de limiares aerobio e anaerobio en auga:
    - Probas de carácter incremental.
    - Test de dúas distancias.
    - Probas continuas.
    - Deseño de probas específicas para a valoración do limiar aerobio e anaerobio en auga.
    - Test de valoración da velocidade de desprazamento da embarcación en distancias curtas (ata 200 metros). Análise e deseño de novas propostas.
    - Test de valoración da velocidade de desprazamento da embarcación en probas de duración media (de 500 a 1000 metros). Análise e deseño de novas propostas.



- Test de valoración da velocidade de desprazamento da embarcación en probas de duración longa (máis de 1000 metros). Análise e deseño de novas propostas.
  - Test de valoración de probas de maratón: valoración da velocidade da embarcación e da realización de carrexos.
  - Información subxectiva complementaria. Modelos e protocolos.
  - Selección, secuenciación, procedementos e adaptacións na administración de varios tests de valoración en piragüismo de augas tranquilas.
  - Normativa ética na realización de probas condicionais. Consentimento informado.
  - Análise de resultados das probas de valoración.
  - Elaboración de informes sobre as probas de valoración.
  - Utilidade no proceso de adestramento.
  - Predición do rendemento.
  - Criterios de axuste da programación do adestramento en función dos resultados.
2. Identifica as necesidades ergoxénicas e ergonutricionais do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas no adestramento e na competición, analizando as demandas específicas, aplicando procedementos para a elaboración de axudas e valorando os procedementos e normas de control antidopaxe.
- Axudas nutricionais e ergoxénicas en piragüismo de augas tranquilas.
  - Necesidades nutricionais nas diferentes probas de augas tranquilas.
  - Axudas mecánicas, psicolóxicas, farmacolóxicas, fisiolóxicas e nutricionais.
  - Axudas antes, durante e despois do adestramento e da competición.
  - Axudas específicas de control do peso. Características e pautas xerais en piragüismo de augas tranquilas.



– Hidratación do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas. Adaptación a condicións climáticas de competición extremas.

– Axudas en función da distancia ou duración da competición: velocidade en liña e maratón.

- Normativa de control antidopaxe.

- Lista de substancias prohibidas.

- Solicitud de exencións terapéuticas.

- Localización das persoas deportistas.

- Procedementos de control antidopaxe fóra da competición.

- Procedementos de control antidopaxe na competición.

– Fontes de información á persoa deportista e adestrador ou adestradora: Axencia Mundial Antidopaxe (AMA), Federación Internacional de Piragüismo (ICF) e Axencia Estatal Antidopaxe (AEA).

3. Concreta e dirixe sesións de adestramento da condición física en seco do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas de alto rendemento, xustificando e aplicando métodos do adestramento condicional en seco e analizando os procedementos de individualización do traballo.

- Adestramento da condición física en seco.

- Etapas e obxectivos en función do tipo de embarcación utilizada, a distancia de competición e a categoría.

- Medios e métodos do adestramento en seco das calidades físicas en piragüismo de augas tranquilas de alto rendemento:

- Desenvolvemento das diferentes manifestacións de forza: máxima, explosiva, útil, etc.

- Desenvolvemento da velocidade frecuencial especial.

- Desenvolvemento da resistencia de base.

- Desenvolvemento da mobilidade articular.





– Sesións específicas de traballo da condición física en seco adaptadas á modalidade e á temporización.

– Control e valoración da sesión de adestramento en seco. Criterios de calidade.

– Individualización do adestramento en seco.

– Fatiga asociada ao adestramento en seco. Causas e métodos de recuperación.

– Sesión de acondicionamento físico en seco dirixida á recuperación da fatiga.

• Adestramento da condición física con simuladores.

– Etapas e obxectivos en función do tipo de embarcación utilizada, a distancia de competición e a categoría.

– Medios e métodos do adestramento con simuladores.

– Desenvolvemento da forza-resistencia especial.

– O traballo técnico en simuladores.

– O control do rendemento en simuladores.

– Sesións específicas de traballo da condición física con simuladores adaptados á modalidade e á temporización.

– Control e valoración da sesión de adestramento con simuladores.

– Individualización do adestramento con simuladores.

• Programas de prevención de lesións en piragüismo de augas tranquilas.

– Adestramento compensatorio en canoístas de augas tranquilas.

– Rutinas de exercicios para a prevención de lesións en piragüismo de augas tranquilas:

– Exercicios de prevención de lesións en membros superiores.

– Exercicios de prevención de lesións no tronco e raque.

– Exercicios de prevención de lesións nos membros inferiores.



4. Concreta e dirixe sesións de adestramento da condición física en auga do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas de alto rendemento, xustificando e aplicando métodos do adestramento condicional e táctico e analizando os procedementos de individualización do traballo.

- Adestramento da condición física e do comportamento táctico en auga.

- Etapas e obxectivos en función do tipo de embarcación utilizada, a distancia de competición e a categoría.

- Medios e métodos do adestramento en auga.

- Desenvolvemento da vía aerobia en auga.

- Desenvolvemento do limiar aerobio (ritmo I).

- Desenvolvemento do limiar anaerobio (ritmo II).

- Desenvolvemento do consumo máximo de oxíxeno (ritmo III).

- Desenvolvemento da vía anaerobia láctica en auga.

- Desenvolvemento da capacidade anaerobia láctica (ritmo IV).

- Desenvolvemento de potencia anaerobia láctica (ritmo V).

- Desenvolvemento da vía anaerobia aláctica en auga.

- Desenvolvemento da potencia anaerobia aláctica (ritmo VI).

- Adestramento do ritmo (ritmo VII).

- Desenvolvemento do ritmo de competición en probas de velocidade en liña.

- Desenvolvemento do ritmo de competición en maratón.

- Sesións específicas de traballo da condición física en auga adaptada á modalidade e á temporización.

- Secuenciación dos diferentes medios e métodos dentro da sesión.



- Criterios de calidade, control e valoración da sesión de adestramento en auga.
- Individualización do adestramento en auga.
- Fatiga asociada ao adestramento en auga. Causas e métodos de recuperación.
- Sesión de acondicionamento físico en auga dirixida á recuperación da fatiga.

Módulo específico de ensino deportivo: Competicións de alto nivel en augas tranquilas.

Código: MED-PIAT311.

Este módulo articúlase ou fundaméntase sobre a adquisición daqueles coñecementos e procedementos necesarios para:

1. A xestión dos desprazamentos do padexeiro ou da padexeira e material ás diferentes competicións.

2. A participación nas diferentes áreas da organización de competicións de piragüismo en augas tranquilas.

3. A xestión e dirección dos equipos nunha competición internacional, apoiada en todo momento polo uso eficaz da comunicación en lingua inglesa.

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais *l, m, n, q*, e as competencias *h, j, m*, do ciclo final de grao medio en augas tranquilas.

B) Estratexias metodolóxicas.

As estratexias de traballo neste módulo deben dar resposta á aplicación dos diferentes contidos a situacións reais ou simuladas, vinculadas coas tarefas propias da loxística dos equipos e a organización de competicións. Estas estratexias deben permitir a aplicación:

- Dos procedementos de xestión do transporte de embarcacións e padexeiros ou padexeiras ás competicións, resolvendo os problemas alfandegueiros que puidesen existir.
- Dos procedementos de xestión das áreas de organización, financiamento, protocolo, seguridade e comunicación dunha competición de piragüismo en augas tranquilas.



– Dos procedementos inherentes á función de xefe/a de equipo nunha competición internacional, onde a comunicación en lingua inglesa é fundamental.

É importante o uso de materiais de apoio, tanto escritos coma audiovisuais, que faciliten que o tempo de traballo na clase sexa máis eficaz, limitando a utilización de clases maxistras. É importante que se utilice a lingua inglesa nas simulacións que se realicen.

### C) Orientacións pedagóxicas.

A orde de impartición dos RA deste módulo pode ser a mesma que a establecida no título. No caso de que se varíe, recoméndase comezar polo RA 2 e que os RA 1 e RA 3 se vinculen como as fases na participación nunha competición internacional.

A norma establece que este módulo pode ser impartido a distancia. Non obstante e dado o carácter dos resultados de aprendizaxe, recoméndase que se imparta de maneira semipresencial, sobre todo para o desenvolvemento e avaliación das habilidades de comunicación en lingua inglesa. Para iso, proponse utilizar material conceptual escrito en inglés, que se traballe de xeito comprensivo a través do ensino a distancia e que, durante a parte presencial ou mediante ferramentas de traballo colaborativo a distancia, se traballe na elaboración de proxectos onde se concrete en situacións reais ou simuladas a preparación do desprazamento a unha competición internacional e o desenvolvemento das funcións dun xefe de equipo durante esta.

A fase presencial permite que a través de obradoiros ou seminarios o alumnado traballe de forma coordinada, expoña e analice de forma crítica os proxectos presentados.

### D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Xestiona a loxística dos desprazamentos dos equipos de alto rendemento a competicións internacionais, aplicando principios de planificación, identificando as necesidades de transporte, aloxamento e aplicando a normativa existente.

a) Analizáronse os aspectos que se deben considerar nos desprazamentos ás actividades programadas en función das características da actividade e necesidades dos padexeiros ou das padexoiras de augas tranquilas.

b) Analizouse a documentación e permisos necesarios para os desprazamentos a competicións internacionais e os procedementos de inscrición (federación española, autonómica ou club, entre outros).



c) Identificáronse os procedementos e normativa de transporte de embarcacións polas vías terrestre, marítima e aérea.

d) Analizáronse as posibilidades de transporte dos padexeiros ou das padexeiras polas vías terrestre, marítima e aérea, identificando os procedementos de xestión de documentación e visados, axustándose ás posibilidades orzamentarias.

e) Fundamentáronse os trámites coas administracións fronteirizas e portuarias para o transporte de persoas deportistas e material de competición.

f) Fundamentáronse as especificacións técnicas que deben cumprir as embarcacións no caso de alugar o material de competición no lugar onde se desenvolva esta.

g) Valorouse a importancia da tutela e xestión do adestrador ou adestradora en competicións internacionais de piragüismo de augas tranquilas.

2. Xestiona e organiza competicións de piragüismo de augas tranquilas de promoción, iniciación, tecnificación e colabora nas de alto rendemento deportivo dun club, analizando as características e requisitos materiais e humanos dos eventos, de acordo co tipo de competición (velocidade en liña, fondo ou maratón) e coas características técnicas do formato de competición.

a) Relacionouse a estrutura organizativa que ten unha competición en piragüismo de augas tranquilas co nivel de competición: promoción, iniciación, tecnificación ou alto rendemento.

b) Identificáronse as peculiaridades das competicións en piragüismo de augas tranquilas en función de que sexan de velocidade en liña, fondo ou maratón.

c) Caracterizáronse as necesidades e procedementos de xestión de persoal e medios materiais necesarios nos diferentes comités e áreas en que se divide a organización dunha competición de piragüismo de augas tranquilas.

d) Analizáronse as funcións de recepción, distribución, situación, circulación, transporte, control e seguridade dos participantes e do público en xeral na organización dun evento de piragüismo de augas tranquilas.

e) Identificáronse as principais vías de financiamento, apoio loxístico e material para a organización dunha competición de piragüismo de augas tranquilas.



f) Aplicáronse os procedementos de organización en supostos prácticos de actos protocolarios de apertura, entrega de medallas e clausura dunha competición de piragüismo de augas tranquilas.

g) Fundamentáronse as exixencias de seguridade e de atención ás emerxencias que debe establecer a organización dunha competición de piragüismo de augas tranquilas.

h) Analizáronse as diferentes vías de difusión aos medios de comunicación dunha competición de piragüismo de augas tranquilas, antes, durante e despois da finalización do evento.

i) Relacionouse a normativa específica sobre a organización de competicións nacionais e internacionais en piragüismo de augas tranquilas das diferentes institucións deportivas cos mecanismos de control aplicados por estas institucións.

j) Identificáronse os requisitos de seguridade, ambientais, técnicos e administrativos necesarios na organización de competicións de piragüismo de augas tranquilas.

k) Analizouse o impacto da celebración dunha competición de piragüismo de augas tranquilas sobre o ámbito en que se desenvolve.

3. Xestiona e dirixe a participación dun equipo de alto rendemento, identificando as características dos comités organizadores, de competición e de xuíces ou xuízas, analizando as condicións do medio e o percorrido, utilizando a lingua inglesa e o vocabulario específico de piragüismo de augas tranquilas nas habilidades de conversa, lectura e escritura, e aplicando os procedementos establecidos de comunicación cos ditos estamentos.

a) Analizouse a normativa de ámbito internacional en piragüismo de augas tranquilas relacionándoa coa estrutura administrativa da ICF (International Canoe Federation).

b) Relacionouse a estrutura da International Canoe Federation e do Comité Olímpico Internacional coa normativa de competicións internacionais en piragüismo de augas tranquilas.

c) Analizáronse os procedementos de designación e funcións dos comités de competición e xuíces en probas internacionais de piragüismo de augas tranquilas.

d) Analizáronse os organismos que organizan e regulan a competición, os procedementos de comunicación entre eles e cos equipos deportivos, e os protocolos de reclamación.



e) Aplicáronse procedementos simulados de comunicación en lingua inglesa (formas oral e escrita) cos comités organizadores e xuíces/as de competicións internacionais.

f) Identificáronse os termos específicos en lingua inglesa máis relacionados co piragüismo de augas tranquilas e coas competicións internacionais neste deporte.

g) Analizouse o calendario e a estrutura das competicións internacionais, destacando as particularidades nas especialidades de piragüismo de augas tranquilas (velocidade en liña e maratón).

h) Valorouse a importancia da localización do aloxamento dos padexeiros ou das padexiras respecto ao lugar de competición, valorando aspectos como os desprazamentos ao campo de regatas, horarios, manutención, etc.

i) Analizáronse os regulamentos de competición en función das diferentes especialidades de piragüismo de augas tranquilas (velocidade en liña e maratón).

j) Fundamentáronse as características dos campos de regatas en piragüismo de augas tranquilas analizando os requisitos normativos que se deberán cumprir, a orientación, ventos dominantes, estaxes afectadas por condicionantes externos (favorecidas ou prexudicadas polo vento, profundidade...), etc.

#### E) Contidos.

1. Xestiona a loxística dos desprazamentos dos equipos de alto rendemento a competicións internacionais, aplicando principios de planificación, identificando as necesidades de transporte, aloxamento e aplicando a normativa existente.

- Xestión de desprazamentos dos equipos a competicións internacionais en piragüismo de augas tranquilas.

- Planificación dos desprazamentos.

- Procedementos de inscrición en competicións internacionais.

- Transporte de embarcacións: longos desprazamentos por vías terrestre e marítima. Normativa de transporte.

- Alugamento de embarcacións en competicións internacionais.



– Transporte de persoas deportistas e equipaxes por vías terrestre, aérea e marítima. Xestión de documentación e permisos.

– Trámites coas administracións fronteirizas e portuarias.

2. Xestiona e organiza competicións de piragüismo de augas tranquilas de promoción, iniciación, tecnificación e colabora nas de alto rendemento deportivo dun club, analizando as características e requisitos materiais e humanos dos eventos, de acordo co tipo de competición (velocidade en liña, fondo ou maratón) e as características técnicas do formato de competición.

• Xestión de eventos en piragüismo de augas tranquilas.

– Tipos de eventos de piragüismo de augas tranquilas de nivel de promoción, iniciación, tecnificación e alto rendemento.

– Particularidades das competicións de piragüismo de augas tranquilas nas disciplinas de velocidade en liña, fondo e maratón.

– Convocatoria de eventos de piragüismo de augas tranquilas: formatos e canles de comunicación.

– Necesidades de organización, recursos humanos e materiais.

– Vías de apoio económicas e materiais.

– Coordinación, asignación de tarefas e responsabilidades.

– Loxística para os participantes: transporte, aloxamento, almacenaxe do material.

– Organización de actos de protocolo.

– Seguridade nos eventos ou competicións.

– Xestión e difusión dos resultados das competicións nos medios de comunicación.

• Normativa en eventos de piragüismo de augas tranquilas.

– Normativa do Consello Superior de Deportes (CSD) e da Real Federación Española de Piragüismo (RFEP) sobre a organización de competicións nacionais e internacionais en piragüismo de augas tranquilas.





– Normativa da ICF (International Canoe Federation) sobre a organización de competicións internacionais en piragüismo de augas tranquilas.

– Mecanismos de control sobre o desenvolvemento das competicións por parte da RFEP, ICF e CSD.

– Requisitos normativos do ambiente e seguridade en competicións de piragüismo de augas tranquilas.

– Requisitos técnicos e administrativos en eventos de piragüismo de augas tranquilas de diferente nivel.

– Respecto á normativa vixente.

3. Xestiona e dirixe a participación dun equipo de alto rendemento, identificando as características dos comités organizadores, de competición e de xuíces ou xuízas, analizando as condicións do medio e o percorrido, utilizando a lingua inglesa e o vocabulario específico de piragüismo de augas tranquilas nas habilidades de conversa, lectura e escritura e aplicando os procedementos establecidos de comunicación cos ditos estamentos.

• Organismos internacionais de xestión de competicións en piragüismo de augas tranquilas.

– ICF, IOC e federacións nacionais.

– Comités de competición.

– Xuíces e árbitros en competicións internacionais.

– Medios de comunicación co comité organizador e de competición.

– Vocabulario específico en lingua inglesa de piragüismo de augas tranquilas, relacionado coas formas de comunicación en probas internacionais: análise dos formularios estandarizados.

• Xestión de participación en competicións de equipos de alto rendemento.

– Estrutura e calendario da competición. Sistema de acceso a finais.

– Localización do aloxamento e xestión do transporte de equipos e materiais.



– Adaptación do equipo ao horario de competición. Definición de horarios de descanso, adestramento e manutención.

– Particularidades en velocidade en liña e maratón.

• Normativa fundamental derivada dos regulamentos:

– Regulamento internacional de augas tranquilas.

– Regulamento internacional de maratón.

• Campos de regatas en competicións internacionais de piragüismo de augas tranquilas e maratón.

– Requisitos normativos.

– Orientación.

– Características por estaxes en función de condicionantes externos (vento, profundidade, etc.)

• Normativa específica nas competicións internacionais.

– Invitacións e bases de copas e campionatos do mundo, europeos e xogos olímpicos.

– Calendario de competicións internacionais.

– Horario ou disposición de probas en competicións internacionais.

Módulo específico de ensino deportivo: Escola de piragüismo de augas tranquilas.

Código: MED-PIAT312.

Este módulo articúlase fundamentalmente sobre dous eixes independentes:

1. A xestión integral dunha escola de piragüismo de augas tranquilas: medios, equipos, instalacións, recursos humanos, administración, actividades e seguridade.

2. As saídas profesionais do persoal técnico deportivo superior en función do perfil e das especializacións do título, e a importancia da formación permanente.

A) Relación cos obxectivos xerais e coas competencias do ciclo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar o obxectivo xeral o, e a competencia / do ciclo final de grao medio en Augas Tranquilas.



**B) Estratexias metodolóxicas.**

As estratexias de traballo neste módulo deben dar resposta á aplicación dos diferentes contidos a situacións reais ou simuladas vinculadas coas tarefas propias da xestión integral dunha escola de piragüismo en augas tranquilas. As ditas estratexias deben permitir a aplicación:

– Dos criterios de selección de medios materiais, recursos materiais e procedementos de organización e uso destes.

– Dos procedementos de elaboración de programas de traballo e a súa implementación nunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

– Da elaboración de plans de prevención de accidentes e os protocolos de actuación en caso de accidentes.

No caso das posibles saídas profesionais do persoal técnico deportivo superior, a estratexia de traballo céntrase na análise das posibilidades que permite o título e o ámbito.

É importante o uso de materiais de apoio, tanto escritos como audiovisuais, que faciliten que o tempo de traballo na clase sexa máis eficaz, limitando a utilización de clases maxistras.

**C) Orientacións pedagóxicas.**

A orde de impartición dos resultados de aprendizaxe deste módulo pode ser a mesma que a establecido no título. En calquera caso propónse vincular os RA 1, 2 e 3, traballando o resultado de aprendizaxe 4 de forma independente.

A norma establece que este módulo pode ser impartido a distancia. Non obstante e dado o carácter dos resultados de aprendizaxe, recoméndase que se imparta de maneira semi-presencial. Para iso propónse que o material conceptual se traballe de xeito comprensivo, a través do ensino a distancia, e que durante a parte presencial ou mediante ferramentas de traballo colaborativo a distancia se traballe na elaboración de proxectos a xestión dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

A fase presencial permite que, a través de talleres ou seminarios, o alumnado traballe de forma coordinada, expoña e analice de forma crítica os proxectos presentados.



D) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Dirixe e xestiona os medios, equipos e instalacións dunha escola de piragüismo de augas tranquilas, analizando as características destes, relacionándoos coas actividades que se poden desenvolver e aplicando procedementos de selección e optimización establecidos.

a) Identificáronse os recursos do ámbito dunha escola de piragüismo de augas tranquilas, relacionándoos coas actividades que se poden desenvolver.

b) Relacionáronse as necesidades materiais, equipos e instalacións dunha escola de piragüismo de augas tranquilas coas actividades que poida desenvolver.

c) Xustificáronse os criterios de selección dos medios materiais, equipos e instalacións propios dunha escola de piragüismo de augas tranquilas en función das actividades que realiza.

d) Xustificáronse os criterios de selección dos recursos materiais necesarios de ensino e adestramento nunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

e) Analizáronse e aplicáronse procedementos de organización e almacenaxe dos medios materiais dunha escola de piragüismo de augas tranquilas en función da súa actividade.

f) Analizáronse e aplicáronse procedementos de optimización do uso de medios materiais, equipos e instalacións dunha escola de piragüismo de augas tranquilas en función da súa actividade.

g) Xustificáronse as normas de uso do material e instalacións nas sesións de ensino e adestramento por parte do persoal técnico implicado nunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

h) Xustificáronse os procedementos de mantemento e reparación do material de ensino e adestramento nunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

i) Valorouse a importancia do uso de medios materiais, equipos e instalacións adecuados co fin de respectar os valores e actitudes propios dos padexeiros ou das padexeitas.



2. Supervisa as condicións específicas de seguridade das instalacións, medios e recursos humanos dunha escola de piragüismo de augas tranquilas, aplicando os procedementos establecidos e relacionándoos coa normativa vixente.

a) Identificouse a normativa vixente referente á seguridade dunha escola de piragüismo de augas tranquilas, analizando as condicións que deben cumprir as súas instalacións e medios.

b) Identificáronse os posibles riscos laborais, específicos de cada posto de traballo, en relación coa normativa vixente, describindo as situacións de risco, enfermidades profesionais e accidentes máis frecuentes dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

c) Aplicáronse os procedementos de supervisión da seguridade e hixiene nunha escola de piragüismo de augas tranquilas en relación coa normativa vixente.

d) Elaborouse un plan específico de prevención de accidentes e riscos laborais, incluíndo os protocolos de actuación en caso de emerxencia nunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

e) Analizáronse as particularidades da prevención e protocolos de actuación en caso de accidentes no medio natural acuático propios dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

f) Valorouse a importancia dunha actitude de prevención de riscos no ámbito de xestión dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

g) Analizouse e exemplificouse a normativa sobre accesibilidade nunha escola de piragüismo de augas tranquilas por parte de persoas con discapacidade ou mobilidade reducida.

h) Identificáronse os diferentes medios de acceso á lámina de auga, facilitando a súa realización en condicións óptimas de seguridade e minimizando os posibles riscos.

3. Xestiona, dirixe e coordina o funcionamento dunha escola de piragüismo de augas tranquilas, identificando as características organizativas e recursos humanos, aplicando os procedementos establecidos.

a) Elaborouse o organigrama estrutural dunha escola de piragüismo de augas tranquilas, identificando as diversas áreas de funcionamento.



b) Analizáronse as características organizativas de cada área de funcionamento en función das actividades que se van desenvolver.

c) Relacionáronse os proxectos educativo e deportivo dunha escola de piragüismo de augas tranquilas coa planificación anual de actividades da entidade.

d) Analizáronse os criterios de elaboración e distribución dos horarios e grupos, e a súa asignación ao profesorado da escola de piragüismo de augas tranquilas.

e) Relacionouse o perfil profesional e académico do persoal coas características funcionais de cada área dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

f) Xustificáronse os procedementos de dirección e coordinación das diferentes áreas de funcionamento.

g) Valorouse o traballo en equipo, a actitude tolerante, a cooperación e o respecto aos demais na dirección e xestión dos recursos humanos dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

h) Relacionáronse os procedementos administrativos das diferentes administracións coa normativa de uso das láminas de auga, en relación coa xestión dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

i) Identificáronse as obrigas contables, fiscais e laborais, específicas dunha organización deportiva ou empresa cuxo obxectivo de actuación é a explotación dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

j) Cumpríronse os protocolos de declaración-liquidación dos impostos de IAE, IVE, IRPF e imposto de sociedades propias da explotación dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

4. Orienta a padexeiro ou a padexeira sobre as posibles saídas profesionais como técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, analizando os itinerarios e o ámbito profesional.

a) Analizáronse e clasificáronse as posibles saídas profesionais do persoal técnico deportivo en piragüismo de augas tranquilas.



b) Analizouse o perfil do persoal técnico deportivo, necesario en cada unha das posibles saídas profesionais do persoal técnico en piragüismo de augas tranquilas.

c) Analizáronse as características e motivacións dos padexeiros ou das padexeiras e as súas posibles vinculacións coas saídas profesionais no ámbito do piragüismo de augas tranquilas.

d) Analizouse e xestionouse a documentación necesaria para o acceso aos cursos de formación do persoal técnico deportivo en piragüismo de augas tranquilas.

e) Analizáronse as especializacións profesionais recollidas na titulación oficial e a súa vinculación cos itinerarios e saídas profesionais.

f) Valorouse a importancia da formación permanente nos diferentes ámbitos do piragüismo de augas tranquilas como medio de adaptación ás demandas sociais.

E) Contidos.

1. Dirixe e xestiona os medios, equipos e instalacións dunha escola de piragüismo de augas tranquilas, analizando as características destes, relacionándoos coas actividades que se poden desenvolver e aplicando procedementos de selección e optimización establecidos.

- Escola de piragüismo de augas tranquilas.
  - Definición, recursos e infraestrutura.
  - Actividades e as súas características.
- Medios materiais propios dunha escola de piragüismo de augas tranquilas:
  - Características.
  - Criterios de selección.
  - Organización e almacenaxe.
  - Medios para o ensino e adestramento.
  - Optimización de uso e os seus procedementos.
- Procedementos para o mantemento e reparación do equipamento deportivo.



- Normas de uso de materiais e instalacións.

2. Supervisa as condicións específicas de seguridade das instalacións, medios e recursos humanos dunha escola de piragüismo de augas tranquilas, aplicando os procedementos establecidos e relacionándoos coa normativa vixente.

- Normativa de seguridade e hixiene nunha escola de piragüismo de augas tranquilas. Instalacións e medios materiais.

- Riscos laborais específicos.

- Enfermidades profesionais.

- Accidentes.

- A prevención. Particularidades do medio natural acuático.

- Plan específico de prevención de accidentes e riscos laborais nunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

- Protocolos en caso de emerxencia. Particularidades do medio natural acuático.

- Procedementos de supervisión da seguridade e hixiene.

- Accesibilidade ás instalacións da escola de piragüismo de augas tranquilas.

- Medios de acceso á lámina de auga.

3. Xestiona, dirixe e coordina o funcionamento dunha escola de piragüismo de augas tranquilas, identificando as características organizativas e recursos humanos e aplicando os procedementos establecidos.

- Estrutura organizativa dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

- Áreas de funcionamento. Características.

- Dirección e coordinación.

- Proxecto educativo e deportivo da escola. Planificación anual da escola.

- Selección e calendario de actividades.





- Criterios de asignación de técnicos a horarios e grupos.
- Documentación e autorizacións para a participación nas actividades.
- Persoal dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.
- Perfil profesional.
- Perfil académico.
- Procedementos administrativos específicos dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.
- Normativa de uso das láminas de auga.
- Procedementos administrativos con Capitanía Marítima.
- Procedementos administrativos con confederacións hidrográficas.
- Procedementos administrativos coas administracións públicas de carácter local e autonómico.
- Obrigas contables, fiscais e laborais dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.
- Contratos laborais específicos.
- Protocolos específicos.
- 4. Orienta o padexeiro ou a padexeira sobre as posibles saídas profesionais como técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, analizando os itinerarios e o ámbito profesional.
- Os persoal técnico deportivo en piragüismo de augas tranquilas.
- Análise das saídas profesionais.
- Perfil requirido en cada un dos posibles itinerarios profesionais.
- Ámbito profesional do persoal técnico deportivo.



- Características e motivacións dos padexeiros ou das padexeira e as súas posibles vinculacións coas saídas profesionais.

- Os cursos de formación: información xeral, requisitos de acceso, documentación necesaria, as posibles especializacións e a súa vinculación cos itinerarios e saídas profesionais.

- A formación permanente como medio de adaptación ás demandas sociais.

Módulo específico de ensino deportivo: Proxecto final.

Código: MED-PIAT313.

A) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Deseña proxectos relacionados coas competencias do persoal técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, fundamentando o proxecto na información recollida, desenvolvendo as fases que o compoñen e realizando as previsións de recursos humanos e materiais:

a) Elixiuse un tema que permite integrar os coñecementos adquiridos nos diferentes bloques e módulos do ciclo superior en piragüismo de augas tranquilas.

b) Recompilouse información relativa aos aspectos que van ser tratados no proxecto.

c) Identificáronse as fases ou partes que compoñen o proxecto e os seus contidos.

d) Establecéronse os obxectivos que se pretenden conseguir, identificando o seu alcance.

e) Valoráronse os aspectos que poden facilitar ou dificultar o desenvolvemento do proxecto.

f) Prevíronse e priorizáronse os recursos materiais e persoais necesarios, de acordo cos obxectivos do proxecto.

g) Realizouse o orzamento económico correspondente.

h) Identificáronse as posibles fontes de financiamento do proxecto sobre a base das necesidades deste.



i) Identificáronse os aspectos que se deben controlar e dos cales depende a calidade do proxecto.

j) Xustificouse a pertinencia e viabilidade do proxecto.

k) Valorouse o rigor na recollida da información utilizada na elaboración do proxecto.

2. Planifica e programa a execución do proxecto, determinando as fases ou ciclos de preparación, a metodoloxía utilizada e os recursos necesarios.

a) Secuenciáronse e temporizáronse as actividades ordenándoas en función das necesidades de implantación do proxecto.

b) Elaborouse a planificación do proxecto, periodizando e programando o adestramento e os recursos necesarios, cando o proxecto estea dirixido ao alto rendemento deportivo en piragüismo de augas tranquilas.

c) Determináronse os recursos e a loxística necesarios en cada actividade.

d) Identificáronse os permisos e autorizacións necesarios en cada unha das actividades.

e) Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.

f) Identificáronse os riscos inherentes ao desenvolvemento das actividades, definindo o plan de prevención de riscos e os medios e equipos necesarios.

g) Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.

h) Fíxose a valoración económica necesaria na execución do proxecto.

i) Definiuse e elaborouse a documentación necesaria nas previsións e execución do proxecto.

j) Utilizáronse, dun xeito integrador e sinérxico, os conceptos e procedementos adquiridos nos diferentes módulos do ciclo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas.

k) Tivéronse en conta criterios de sustentabilidade á hora de elixir as actividades, a metodoloxía e os recursos utilizados no proxecto.



3. Selecciona os procedementos de seguimento e control da elaboración e execución do proxecto, xustificando as funcións dentro do proxecto, a selección de variables e instrumentos empregados.

a) Definiuse o procedemento de avaliación das actividades, utilizando e combinando diferentes instrumentos de avaliación.

b) Defíníronse os indicadores de calidade utilizados na avaliación do proxecto.

c) Defíníronse os procedementos de avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización do proxecto, a súa posible solución e rexistro.

d) Definiuse o procedemento de xestión dos posibles cambios nos recursos, nas actividades ou na dinámica de cargas, no caso do adestramento de alto rendemento, incluíndo o sistema de rexistro daqueles.

e) Definiuse e elaborouse a documentación necesaria na avaliación das actividades do proxecto.

f) Estableceuse o procedemento de participación na avaliación dos padexeiros ou das padexeiras e elaboráronse os documentos específicos.

g) Estableceuse un sistema de garantía de cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.

h) Atendeuse ás consideracións do titor/director ou titora/directora do proxecto durante a súa elaboración.

i) Cumpriuse co seguimento do proxecto segundo o procedemento establecido polo titor/director ou titora/directora.

j) Mostrouse unha actitude de respecto e aceptación das achegas realizadas polo titor/director ou titora/directora, integrando de forma construtiva as valoracións recibidas no proxecto.



4. Presenta o proxecto seleccionando os aspectos relevantes deste, xustificando as decisións tomadas e utilizando os recursos didácticos e técnicos máis adecuados en cada caso.

a) Definiuse e elaborouse a documentación necesaria na presentación e comunicación do proxecto.

b) Utilizáronse os recursos didácticos e técnicos máis axeitados para a presentación e comunicación do proxecto, incluíndo as novas tecnoloxías, de forma coherente cos obxectivos do proxecto.

c) Presentouse o proxecto de forma clara e sintética, incluíndo os aspectos fundamentais que debía incluír a presentación.

d) Utilizouse bibliografía actualizada na fundamentación do traballo, referenciándoa de forma axeitada.

e) Contestouse de forma precisa e xustificada ás cuestións realizadas sobre as características e a fundamentación do proxecto.

f) Xustificouse suficientemente o proxecto e argumentouse a súa implementación.

g) Axustouse na presentación do proxecto á estrutura definida e establecida nos criterios de avaliación.

h) Presentouse o proxecto axustándose ás características formais, estrutura e partes establecidas polo tribunal.

i) Xustificáronse na presentación do proxecto as relacións existentes entre os diferentes resultados de aprendizaxe adquiridos nos diferentes módulos do ciclo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas.

j) Demostrouse posuír unha visión xeral do proxecto, relacionando a argumentación coa finalidade e conclusións deste.



**B) Contidos.**

1. Deseña proxectos relacionados coas competencias do persoal técnico deportivo superior en Augas Tranquilas, fundamentando o proxecto na información recollida, desenvolvendo as fases que o compoñen e realizando as previsións de recursos humanos e materiais.

- Análise de contexto e xustificación do proxecto.
- Fases do proxecto.
- Obxectivos xerais do proxecto.
- Oportunidades e ameazas do proxecto en relación cos obxectivos establecidos.
- Recursos materiais e persoais.
- Previsión económica e fontes de financiamento.

2. Planifica e programa a execución do proxecto, determinando as fases ou ciclos de preparación, a metodoloxía utilizada e os recursos necesarios.

- Planificación do proxecto.
- Temporización e secuenciación deste (Plañen, cronogramas, tempos e secuencias de execución).
- Valoración dos recursos materiais e humanos.
- Loxística.
- Permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento do proxecto.
- Análise dos riscos do proxecto e a súa inclusión no plan de prevención de riscos.

3. Selecciona os procedementos de seguimento e control da elaboración e execución do proxecto, xustificando as funcións dentro do proxecto, a selección de variables e instrumentos empregados.

- Procedementos de avaliación das actividades.
- A avaliación do proxecto: indicadores de calidade.



– Análise e solución das posibles continxencias encontradas no desenvolvemento do proxecto.

– Documentación necesaria na avaliación das actividades do proxecto.

– Procedemento de participación na avaliación das persoas deportistas ou usuarios/as-clientes/as.

4. Presenta o proxecto, seleccionando os aspectos relevantes deste, xustificando as decisións tomadas e utilizando os recursos didácticos e técnicos máis axeitados en cada caso.

- Documentación necesaria na presentación e comunicación do proxecto.
- Presentación do proxecto: comunicación, recursos didácticos e técnicos.
- Bibliografía do proxecto. Procedemento de referencia.

Módulo específico de ensino deportivo: Formación práctica.

Código: MED-PIAT314.

A) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Identifica a estrutura organizativa e o funcionamento do centro deportivo de prácticas (escola deportiva, club, centro de tecnificación ou de alto rendemento, federación), relacionándoa coa súa oferta de actividades de alto rendemento deportivo, e as actividades de xestión deste, aplicando os procedementos e protocolos de seguridade na práctica.

a) Fundamentáronse as relacións do centro deportivo de prácticas da Real Federación Española de Piragüismo coa International Canoe Federation.

b) Categorizouse a estrutura organizativa e o funcionamento das distintas áreas do centro deportivo de prácticas.

c) Clasificáronse as relacións xerárquicas dentro do centro deportivo de prácticas.

d) Revisouse a oferta de actividades vinculadas ao alto rendemento deportivo en piragüismo de augas tranquilas.

e) Relacionáronse as características do centro deportivo de prácticas coa normativa de responsabilidade do persoal técnico que traballa nel.



f) Fundamentouse a oferta de actividades orientada ao alto rendemento en piragüismo de augas tranquilas nas mulleres.

g) Recoñecéronse os valores presentes nas actividades de piragüismo de augas tranquilas do centro de prácticas.

h) Mantívose unha actitude clara de respecto ao ambiente nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas a esta.

i) Revisouse o plan de actuación de emerxencias das instalacións do centro deportivo de prácticas.

j) Identificouse e analizouse o Plan de Prevención de Riscos Laborais do centro deportivo de prácticas.

k) Revisáronse as condicións laborais do persoal técnico deportivo do centro deportivo de prácticas en relación coa normativa sobre saúde laboral.

2. Identifica a estrutura organizativa e o funcionamento do centro de formación do persoal técnico deportivo, relacionándoa coa súa oferta formativa, analizando a normativa de aplicación e aplicando os procedementos e protocolos de seguridade na práctica.

a) Fundamentáronse as relacións do centro de formación do persoal técnico en piragüismo coa Administración educativa correspondente.

b) Categorizouse a estrutura organizativa e o funcionamento do centro de formación do persoal técnico deportivo.

c) Clasificáronse as relacións xerárquicas dentro do centro de formación do persoal técnico deportivo.

d) Revisouse a oferta de actividades vinculadas á formación do persoal técnico deportivo en piragüismo.

e) Analizáronse as características do centro de formación do persoal técnico deportivo e a normativa sobre a responsabilidade do profesorado.

f) Esquemátizouse a normativa educativa e curricular vixente sobre formación do persoal técnico deportivo en piragüismo.





g) Colaborouse na organización das actividades económicas do centro de traballo.

h) Recoñecéronse os valores presentes nas actividades do centro de formación do persoal técnico deportivo en piragüismo.

i) Mantívose unha actitude clara de respecto ao ambiente nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas a esta.

3. Colabora na administración do centro deportivo de prácticas, aplicando procedementos de xestión económica e contable.

a) Colaborouse na organización das actividades económicas do centro de traballo.

b) Identificouse a forma xurídica utilizada na constitución do centro deportivo de prácticas e o grao de responsabilidade legal dos/das propietarios/as e xestores/as.

c) Colaborouse nos procedementos administrativos básicos de xestión do centro deportivo de prácticas.

d) Realizáronse trámites de petición de axudas á xestión do centro deportivo de prácticas.

e) Colaborouse na xestión de axudas económicas que utiliza ou pode utilizar o centro deportivo de prácticas.

f) Confeccionouse documentación administrativa e comercial necesaria no desenvolvemento da actividade deportiva.

g) Identificáronse as obrigas e exencións fiscais e tributarias do centro deportivo de prácticas.

h) Realizouse a declaración de impostos do centro deportivo de prácticas.

i) Tívoise unha actitude de respecto e cumprimento da normativa e dos procedementos de xestión económica do centro deportivo de prácticas.

4. Actúa con autonomía, iniciativa e responsabilidade no posto de traballo, demostrando comportamento ético, habilidades persoais de comunicación, traballo en equipo, respecto polo ambiente, aplicando os procedementos establecidos polo centro de prácticas.

a) Identificáronse os requirimentos actitudinais do posto de traballo.



b) Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas e responsabilizouse do traballo asignado.

c) Demostrouse compromiso co traballo ben feito e a calidade do servizo, así como respecto aos procedementos e principios propios do club ou entidade deportiva.

d) Demostrouse capacidade de traballo en equipo e respecto á xerarquía establecida no club ou entidade deportiva.

e) Establecéronse unha comunicación e unha relación eficaz co persoal técnico responsable da actividade e os membros do equipo, mantendo un trato fluído e correcto.

f) Coordinouse co resto do equipo, informando de calquera cambio, necesidade relevante ou imprevisto que se presente na actividade.

g) Demostrouse un comportamento ético coas persoas deportistas e adversarios/as, en especial en presenza dos medios de comunicación.

5. Organiza e xestiona competicións e eventos propios do nivel da iniciación e da tecnificación deportiva, e colabora nos de alto rendemento, participando na xestión e deseño da competición, aplicando criterios de sustentabilidade.

a) Propúxose a estrutura e as funcións que se deben desempeñar na organización dunha competición ou evento deportivo de tecnificación en piragüismo de augas tranquilas.

b) Definíronse e aplicáronse os criterios de sustentabilidade na organización dunha competición ou evento deportivo de tecnificación en piragüismo de augas tranquilas.

c) Localizáronse e xestionáronse as posibles axudas ao patrocinio do deporte feminino na modalidade de piragüismo de augas tranquilas.

d) Xestionouse o financiamento da organización dunha competición ou evento deportivo de tecnificación en piragüismo de augas tranquilas.

e) Realizouse a xestión e difusión dos resultados dunha competición ou evento deportivo de tecnificación ou alto rendemento en piragüismo de augas tranquilas.

f) Participouse na xestión de persoal e medios materiais das diferentes áreas ou comités da organización dunha competición ou evento de tecnificación ou alto rendemento en piragüismo de augas tranquilas.



g) Colaborouse na organización e realización de actos protocolarios de apertura, entrega e clausura dunha competición ou evento deportivo de tecnificación ou alto rendemento en piragüismo de augas tranquilas.

h) Tomáronse as medidas de seguridade e de atención ás emerxencias na organización dunha competición ou evento deportivo de tecnificación en piragüismo de augas tranquilas.

i) Actuouse de maneira flexible e adaptable ás circunstancias na organización da competición, respectando os protocolos e directrices establecidos.

6) Orienta as persoas deportistas de alto rendemento, organiza, acompaña e dirixe as persoas deportistas na súa participación en actividades, competicións e outros eventos internacionais ou de alto nivel en piragüismo de augas tranquilas, aplicando a normativa relacionada.

a) Foron informadas as persoas deportistas de alto rendemento da normativa que lle afecta e dos programas de axuda que existen a nivel nacional e autonómico.

b) Foron orientadas as persoas deportistas de alto rendemento sobre as saídas profesionais da súa actividade deportiva e a importancia de manter unha formación académica ou profesional paralelas á vida deportiva.

c) Revisouse e foron informadas as persoas deportistas da normativa antidopaxe de aplicación nas competicións internacionais ou de alto nivel en que se participa.

d) Realizouse a inscrición do padexeiro ou da padexeira ou grupo de padexeiros ou de padexeiras nunha competición internacional ou de alto nivel en piragüismo de augas tranquilas, de acordo cos protocolos e normas establecidos.

e) Realizáronse as operacións de xestión do seguro de accidente e actividade dun grupo de padexeiros ou de padexeiras que participan nunha competición internacional ou de alto nivel, de acordo coas instrucións e normas recibidas.

f) Recoñeceuse e xustificouse a responsabilidade do persoal técnico nos desprazamentos dos padexeiros ou das padexeiras para asistir a unha competición internacional ou de alto nivel.



g) Elaborouse o plan de viaxe dun padexeiro ou dunha padexeira ou grupo de padexeiros ou de padexeiros para a súa participación nunha competición internacional ou de alto nivel, aplicando as instrucións e procedementos establecidos.

h) Foi informado o padexeiro ou a padexeira das características da competición internacional ou de alto nivel, interpretando a documentación sobre esta.

i) Trasládronse ao padexeiro ou á padexeira as instrucións técnicas e tácticas para a competición internacional ou de alto nivel, tendo en conta as características da competición e da persoa deportista.

j) Acompañáronse os padexeiros ou as padexeiros nas competicións internacionais ou de alto nivel, aplicando os procedementos e seguindo as instrucións e normas establecidas.

k) Velouse polo respecto aos valores do xogo limpo, o respecto á saúde persoal e aos demais, durante a participación na competición internacional ou de alto nivel en piragüismo de augas tranquilas, aplicando os procedementos axeitados e respectando as normas desta.

l) Aplicáronse procedementos de reclamación nunha competición internacional ou de alto nivel en piragüismo de augas tranquilas, utilizando o idioma axeitado, aplicando os protocolos e normas establecidos.

7. Colabora na dirección dos padexeiros ou das padexeiros durante a participación en actividades, competicións e outros eventos internacionais ou de alto nivel de piragüismo de augas tranquilas, valorando as posibles situacións tácticas do padexeiro ou da padexeira e dos seus contrincantes e as características do ámbito, e aplicando os procedementos establecidos.

a) Avaliouse a influencia das condicións ambientais e do ámbito da competición de alto nivel en piragüismo de augas tranquilas.

b) Colaborouse na dirección do padexeiro ou da padexeira ou grupo de padexeiros ou de padexeiros en competicións de alto rendemento, na preparación de diferentes estratexias de xeito eficaz e tendo en conta as características do/da contrincante e do ámbito.



c) Colaborouse na avaliación da execución táctica do padexeiro ou da padexeira ou grupo de padexeiros ou de padexeiras e dos seus contrincantes na competición de alto nivel, utilizando técnicas e procedementos de observación axeitados.

d) Participouse na recollida de información que necesita o padexeiro ou a padexeira para a preparación da competición e a súa realización.

e) Colaborouse na valoración técnica do comportamento do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento utilizando técnicas e procedementos axeitados.

f) Elaborouse o plan de preparación e adaptación específico para unha competición de piragüismo de augas tranquilas de alto rendemento.

g) Colaborouse e participouse na preparación, seguimento e avaliación dun equipo de padexeiros ou de padexeiras nunha competición de tecnificación ou de alto rendemento de piragüismo de augas tranquilas.

h) Colaborouse na coordinación das actividades dos diferentes membros do equipo técnico antes, durante e despois das competicións de alto nivel en piragüismo de augas tranquilas.

i) Demostrouse empatía e xerouse credibilidade no equipo durante a dirección en competicións de alto nivel en piragüismo de augas tranquilas.

8. Planifica o adestramento a longo, medio e curto prazo dos padexeiros ou das padexeiras, interpretando a información da persoa deportista e do ámbito, coordinando o equipo de especialistas e aplicando os modelos, procedementos e técnicas máis axeitados.

a) Colaborouse na elaboración do programa de detección, identificación e selección de talentos deportivos en piragüismo de augas tranquilas do centro deportivo de prácticas.

b) Aplicáronse criterios de detección, identificación e selección de talentos deportivos en piragüismo de augas tranquilas no centro deportivo de prácticas.

c) Seleccionouse e interpretouse a información do padexeiro ou da padexeira do centro deportivo de prácticas e do seu ámbito, necesaria na elaboración da programación a longo prazo.



d) Elaborouse a planificación a longo prazo do padexeiro ou da padexeira, de acordo cos modelos utilizados no centro deportivo de prácticas, identificando as dinámicas de carga dos diferentes factores de rendemento deportivo en piragüismo de augas tranquilas.

e) Aplicáronse instrumentos de valoración da condición física ou condicional do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento, interpretando e, de ser o caso, tratando a información resultante.

f) Aplicáronse instrumentos de valoración do perfil psicolóxico do padexeiro ou da padexeira e do seu comportamento durante a competición, interpretando e, de ser o caso, tratando a información resultante.

g) Elaborouse a programación a medio e curto prazo dos diferentes factores de rendemento (condicionais, técnicos, psicolóxicos, etc.), de acordo coa planificación do centro de prácticas e cos obxectivos e características do padexeiro ou da padexeira.

h) Elaborouse o programa dunha concentración de preparación, adaptándoo ás necesidades específicas dos padexeiros ou das padexeiras e do centro de formación práctica.

i) Rexistrouse, cuantificouse e procesouse a información sobre a carga de adestramento dun padexeiro ou dunha padexeira do centro deportivo de prácticas.

j) Asignáronse obxectivos e medios de traballo ao equipo de persoal técnico especialista en ciencias aplicadas ao deporte, dentro da planificación e programación do adestramento.

k) Incorporáronse as achegas do persoal técnico especialista en ciencias aplicadas ao deporte na planificación e programación do adestramento.

l) Mostrouse unha actitude de rigor e obxectividade na aplicación dos instrumentos de valoración utilizados.

9. Organiza e dirixe o adestramento e as concentracións de preparación dos padexeiros ou das padexeiras, coordinando equipos de persoal técnico especialista, aplicando os medios e métodos específicos de adestramento de cada un dos factores de rendemento en piragüismo de augas tranquilas.

a) Xerouse credibilidade no equipo de persoal técnico especialista que colabora co persoal técnico no centro deportivo de prácticas.



b) Xestionouse o equipo de persoal técnico especialista, demostrando liderado e potenciando a comunicación entre o equipo do centro deportivo de prácticas e o técnico.

c) Aplicáronse medios e métodos de adestramento en seco, e elixíronse as tarefas de acordo coa programación do centro deportivo de prácticas.

d) Aplicáronse medios e métodos de adestramento con simuladores, e elixíronse as tarefas de acordo coa programación do centro deportivo de prácticas.

e) Aplicáronse medios e métodos de adestramento en auga e do comportamento táctico, e elixíronse as tarefas de acordo coa programación do centro deportivo de prácticas.

f) Dirixiuse a sesión tendo en conta a variedade e integración dos diferentes medios e métodos de adestramento en seco, con simuladores e en auga, de acordo coa programación do centro deportivo de prácticas.

g) Identificáronse e solucionáronse as continxencias que xurdisen durante a sesión de adestramento do padexeiro ou da padexeira.

h) Adaptouse o traballo da sesión ás condicións reais do padexeiro ou da padexeira.

i) Tivéronse en conta as lesións máis frecuentes en piragüismo de augas tranquilas e as súas medidas preventivas, na dirección da sesión de adestramento

j) Colaborouse na organización e dirección dunha concentración de preparación, seleccionando os medios e a loxística axeitados á situación do centro deportivo de prácticas.

k) Mantívose unha actitude motivadora e empática co padexeiro ou coa padexeira durante a dirección da concentración de preparación ou a sesión de adestramento.

10. Dirixe a preparación e perfeccionamento técnico dos padexeiros ou das padexeiras, aplicando os medios e métodos específicos de adestramento e perfeccionamento técnico en piragüismo de augas tranquilas, aplicando as novas tecnoloxías para o rexistro do adestramento e a competición.

a) Aplicáronse sistemas de adestramento técnico, elixindo as tarefas de acordo coa programación de referencia.

b) Dirixíronse as sesións, integrando o traballo técnico e os distintos medios de acordo coa programación de referencia.



c) Aplicáronse procedementos de corrección e optimización da técnica de padexo en caiac e canoa de augas tranquilas durante a sesión de adestramento.

d) Deseñáronse instrumentos de valoración cualitativa da técnica de padexo en caiac e canoa de augas tranquilas.

e) Elaboráronse e aplicáronse instrumentos de rexistro audiovisual do comportamento técnico e táctico en adestramento e competición do padexeiro ou da padexeira de augas tranquilas de alto rendemento, interpretando e, de ser o caso, editando os rexistros realizados.

f) Utilizáronse, durante a sesión a preparación e a competición, os rexistros audiovisuais cos padexeiros ou coas padexeiras, establecendo os protocolos de uso en cada caso e identificando as informacións necesarias e útiles en cada caso.

g) Colaborouse na avaliación técnica do padexo, interpretando e relacionando os erros coas causas.

h) Aplicáronse medios e métodos de adestramento técnico en caiac e canoa de augas tranquilas, e elixíronse as tarefas de acordo coa programación de referencia.

i) Aplicáronse procedementos de avaliación técnica en embarcacións colectivas.

j) Realizouse o seguimento técnico con rexistro audiovisual no adestramento e na competición do padexeiro ou da padexeira de alto rendemento, almacenando e organizando a información e interpretando os rexistros.

k) Determináronse as variables cinemáticas (velocidade, frecuencia e lonxitude de ciclo) a partir de gravacións de adestramentos ou competicións e relacionáronse os resultados cos modelos de competición existentes en piragüismo de augas tranquilas.

l) Utilizáronse medios electrónicos de adquisición de datos (GPS, acelerómetros, inclinómetros, etc.) e interpretouse a información achegada por estes para a valoración da técnica de padexo en embarcacións individuais e colectivas.

11. Colabora no establecemento das axudas ergoxénicas e dos plans de traballo complementario do padexeiro ou da padexeira lesionado/a, aplicando os medios, métodos e procedementos establecidos.

a) Programouse o traballo complementario dun padexeiro ou dunha padexeira lesionado/a, tendo en conta a programación do centro deportivo de prácticas.





b) Valoráronse as pautas alimentarias dos padexeiros ou das padexeiros do centro deportivo de prácticas.

c) Propuxéronse medidas de formación sobre alimentación deportiva aos padexeiros ou ás padexeiros do centro deportivo de prácticas.

d) Identificáronse as manifestacións de fatiga durante o adestramento e a competición do padexeiro ou da padexeira do centro deportivo de prácticas.

e) Propuxéronse e aplicáronse medidas de recuperación da fatiga, de acordo coas posibilidades do centro deportivo de prácticas.

f) Colaborouse na prescrición e administración de axudas ergoxénicas en padexeiros ou en padexeiros do centro deportivo de prácticas.

g) Foi informado o padexeiro ou a padexeira dos riscos e consecuencias na saúde do uso de substancias dopantes.

h) Mostrouse unha actitude de xogo limpo e respecto pola saúde do padexeiro ou da padexeira, en especial no referido ao uso de substancias dopantes.

12. Participa na formación do persoal técnico deportivo, revisando a organización académica e curricular do centro, impartindo clases e colaborando na titorización dos módulos de formación práctica e proxecto final.

a) Identificáronse o tipo de centro docente de prácticas, o tipo de vinculación coa Administración e a normativa que lle é de aplicación para os efectos de organización e funcionamento.

b) Identificáronse as responsabilidades do profesorado especialista en piragüismo e do persoal técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas na formación do persoal técnico na modalidade.

c) Concretáronse os elementos da programación didáctica dun módulo do bloque específico, atendendo á súa normativa de ordenación, ás características do alumnado e ao contexto do centro docente de prácticas.

d) Deseñouse e colaborouse na realización dunha presentación (de tarefas e contidos), atendendo ás características do módulo específico e do resultado de aprendizaxe que



se vai desenvolver, tendo en conta as características do alumnado do centro docente de prácticas.

e) Colaborouse no deseño e dirección dunha sesión de traballo práctico ou procedementa, atendendo ás características do módulo específico e do resultado de aprendizaxe que se vai desenvolver, tendo en conta as características do alumnado do centro docente de prácticas.

f) Participouse no proceso de avaliación do alumnado do centro docente de prácticas.

g) Tívoise en conta a aplicación efectiva do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes á hora de seleccionar os recursos didácticos na docencia do módulo específico de ensinanzas deportivas en piragüismo de augas tranquilas.

h) Prevíronse e preparáronse de antemán recursos didácticos alternativos fronte a posibles incidencias, incluíndo a atención a persoas con discapacidade, na dirección da sesión do módulo específico de ensinanzas deportivas en piragüismo de augas tranquilas.

i) Identificáronse as condicións de seguimento e titorización dos distintos módulos do bloque específico dos ciclos inicial e final de grao medio en piragüismo de augas tranquilas, presenciais e a distancia, establecidos no centro docente de prácticas.

j) Participouse no establecemento de contactos e convenios coas entidades colaboradoras no módulo de formación práctica.

k) Utilizáronse aplicacións informáticas específicas en supostos de xestión e seguimento do módulo de formación práctica no centro docente de prácticas.

l) Colaborouse na elaboración de informes de avaliación do módulo de formación práctica.

m) Participouse no asesoramento e control de entrevistas e titorías personalizadas na dirección de proxectos dentro do centro docente de prácticas.

13. Pon a punto o material de piragüismo de augas tranquilas, adaptándoo ás necesidades individuais, aplicando técnicas e procedementos específicos e participa no deseño de material.

a) Elixíronse as embarcacións axeitadas ás características dos padexeiros ou das padexiras e ao tipo de competición, argumentando as eleccións.



b) Realizáronse os axustes dun K-1 de forma individualizada nun/nunha caiaquista de alto rendimento.

c) Realizáronse os axustes dun C-1 de forma individualizada nun/nunha canoísta de alto rendimento.

d) Realizáronse os axustes das embarcacións K-2 e K-4 en función das características individuais e do tipo de proba que van desenvolver os/as caiaquistas de augas tranquilas.

e) Realizáronse os axustes das embarcacións C-2 e C-4 en función das características individuais e do tipo de proba que van desenvolver os/as canoístas de augas tranquilas.

f) Montáronse pas de diferentes sistemas de forma individualizada, axustando a lonxitude total, lonxitude entre os agarres da pértega e o xiro entre follas.

g) Colabórase na realización de reparacións de diferentes tipos en embarcacións de padexeiros ou de padexeiras de alto rendimento.

h) Colabórase no deseño de embarcacións como traballo conxunto entre o persoal técnico e o padexeiro ou a padexeira.

14. Xestiona a escola deportiva de piragüismo de augas tranquilas, elaborando programacións de referencia de acordo coas características dos padexeiros ou das padexeiras e dos obxectivos do centro de prácticas.

a) Colabórase na xestión e organización dos medios materiais dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

b) Aplicáronse criterios de selección e optimización de uso dos medios materiais dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

c) Aplicáronse os plans de prevención de accidentes no medio acuático e executáronse os procedementos oportunos en situacións simuladas.

d) Analizáronse os posibles riscos e situacións perigosas do centro de prácticas e relacionáronse coa normativa de seguridade existente e cos protocolos establecidos.

e) Identificáronse os proxectos educativo e deportivo da escola de piragüismo de augas tranquilas e relacionáronse coas actividades programadas e a documentación deseñada para o seu desenvolvemento.



f) Identificouse o perfil profesional e persoal das diferentes figuras que interveñen na xestión e funcionamento dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

g) Colaborouse nos procedementos administrativos dunha escola de piragüismo de augas tranquilas coas diferentes administracións públicas e privadas.

h) Identificáronse as obrigas contables, fiscais e laborais propias dunha escola de piragüismo de augas tranquilas.

i) Foron orientados/as os padexeiros ou as padexeiras sobre as posibilidades de formación como persoal técnico e as saídas profesionais do persoal técnico deportivo en piragüismo de augas tranquilas.

B) Funcións ou actividades que debe desempeñar o alumnado en prácticas para realizar as tarefas propostas.

- Identificar a estrutura e funcionamento do club ou entidade deportiva.
- Colaborar na xestión administrativa do club ou entidade deportiva.
- Establecer a relación entre a oferta de actividades de especialización, tecnificación e alto rendemento en augas tranquilas.
- Elaborar a preparación completa dos padexeiros ou das padexeiras de alto nivel.
- Colaborar na elaboración dos plans de traballo dos padexeiros ou das padexeiras lesionados/as.
- Dirixir as sesións de adestramento e perfeccionamento técnico e táctico en augas tranquilas propias do alto nivel.
- Colaborar na organización e dirección de concentracións de preparación para padexeiros ou padexeiras de alto nivel.
- Coordinar o proceso de tecnificación deportiva en augas tranquilas, analizando a estrutura do grupo de alto nivel e elaborando un programa de referencia.
- Organizar actividades de tecnificación deportiva de alto nivel en augas tranquilas para persoas con discapacidade tendo en conta as súas capacidades e limitacións.



- Colaborar na organización e xestión de competicións e eventos en piragüismo de augas tranquilas.
- Dirixir e acompañar as persoas deportistas antes, durante e despois da súa participación en actividades, eventos ou competicións de alto nivel en augas tranquilas.
- Colaborar no seguimento e análise do comportamento táctico do padexeiro ou da padexeira en competicións de alto nivel.
- Informar as persoas deportistas de alto nivel, antes, durante e despois das competicións, sobre o desenvolvemento desta e as súas execucións transmitindo actitudes e valores de respecto aos demais e ao ámbito.
- Respectar as normativas de competición e de utilización do espazo, aplicando os protocolos establecidos cunha actitude clara de respecto.
- Identificar as estruturas e funcionamento dun centro de formación de persoal técnico en piragüismo.
- Colaborar na impartición de clases nun centro de formación de persoal técnico en piragüismo.
- Adaptar e pór a punto o material de piragüismo en augas tranquilas.

C) Secuenciación e temporización das actividades que se deben realizar no módulo de formación práctica.

- Realizar actividades relacionadas co alto rendemento deportivo en augas tranquilas, como a elaboración de programas, colaboración na organización de actividades e competicións de alto nivel, dirección dun club deportivo, etc.
- O bloque de formación práctica, baixo a supervisión do persoal técnico superior correspondente, constará de tres fases:
  - Fase de observación, na cal o alumnado observará as tarefas levadas a cabo polo persoal técnico supervisor.



– Fase de colaboración, na cal o alumnado colaborará coas actividades e tarefas desenvolvidas e encomendadas polo titor/a supervisor/a da actividade.

– Fase de actuación supervisada, na cal o alumnado asumirá de forma responsable o conxunto de tarefas propias do ciclo de técnico deportivo de grao superior en augas tranquilas, encomendadas polo persoal técnico supervisor.

D) Características do centro ou centros en que se deben desenvolver as actividades formativas do módulo de formación práctica.

- As prácticas levaranse a cabo en escolas, asociacións deportivas ou entidades que inclúan a modalidade de augas tranquilas.

- Os centros onde se desenvolvan as ditas prácticas deberán estar dotados dos medios e recursos humanos e materiais necesarios para poder levar a cabo o desenvolvemento das actividades correspondentes ao grao superior do persoal técnico deportivo en Augas Tranquilas.

#### ANEXO IV

##### Ratio profesorado/alumnado

Bloque específico do ciclo de grao superior	Ratio profesorado/ alumnado
MED-PIAB301. Planificación do alto rendemento	1/30
MED-PIAB302. Perfeccionamento técnico en sláalom	1/15
MED-PIAB303. Preparación física en seco e en auga en sláalom de alto nivel	1/30
MED-PIAB304. Coordinación e xestión	1/30
MED-PIAB305. Deseño de material e innovación	1/30
MED-PIAB306. Proxecto final	1/6
MED-PIAT308. Planificación do alto rendemento en augas tranquilas	1/30
MED-PIAT309. Análise da técnica de padexo en augas tranquilas	1/30
MED-PIAT310. Adestramento do alto rendemento en augas tranquilas	1/30
MED-PIAT311. Competicións de alto nivel en augas tranquilas	1/30
MED-PIAT312. Escola de piragüismo de augas tranquilas	1/30
MED-PIAT313. Proxecto final	1/6

#### ANEXO V

##### Acceso ao módulo de formación práctica

Acceso ao módulo de formación práctica	Módulos que hai que superar
MED-PIAB307. Formación práctica	Do bloque común: MED-C301. Factores fisiolóxicos do alto rendemento. MED-C303. Formación de formadores/as deportivos/as. Do bloque específico: MED-PIAB301. Planificación do alto rendemento. MED-PIAB302. Perfeccionamento técnico en sláalom.



Acceso ao módulo de formación práctica	Módulos que hai que superar
MED-PIAT314. Formación práctica	Do bloque común: MED-C301. Factores fisiolóxicos do alto rendemento. MED-C303. Formación de formadores/as deportivos/as. Do bloque específico: MED-PIAT308. Planificación do alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT309. Análise da técnica de padexo en augas tranquilas. MED-PIAT310. Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas.

**ANEXO VI-A**
**Espazos e equipamentos mínimos do ciclo de grao superior en Augas Bravas**

Espazos: ciclo de grao superior en Augas Bravas.

Espazo formativo	Superficie m <sup>2</sup> 30 alumnos/as	Superficie m <sup>2</sup> 20 alumnos/as	Módulo de ensino deportivo
Aula polivalente	60 m <sup>2</sup>	40 m <sup>2</sup>	Módulos de ensino deportivo dos bloques común e específico do ciclo superior.
Ximnasio	120 m <sup>2</sup>	90 m <sup>2</sup>	MED-C302. Factores psicosociais do alto rendemento. MED-C303. Formación de formadores/as deportivos/as. MED-PIAB303. Preparación física en seco e en auga en sláalom de alto nivel.
Espazo formativo			Módulo de ensino deportivo
Lámina de auga de augas tranquilas de polo menos 5.000 m <sup>2</sup> . Tramo de corrente de auga de polo menos 150 metros de grao III de lonxitude con polo menos 9 portas de sláalom.			MED-PIAB301. Planificación do alto rendemento. MED-PIAB302. Perfeccionamento técnico en sláalom. MED-PIAB303. Preparación física en seco e en auga en sláalom de alto nivel. MED-PIAB304. Coordinación e xestión. MED-PIAB305. Deseño de material e innovación.

Equipamentos: Ciclo de grao superior en Augas Bravas.

Equipamento da aula polivalente	Módulo de ensino deportivo
Equipos audiovisuais. Canón de proxección. PC instalados en rede con conexión á internet. Software específico.	Módulos de ensino deportivo dos bloques común e específico do ciclo superior.
Equipamento do ximnasio	Módulo de ensino deportivo
15 balóns medicinais (3 kg, 4 kg, 5 kg). 15 colchonetas. Halteres curtos de diferentes pesos. 3 barras de levantamentos. Discos (diversos pesos). Bancos para exercicios de musculación: horizontal, inclinado e/ou reclínable. Balóns inchables de 65 cm. Gomas elásticas. Espaleiras. Bancos suecos.	MED-C302. Factores psicosociais do alto rendemento. MED-C303. Formación de formadores/as deportivos/as. MED-PIAB303. Preparación física en seco e en auga en sláalom de alto nivel.



Equipamento	Módulo de ensino deportivo
Caiacs e canoas de competición de piragüismo de augas bravas (slálom). Cámaras de vídeo. Pas, chalecos, cascos e cobrebañeiras. Material de seguridade propio do piragüismo de augas bravas.	MED-PIAB301 Planificación do alto rendemento. MED-PIAB302 Perfeccionamento técnico en slálom. MED-PIAB303 Preparación física en seco e en auga en slálom de alto nivel. MED-PIAB304 Coordinación e xestión. MED-PIAB305 Deseño de material e innovación.

**ANEXO VI-B**
**Espazos e equipamentos mínimos do ciclo de grao superior en Augas Tranquilas**

Espazos: ciclo de grao superior en Augas Tranquilas.

Espazo formativo	Superficie m <sup>2</sup> 30 alumnos/as	Superficie m <sup>2</sup> 20 alumnos/as	Módulo de ensino deportivo
Aula polivalente	60 m <sup>2</sup>	40 m <sup>2</sup>	Módulos de ensino deportivo dos bloques común e específico do ciclo superior.
Ximnasio	120 m <sup>2</sup>	90 m <sup>2</sup>	MED-C302 Factores psicosociais do alto rendemento MED-C303 Formación de formadores/as deportivos/as MED-PIAT310 Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas
Espazo formativo			Módulo de ensino deportivo
Lámina de auga de augas tranquilas de polo menos 600 metros de longo e 50 metros de largo.			MED-PIAT308 Planificación do alto rendemento MED-PIAT309 Análise da técnica de padexo en augas tranquilas MED-PIAT310 Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas MED-PIAT311 Competicións de alto nivel en augas tranquilas MED-PIAT312 Escola de piragüismo de augas tranquilas

Equipamentos: Ciclo de grao superior en Augas Tranquilas.

Equipamento da aula polivalente	Módulo de ensino deportivo
Equipos audiovisuais. Canón de proxección. PC instalados en rede con conexión á internet. Software específico.	Módulos de ensino deportivo dos bloques común e específico do ciclo superior.
Equipamento do ximnasio	Módulo de ensino deportivo
15 balóns medicinais (3 kg, 4 kg, 5 kg). 15 colchonetas. Halteres curtos de diferentes pesos. 3 barras de levantamentos. Discos (diversos pesos). Bancos para exercicios de musculación: horizontal, inclinado e/ou reclinable. Balóns inchables de 65 cm. Gomas elásticas. Espaleiras. Bancos suecos.	MED-C302 Factores psicosociais do alto rendemento. MED-C303 Formación de formadores/as deportivos/as. MED-PIAT310 Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas.





Equipamento	Módulo de ensino deportivo
Caiacs e canoas de competición de piragüismo de augas tranquilas. Caiacs e canoas dobres e cuádruplos de competición de piragüismo de augas tranquilas. Simuladores de caiac e canoa Cámaras de vídeo. Sistemas de medición da velocidade. Pas, chalecos, cascacos e cobrebañeiras. Embarcacións de recreo de ata 6 metros de eslora e potencia máxima inferior a 40 kW.	MED-PIAT308 Planificación do alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT309 Análise da técnica de padexo en augas tranquilas. MED-PIAT310 Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT311 Competicións de alto nivel en augas tranquilas. MED-PIAT312 Escola de piragüismo de augas tranquilas.

**ANEXO VII**

**Requisitos de titulación do profesorado dos módulos do bloque común do ciclo de grao superior en centros públicos da consellería competente en materia de educación**

Serán impartidas por quen posúa a especialidade que a continuación se detalla:

Módulo de ensino deportivo	Especialidade	Corpo
MED-C301 Factores fisiolóxicos do alto rendemento. MED-C302 Factores psicosociais do alto rendemento. MED-C303 Formación de formadores/as deportivos/as.	Educación física.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.
MED-C304 Organización e xestión aplicada ao alto rendemento.	Educación física. Formación e organización laboral.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.

**ANEXO VIII-A**

**Requisitos de titulación do profesorado dos módulos do bloque específico do ciclo de grao superior en centros públicos da consellería competente en materia de educación**

Serán impartidas por quen posúa a especialidade ou condición que a continuación se detalla:

Módulo de ensino deportivo	Especialidade	Corpo
MED-PIAB301. Planificación do alto rendemento MED-PIAB302. Perfeccionamento técnico en sláalom MED-PIAB303. Preparación física en seco e en auga en sláalom de alto nivel MED-PIAB304. Coordinación e xestión MED-PIAB305. Deseño de material e innovación MED-PIAB306. Proxecto final MED-PIAB307. Formación práctica.	Educación física co título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas.  Profesor/a especialista.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.



Módulo de ensino deportivo	Especialidade	Corpo
MED-PIAT308 Planificación do alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT309 Análise da técnica de padexo en augas tranquilas. MED-PIAT310 Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT311 Competicións de alto nivel en augas tranquilas. MED-PIAT312 Escola de piragüismo de augas tranquilas. MED-PIAT313 Proxecto final. MED-PIAT314 Formación práctica.	Educación física co título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas.  Profesor/a especialista.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesores/as de ensino secundario.

## ANEXO VIII-B

**Condición de profesorado especialista en centros públicos da consellería competente en materia de educación: acreditación de experiencia docente ou actividade no ámbito deportivo e laboral**

Módulos de ensino deportivo	Experiencia docente acreditable	Actividade no ámbito deportivo e laboral
MED-PIAB301. Planificación do alto rendemento MED-PIAB302. Perfeccionamento técnico en slalom MED-PIAB303. Preparación física en seco e en auga en slalom de alto nivel MED-PIAB304. Coordinación e xestión MED-PIAB305. Deseño de material e innovación MED-PIAB306. Proxecto final MED-PIAB307. Formación práctica.	Polo menos 100 horas de docencia acreditada en formación de adestradores/as no nivel 3 de piragüismo de slalom en augas nas formacións a que se refire a disposición adicional quinta e a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, así como a disposición transitoria primeira do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro.	Polo menos 2 anos de exercicio deportivo-laboral relacionado coas competencias profesionais do ciclo superior de augas bravas, realizado nos 4 anos inmediatamente anteriores ao nomeamento.
MED-PIAT308 Planificación do alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT309 Análise da técnica de padexo en augas tranquilas. MED-PIAT310 Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT311 Competicións de alto nivel en augas tranquilas. MED-PIAT312 Escola de piragüismo de augas tranquilas. MED-PIAT313 Proxecto final. MED-PIAT314 Formación práctica.	Polo menos 100 horas de docencia acreditada en formación de adestradores/as no nivel 3 de piragüismo en augas tranquilas nas formacións a que se refire a disposición adicional quinta e a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, así como a disposición transitoria primeira do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro.	Polo menos 2 anos de exercicio deportivo-laboral relacionado coas competencias profesionais do ciclo superior de augas tranquilas, realizado nos 4 anos inmediatamente anteriores ao nomeamento.

No caso das formacións a que se refire a disposición adicional quinta do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, a Federación Española de Piragüismo emitirá a correspondente certificación da experiencia docente en que conste: as materias impartidas, o número de horas impartidas, a data do curso en que se impartiu a materia ou materias e a data da resolución de recoñecemento da formación por parte do Consello Superior de Deportes, xunto coa data de publicación no BOE.



No caso das formacións a que se refire a disposición transitoria primeira dos reais decretos 1913/1997, do 19 de decembro, e 1363/2007, do 24 de outubro, o órgano competente da comunidade autónoma que autorizou as formacións emitirá a correspondente certificación da experiencia docente en que consten as materias e o número de horas impartidas.

A experiencia laboral acreditarase mediante a certificación da empresa onde se adquire a dita experiencia en que conste especificamente a duración do contrato, a actividade desenvolvida e o período de tempo durante o cal se realizou a actividade. No caso de traballadores ou traballadoras por conta propia, exixirase a certificación de alta no censo de obrigados ou obrigadas tributarios/as cunha antigüidade mínima dun ano, así como unha declaración da persoa interesada das actividades máis representativas.

A Federación Española de Piragüismo emitirá a correspondente certificación da experiencia deportiva en que conste a actividade desenvolvida e o período de tempo durante o cal se realizou a actividade.

## ANEXO IX

### **Requisitos de titulación do profesorado en centros privados e de titularidade pública de administracións distintas da consellería competente en materia de educación**

Serán impartidos por quen acredite os títulos que a continuación se detallan ou os que fosen declarados equivalentes ou homologados para os efectos de docencia:

Módulos do bloque común: ciclo de grao superior.

Módulo común de ensino deportivo	Titulacións
MED-C301. Factores fisiolóxicos do alto rendimento.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e do deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Medicina.
MED-C302. Factores psicosociais do alto rendimento.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía.
MED-C303. Formación de formadores/as deportivos/as.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
MED-C304. Organización e xestión aplicada ao alto rendimento.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Licenciado/a ou graduado/a en Dereito.



Módulos do bloque específico: ciclo de grao superior.

Módulo específico de ensino deportivo	Titulacións
MED-PIAB301 Planificación do alto rendemento MED-PIAB302 Perfeccionamento técnico en sláalom MED-PIAB303 Preparación física en seco e en auga en sláalom de alto nivel MED-PIAB304 Coordinación e xestión MED-PIAB305 Deseño de material e innovación MED-PIAB306. Proxecto final	Técnico/a deportivo/a superior en Piragüismo de Augas Bravas.
MED-PIAB307. Formación práctica.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Técnico/a deportivo/a superior en Piragüismo de Augas Bravas
MED-PIAT308 Planificación do alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT309 Análise da técnica de padexo en augas tranquilas. MED-PIAT310 Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT311 Competicións de alto nivel en augas tranquilas. MED-PIAT312 Escola de piragüismo de augas tranquilas. MED-PIAT313 Proxecto final.	Técnico/a deportivo/a superior en Piragüismo de Augas Tranquilas
MED-PIAT314 Formación práctica.	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Técnico/a deportivo/a superior en Piragüismo de Augas Tranquilas

## ANEXO X

### Exención total ou parcial dos módulos de formación práctica dos ciclos de grao superior

MED-PIAB307. Formación práctica	Experiencia no ámbito laboral ou deportivo
Exención total. Exención parcial.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Duración: superior a 300 horas.</li> <li>Actividade desenvolvida: experiencia relacionada coa competencia xeral do ciclo de grao superior en piragüismo de augas bravas.</li> <li>Período de tempo durante o cal desenvolveu a actividade: dous anos anteriores á finalización do curso.</li> </ul>
MED-PIAT314. Formación práctica	Experiencia no ámbito laboral ou deportivo
Exención total. Exención parcial.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Duración: superior a 300 horas.</li> <li>Actividade desenvolvida: experiencia relacionada coa competencia xeral do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas.</li> <li>Período de tempo durante o cal desenvolveu a actividade: dous anos anteriores á finalización do curso.</li> </ul>

A exención parcial do módulo de formación práctica concederáse para aqueles resultados de aprendizaxe do módulo que sexan concordantes coa experiencia laboral ou deportiva acreditada.



A exención total do módulo de formación práctica poderase conceder cando exista unha completa concordancia da experiencia laboral ou deportiva acreditada coa totalidade dos resultados de aprendizaxe do correspondente módulo.

A Federación Española de Piragüismo emitirá a correspondente certificación da experiencia deportiva en que conste a actividade desenvolvida e o período de tempo en que se realizou a actividade.

A experiencia laboral acreditarase mediante a certificación da empresa onde adquirise a dita experiencia en que conste especificamente a duración do contrato, a actividade desenvolvida e o período de tempo en que se realizou a actividade. No caso de traballadores ou traballadoras por conta propia, exixirase a certificación de alta no censo de obrigados ou obrigadas tributarios/as cunha antigüidade mínima dun ano, así como unha declaración da persoa interesada das actividades máis representativas.

#### ANEXO XI

### Correspondencia formativa dos módulos de ensino deportivo coa experiencia docente

Módulos de ensino deportivo. Ciclo de grao super	Experiencia docente
MED-PIAB301. Planificación do alto rendemento. MED-PIAB302. Perfeccionamento técnico en sláalom. MED-PIAB303. Preparación física en seco e en auga en sláalom de alto nivel. MED-PIAB304. Coordinación e xestión. MED-PIAB305. Deseño de material e innovación. MED-PIAB306. Proxecto final. MED-PIAT308 Planificación do alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT309 Análise da técnica de padexo en augas tranquilas. MED-PIAT310 Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT311 Competicións de alto nivel en augas tranquilas. MED-PIAT312 Escola de piragüismo de augas tranquilas. MED-PIAT313 Proxecto final.	Experiencia como profesor/a en materias relacionadas co correspondente módulo de ensino deportivo acreditable, realizada de acordo co establecido na disposición transitoria primeira do RD 1913/1997, do 19 de decembro, e na disposición transitoria primeira do RD 1363/2007, do 24 de outubro.  A experiencia deberá ser de, polo menos, o triplo das horas establecidas neste decreto, que establece a carga lectiva para o módulo de ensino deportivo obxecto da correspondencia formativa.

A experiencia docente acreditarase mediante certificado expedido pola Comunidade Autónoma que autorizou as ditas formacións en que conste a actividade desenvolvida e o período de tempo durante o cal se realizou.



**ANEXO XII**  
**Formación a distancia**

Módulos bloque común	Grao superior
	MED-C301 Factores fisiolóxicos do alto rendemento. MED-C302 Factores psicosociais do alto rendemento. MED-C303 Formación de formadores/as deportivos/as. MED-C304 Organización e xestión aplicada ao alto rendemento deportivo.
Módulos bloque específico	MED-PIAB301 Planificación do alto rendemento MED-PIAB302 Perfeccionamento técnico en sláalom MED-PIAB303 Preparación física en seco e en auga en sláalom de alto nivel MED-PIAB304 Coordinación e xestión MED-PIAB305 Deseño de material e innovación MED-PIAB306 Proxecto final MED-PIAT308 Planificación do alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT309 Análise da técnica de padexo en augas tranquilas. MED-PIAT310 Adestramento de alto rendemento en augas tranquilas. MED-PIAT311 Competicións de alto nivel en augas tranquilas. MED-PIAT312 Escola de piragüismo de augas tranquilas. MED-PIAT313 Proxecto final.

